ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DOS DIFERENTES PROGRAMAS DE GASTO

IV. ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DOS DIFERENTES PROGRAMAS DE GASTO

Neste apartado analízanse en formato informe, por seccións orzamentarias, os obxectivos e actuacións que os distintos programas orzamentarios xestionados polas consellerías fixaron para o orzamento 2026, centrándonos naquelas accións que poden ter relación directa ou indirecta coa consecución do obxectivo de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Tamén se fará unha análise das actuacións máis destacadas, dende o punto de vista da igualdade de xénero, que se desenvolverán cos créditos consignados en cada programa de gasto durante o ano 2026.

IV.1. PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

En xeral, as competencias da Presidencia da Xunta de Galicia teñen un marcado carácter institucional no desenvolvemento da súa acción política e administrativa de cara a garantir que a actividade singular da mesma se preste en condicións eficientes, asegurando a coordinación e a execución dos compromisos cos distintos axentes cos que se establecen relacións de interacción.

Forman parte da Presidencia da Xunta de Galicia, a Asesoría Xurídica Xeral; a Axencia de Turismo de Galicia; o Diario Oficial de Galicia; e o secretariado do Goberno, coa finalidade de instrumentar as funcións de coordinación da planificación interdepartamental.

Algúns dos programas de gasto da Presidencia non identifican obxectivos ou impacto en materia de xénero por dedicarse a financiar a propia actividade da persoa titular da mesma no que se refire ás súas relacións institucionais e protocolarias e/ou ao funcionamento normal e diario das unidades administrativas adscritas. Os ditos programas non serán obxecto de análise.

PROGRAMA 121B-ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Dentro deste programa de gasto desenvólvense todas as actuacións encamiñadas a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da administración da Comunidade Autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa.

É de valoración positiva que, no ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a asesoría xurídica se propón velar pola aplicación da Lei de impulso demográfico en canto ao establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da Comunidade Autónoma. Con iso, contribúese tamén ao cumprimento do sinalado neste aspecto (contratación administrativa) no VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 da Xunta de Galicia.

Tamén se indica na memoria que a Asesoría Xurídica continuará executando a personación da Xunta de Galicia nos casos de asasinato por violencia de xénero nos que se conte coa autorización da familia da vítima.

Así mesmo, a Lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

Como obxectivos específicos na materia identifícanse a incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento e a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

Visto o anterior, valórase positivamente este programa de gasto.

PROGRAMA 461A-COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL

Este programa orzamentario está enfocado á promoción dos valores e a imaxe de Galicia, o apoio a proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios e a divulgación da acción institucional da Xunta.

A finalidade deste programa é potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación social.

A Secretaría Xeral de Medios, encargada da xestión deste programa de gasto, ten en conta e incorpora a perspectiva de xénero nunha dobre vertente.

Por un lado, as campañas de comunicación contribúen á igualdade de xénero, fomentando unha imaxe equilibrada e non estereotipada de homes e mulleres, tendo un especial coidado no uso dunha linguaxe non sexista Ademais, realízanse campañas de comunicación que promoven especialmente a aplicación das políticas de igualdade e visibilizan a perspectiva de xénero.

Por outra banda, os procedementos de contratación incorporan nos pregos de cláusulas administrativas particulares o criterio de adxudicación e de desempate para aqueles licitadores que teñan implantado un Plan de Igualdade nas súas empresas, así como para aqueles que obtivesen a Marca galega de excelencia en igualdade.

Tamén se incluíu nas cláusulas, como criterio de adxudicación, a implantación de medidas de conciliación familiar e laboral, como a flexibilidade temporal (racionalización de horarios) ou espacial (teletraballo).

As campañas de publicidade e comunicación institucional xa incorporan a perspectiva de xénero, polo que poden ser consideradas como actuacións óptimas para reforzar a concienciación social en materia de igualdade e para a erradicación da violencia de xénero.

Tanto a creatividade como a planificación das campañas son fundamentais para mellorar o impacto na poboación das mensaxes sobre a perspectiva de xénero. Neste senso, acadar as mellores ideas creativas e unha óptima planificación da campaña son os mecanismos que permitirán incrementar o coñecemento das mensaxes sobre xénero entre a poboación galega.

Visto o anterior, valórase positivamente este programa de gasto.

PROGRAMA 461B-RADIODIFUSIÓN E TVG

Coa consignación orzamentaria deste programa preténdese prestar cobertura orzamentaria aos servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia no marco da sociedade dixital e que configuran o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma.

A través deste programa dótase de medios económicos complementarios á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, e equilibrar os custos nos que incorre como consecuencia da especial carga de servizo público da programación de contidos de medios dixitais, radio e televisión, así como facilitarlle os instrumentos para impulsar a transformación dixital asociada á plataforma de servizos de comunicación audiovisual e os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

A memoria clasifica ao programa de gasto, desde o punto de vista da igualdade como "programa non especificamente orientado á igualdade aínda que con impacto diferenciado en homes e mulleres". Non obstante, os medios de comunicación teñen unha importancia fundamental á hora de transmitir ideas e imaxes á sociedade, e resulta fundamental integrar de xeito efectivo a perspectiva de xénero en todas as accións que se desenvolvan.

Coas actuacións integradas no programa de gasto preténdense acadar obxectivos como a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade; a igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo; a promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información ou a promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. recolle a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da súa política corporativa e de recursos humanos.

O regulador interno sobre o cumprimento das estratexias de Igualdade na CRTVG é o propio Consello de Administración que conta cunha Comisión de Igualdade que vela pola observancia da normativa neste eido nos medios de comunicación dependentes da CRTVG.

A CRTVG está representada no Observatorio Galego da Violencia de Xénero. No seo deste observatorio creouse unha comisión asesora de publicidade non sexista, onde a CRTVG ten un papel destacado, que ten como misión velar pola ausencia de sexismo nas mensaxes publicitarias e pola incorporación de accións positivas que contribúan a erradicar todo tipo de discriminación por razón do sexo.

Tamén é destacable que A Corporación RTVG trata de potenciar a visibilidade e audibilidade das mulleres dentro da súa programación, empregando unha linguaxe e imaxes non sexistas, especialmente no ámbito da publicidade, prestando atención informativa e dando cobertura a actividades como o Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero ou o Día Internacional da Muller. Inclúese o número de teléfono de información ás mulleres nos programas, reportaxes e espazos relacionados co ámbito da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero: o 016.

Por outro lado, desde o punto de vista laboral, a finais de 2018 constituíuse a Comisión Negociadora do Plan de Igualdade entre a entidade e a parte social, cuxo ámbito de actuación está circunscrito á elaboración e aprobación do Plan de Igualdade esixido pola lexislación sectorial aplicable.

Atendendo ao total do persoal que presta os seus servizos na CRTVG, son mulleres cerca do corenta por cento do total, resultando que non existe fenda salarial entre os sexos, segundo a memoria. Así mesmo, no que respecta á conciliación laboral, a CRTVG implementa distintas medidas, a través do convenio colectivo de aplicación ou outras normas de aplicación, para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para os empregados e empregadas.

A Corporación recibiu en outubro de 2024 a acreditación que a recoñece como Empresa Igual en Xénero, mención que recibe por sexto ano consecutivo. Trátase dun indicador dos informes publicados por ARDÁN, o servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e que se publica anualmente. A entidade emisora salientou que a CRTVG se atopa entre o "4% das máis de 40.000 empresas analizadas en Galicia" que consegue superar os exixentes criterios para obter estes recoñecementos. Este indicador recoñece as empresas "que presentan altos valores de

igualdade desde unha perspectiva de xénero no eido laboral medida en tres dimensións: igualdade de funcións, igualdade de retribucións e igualdade por actuacións".

Todas as actuacións previstas no programa de gasto parecen ter un impacto positivo de xénero.

PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

Este programa refírese ás actuacións do Instituto Galego de Estatística e das consellerías incluídas nos programas estatísticos anuais, que desenvolven o Plan Galego de Estatística 2022-2026.

O obxectivo do plan é desenvolver e consolidar a estatística galega e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que contribúa ao coñecemento e á análise da realidade, ao tempo que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e da cidadanía, axeitándose aos criterios de economía e uso das fontes existentes, minimizando as molestias aos cidadáns e garantindo o segredo estatístico.

O artigo 27 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, regula a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística do sector público galego.

A Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026, recolle que as estatísticas programadas deberán ter en conta a perspectiva de xénero, polo que as incluídas no PEA anual que se aprobe que prevexan datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo.

Na memoria, sinálase no apartado "finalidade e estratexia do programa" que será obriga da organización estatística a consideración da perspectiva de xénero. O programa clasifícase como programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc).

Segundo a Lei 6/2024,do 27 de decembro, de estatística de Galicia e a Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026, as estatísticas programadas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas no Programa estatístico 2026 que prevexan datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo.

Na actualidade contémplanse as seguintes actividades directamente relacionadas coa perspectiva de xénero: Elaboración e difusión de "indicadores de xénero"; "A realidade da muller galega" e "estatística de violencia de xénero".

Este programa participa no desenvolvemento do VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 onde o IGE participa nas seguintes liñas de actuación:

- Liña de acción 3.3.1 Impulso da investigación e outras actuacións para o incremento da información e a transferencia de coñecemento en materia de conciliación corresponsable, usos do tempo e economía dos coidados.

- Liña 8.2.1 Promoción de estudos e outras actuacións para a mellora do coñecemento e da recollida de información estatística sobre as distintas formas de violencia contra as mulleres (violencia sexual, violencias dixitais, violencia vicaria etc.)

Valórase como positivo este programa, tendo en conta que para unha correcta avaliación das políticas públicas é imprescindible contar con estadísticas con indicadores de xénero, polo que o desenvolvemento deste programa é de especial importancia.

PROGRAMA 761A-POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO

A Axencia de Turismo de Galicia ten como obxectivo desenvolver todo o potencial turístico da Comunidade Autónoma destacando como destino multiexperiencial único e diferenciado a nivel nacional e internacional, a través da implantación dunha oferta singular, segmentada e desestacionalizadora, que pon en valor a riqueza do noso territorio ao redor dunha marca, Galicia Calidade.

Unha labor de planificación, ordenación e fomento do turismo que se desenvolve, un ano máis, en diálogo e colaboración con todos os axentes da cadea de valor para facilitar a competitividade e a sustentabilidade do sector a medio e longo prazo.

Un dos fitos máis importantes ata o ano 2030 é sen dúbida a celebración do Ano Santo Xacobeo 2027, que suporá un impulso importante ao sector turístico galego.

Neste ano 2026 haberá unha aposta clara pola preparación do Xacobeo 2027, polo que o Camiño de Santiago centrará parte dos esforzos de Turismo de Galicia con diferentes medidas de promoción e actuacións que permitan poñelo en valor como mellor embaixador da marca Galicia nos ámbitos nacionais e internacionais.

A presenza das mulleres segue a ser importante no sector turístico, que en 2024 ocupaba un total de persoas empregadas de 125.599, atopándose a meirande parte delas na rama de servizo de comidas e bebidas.

Así pois, e tendo en conta a sección da hostalería segundo a CNAE, que recolle as ramas servizos de aloxamento e servizo de comidas e bebidas, e representa o 60,6% do total de ocupados no sector do turismo en Galicia, o grupo máis numeroso é o das mulleres. Das 76.095 persoas ocupadas na hostalería en Galicia, o 63,1 % son mulleres e o

36,9% homes, o que indica un sector feminizado. Con todo, a actividade máis feminizada é o de servizos de aloxamento cun 64%.

Unha das eivas para poder analizar con perspectiva de xénero a situación do turismo, é que mais alá de datos xenéricos desagregados por sexo a nivel de emprego no sector turístico, a información dispoñible por subramas dentro do sector ou do emprego por conta propia é case nula; así como a información sobre o sexo das persoas titulares de empresas turísticas. Respecto das persoas visitantes a serie histórica é practicamente equivalente.

Entre os obxectivos pendentes está o de conseguir condicións de equidade nos salarios e nos cargos nun sector onde as mulleres ocupan unha porcentaxe mínima en cargos de responsabilidade ou dirección, e perciben unha porcentaxe de salario inferior aos homes empregados. Segundo os datos da segunda edición do Informe mundial sobre as mulleres no turismo (OMT), de novembro de 2021, as mulleres gañan un 14,7% menos que os seus homólogos varóns no sector turístico.

Coas accións concretas deste programa preténdese contribuír aos seguintes obxectivos: incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento; información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes; transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade; igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo; fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres; promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información; promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade e promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

Por outra banda, no que ao aspecto formativo se refire, no 2026 continuarase a fomentar a igualdade entre mulleres e homes no desenvolvemento, tanto das informacións turísticas como das campañas, programas e demais iniciativas que se poñen en marcha desde a Axencia de Turismo de Galicia, como da actividade no Centro Superior de Hostalería de Galicia, instando ao persoal docente a poñer especial coidado na formación en igualdade e na maneira na que se dirixen ao seu alumnado. Tamén nos cursos específicos de formación para o sector seguiranse incluíndo módulos nos que se incida nos aspectos que permitan incrementar as posibilidades de traballo para as mulleres, así como a progresiva ruptura da segregación de xénero do mercado laboral impulsando que mulleres ocupen postos no ámbito da dirección ou da responsabilidade.

Tamén se valora de maneira positiva que se prevexa a inclusión de cláusulas nos convenios de colaboración que se asinen coas entidades sectoriais, conducentes á transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes no sector turístico.

Igualmente, nas ordes de axudas destinadas a empresas turísticas, procurarase a valoración na concesión das subvencións da aplicación de políticas de igualdade de oportunidades aos traballadores e traballadoras das empresas do sector e estableceranse medidas para facilitar o acceso ás liñas de axudas das PEMES como instrumento máis adecuado para dar acceso ás mulleres ao sector turístico.

O programa 761A tamén inclúe accións enfocadas á desestacionalidade do turismo que tamén contribúen a incrementar as posibilidades de participación na oferta turística de axentes económicos locais dos que resultan maioritariamente beneficiadas as mulleres.

Porase, por último, especial atención na utilización de imaxes e linguaxe non sexista na promoción turística e campañas publicitarias.

Visto o anterior, valórase positivamente este programa de gasto.

Conclusións:

En xeral, nos programas de gasto analizados, intégrase de maneira correcta e transversal a perspectiva de xénero.

É de destacar que no VIII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027, se prevén varias liñas que afectan directamente a programas de gasto previstos na Presidencia. Así, de cara á consolidación de modelos favorables á igualdade establécese, entre outras liñas, o reforzo das boas prácticas e impulso da implicación dos medios de comunicación na transmisión de contidos que promovan a igualdade entre mulleres e homes.

Así mesmo, na execución dos programas de gasto, deberanse ter en conta determinados mandatos legais e recomendación relacionados coa transversalidade, fundamentalmente, no eido da contratación pública e subvencións. A lei de impulso demográfico de Galicia insta a utilizar, como criterios de adxudicación (non de desempate) na contratación pública criterios cualitativos, vinculados ao obxecto do contrato, referidos a políticas empresariais en materia de igualdade. Por outro lado, no citado VIII Plan Estratéxico sinálase que: "A aplicación do enfoque de xénero ao conxunto da xestión pública debe realizarse dun xeito máis sistemático e intenso. A incorporación de cláusulas favorecedoras da igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e nas subvencións está, sen dúbida, cada vez máis estendida no sector público autonómico, aínda que precisa dunha aplicación máis contundente, por exemplo, mediante criterios de puntuación automática, non só aplicables aos casos nos que se produce un empate entre as ofertas." Sinalar finalmente que a Lei 7/2023 establece no artigo 84 que os órganos de contratación valorarán, ao configuraren os seus contratos, a inclusión nos pregos de criterios de adxudicación que permitan valorar a calidade das características sociais do contrato referidas ás medidas concretas que se apliquen na súa execución para conseguir a igualdade entre homes e mulleres, así como para fomentar a contratación feminina.

IV.2. CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes configúrase como un órgano de apoio e asistencia á Presidencia e ao departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden a elaboración, a proposta e a execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea, deportes e mobilidade.

PROGRAMA 111E-RELACIÓNS EXTERIORES

Os principais obxectivos da acción exterior de Galicia son o apoio á cidadanía galega no exterior e a consolidación da imaxe de Galicia fóra das nosas fronteiras, en especial nos principais mercados, co fin de apoiar a internacionalización da economía galega e das empresas galegas. .

Para acadar os obxectivos de proxección exterior, desde a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE desenvólvense, entre outras, as seguintes actividades: defender e impulsar os intereses de Galicia no ámbito da Unión Europea, e aplicar esta actuación a outras áreas xeográficas nas que Galicia poida estar interesada, reforzar o seguimento dos asuntos de actualidade na UE tras a renovación da Comisión europea e do Comité das Rexións, prestando atención ás axendas de traballo e prioridades que marcarán as presidencias de Chipre e Irlanda durante o ano 2026, consolidar a participación de Galicia nos órganos europeos de participación territorial, prioritariamente no Comité das Rexións, para dar a coñecer e defender os intereses galegos no tramado de toma de decisións comunitario e apoiar a representación de Galicia nos órganos comunitarios abertos á participación autonómica, en especial nos comités de Comitoloxía e no Consello da UE, onde Galicia ostentará a representación autonómica en materia de Educación e Cultura durante o segundo semestre de 2026 e participar nos mecanismos de diálogo existentes entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas nos asuntos europeos, como son os órganos da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE), impulsar a cooperación con rexións da Unión Europea e con rexións doutras áreas xeográficas a través de estruturas de participación bilateral e multilateral. Neste ámbito é necesario destacar a especial cooperación coa Rexión Norte de Portugal, especialmente no marco da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, e as actuacións dentro da Macrorrexión "RESOE" que, xunto con Galicia, inclúe a Castela e León, Asturias e Cantabria, e as Rexións Norte e Centro de Portugal.

Polo que respecta á igualdade, na memoria, este programa de gasto, está clasificado como un programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc) e como programa destinado exclusivamente a actividades administrativas.

A pesar de que non se prevén medidas en materia de igualdade de xénero, a propia memoria recoñece como obxectivos de aplicación a este programa de gasto a transmisión

dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade; a igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo; e a promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

Así mesmo, unha das prioridades de actuación recollidas no VIII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 é o fortalecemento das estruturas de xestión e coordinación en materia de igualdade, cuxa liña de acción 9.4.3 é o "Impulso da participación da Administración galega en espazos de cooperación estatal e internacional e na articulación de redes institucionais para o intercambio e transferencia de experiencias e boas prácticas no ámbito da igualdade de xénero", que debería ser tido en conta na execución deste programa de gasto.

Por outro lado, a cooperación transfronteiriza é clave para a cohesión social e ten gran importancia como elemento dinamizador da Axenda 2030, que ten como un dos seus ODS a igualdade de xénero.

Á vista do anterior, o desenvolvemento deste programa deberá ser obxecto de informe de impacto de xénero naqueles puntos que corresponda.

PROGRAMA 121A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL

Este programa de gasto, asignado á Secretaría Xeral Técnica, atende as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos que, por non ter orzamento singularizado para o desenvolvemento da totalidade das súas funcións, precisan do apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral Técnica.

Dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse no apoio e na coordinación das actividades do resto dos órganos que a integran nos seguintes eidos:

a) Na elaboración de estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estruturación, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión.

b) No seguimento dos expedientes de contratación, dos convenios e protocolos de colaboración, así como dos expedientes de subvencións.

c) Nas obras e proxectos.

d) E no seguimento e control dos expedientes de subvencións.

O programa clasifícase como "programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres e como programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión" e identifica

varios obxectivos na materia: incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento e información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

Como actividades directamente relacionadas coa igualdade, valórase de maneira positiva que se inclúan na contratación pública, entre outros, criterios de adxudicación referidos ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade, seguindo o previsto pola Lei de impulso demográfico de Galicia.

PROGRAMA 121C- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Este programa de gasto está configurado para atender o exercicio das funcións que ten asignadas a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

Este programa cualifícase como "programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres e destinado exclusivamente a actividades administrativas", recoñécense unha serie de obxectivos en materia de igualdade: incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento, transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade e a promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.).

A DX de Relacións Institucionais e Parlamentarias asegúrase de que os proxectos lexislativos que van ao Parlamento o fagan acompañados do correspondente informe de impacto de xénero e garante que nos ámbitos das relacións parlamentarias e institucionais estea presenta a perspectiva de xénero.

PROGRAMA 123A - ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN

Este programa está orientado a contribuír a financiar os gastos de alimentación do colectivo de persoas traballadoras da Xunta de Galicia, a través da entrega de bonos comedor.

A pesar de que o programa se clasifica na memoria como programa de gasto destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión, indica como obxectivo a promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade. Isto é así, e valórase de maneira positiva, xa que a posibilidade de utilizar o comedor favorece a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Por outro lado, faltan datos estatísticos desagregados por sexo das persoas destinatarias dos bonos, polo que nese aspecto, non se pode facer valoración.

PROGRAMA 131A- ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

O obxectivo deste programa é continuar co proceso de modernización da Administración de xustiza, tanto dende o punto de vista dos seus medios materiais como da optimización dos seus recursos humanos.

Clasifícase como programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Os obxectivos aos que se pensa contribuír son: incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento; información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes; transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

Coa sinatura dos Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Política Social e Igualdade e os consellos galegos da avogacía e procuradoría, para o desenvolvemento de accións de formación especializada a profesionais da avogacía e procuradoría sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero no marco do pacto de estado contra a violencia de xénero, continúase coa liña de formación e especialización das persoas profesionais nesta materia.

Por outro lado, indícase na memoria que, na contratación pública, se teñen en conta as prohibicións de contratar previstas pola Lei de Contratos, relativas á igualdade. Por outra parte, nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen as licitacións establécense condicións especiais de execución dos contratos e consideracións de tipo social que perseguen eliminar as desigualdades entre mulleres e homes no mercado laboral (artigos 201 e 202 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público).

Valóranse de forma positiva as medidas sinaladas e recórdase o indicado na lei de impulso demográfico de Galicia (art. 57) e o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027, segundo os cales, parece mais oportuno establecer criterios de adxudicación relacionados coa igualdade que condicións especiais de execución.

PROGRAMA 141A-ADMINISTRACIÓN LOCAL

Este programa no marco de execución das súas competencias, persegue como obxectivos prioritarios os seguintes:

- A optimización e a mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía.

- O apoio ás policías locais.

- O impulso do asociacionismo entre concellos.

- As actuacións de modernización e adaptación do réxime xurídico local.

Por outra banda o obxectivo do programa é contribuír á mellora da xestión administrativa local en si mesma, mediante a incorporación de novas tecnoloxías, fomento da formación do persoal, apoio á cobertura de postos de habilitación nacional por persoal interino.

O programa cualifícase como non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Polo que se refire á dotación de equipamentos e infraestruturas, analizado dende o punto de vista da perspectiva de xénero hai que considerar que, a pesar da súa aparente neutralidade e do suposto carácter universal, as necesidades de mulleres e homes en canto a equipamentos públicos non son iguais, derivadas da situación que se recolle en numerosos estudos e estatísticas de que as mulleres utilizan máis o espazo público para tarefas de xestión doméstica e de coidado das persoas que dependen delas (maiores ou menores) e de que seguen a existir diferenzas en canto á mobilidade.

Por este motivo, a programación das infraestruturas e dos equipamentos públicos debe realizarse tendo en conta que mulleres e homes teñen diferentes, oportunidades e necesidades. Dende o punto de vista do xénero será diferente o impacto que pode ter o financiamento para a construción dunha escola infantil ou dun centro de atención a persoas maiores, que a construción dun campo de fútbol. Así, polas características dos investimentos que se financian (parques, camiños, alumeado público, obras e equipamentos para a protección do ambiente e do medio natural e para o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais), hai que considerar que este programa de gasto vai ter un impacto positivo dende o punto de vista do xénero.

Polo que se refire ao fomento da e-Administración para facilitar a relación entre as entidades locais e a cidadanía, hai que considerar a existencia dunha fenda dixital de xénero que afecta non só ao acceso aos ordenadores e a internet, senón tamén á intensidade xa que as mulleres son usuarias menos intensivas, conectándose con menos frecuencia e durante menos tempo.

En canto ao número de mulleres e homes que potencialmente poden beneficiarse do programa de gasto, debemos considerar ao total da poboación galega, xa que desde este programa de gasto se desenvolven actuacións dirixidas á Administración local galega co fin de promover a realización de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos. A diversidade de servizos que se pretende dotar ou mellorar, dentro dun amplo catálogo que vai desde as infraestruturas de uso público ata a realización de obras, equipamentos e subministracións para a prestación dos servizos públicos relacionados no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, permite identificar como poboación potencialmente beneficiaria por igual á poboación masculina como á feminina.

Os obxectivos que ao que se pretende contribuír son: incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento, igualdade no acceso ao emprego, formación e promoción profesional, incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes e accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social.

Valórase de maneira positiva ademais que, para acadar os obxectivos anteriores, a memoria sinala medidas concretas para a incorporación da perspectiva de xénero e a identificación dos indicadores de seguimento.

PROGRAMA 212A-PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Este programa de gasto desenvólvese a través de 3 centros directivos: a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a Academia Galega de Seguridade Pública e a Axencia Galega de Emerxencias.

Os obxectivos das actividades que se levan a cabo na área de protección civil e emerxencias consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema que garanta a protección da cidadanía fronte as situación de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, e que por extensión poda utilizarse dun xeito efectivo para a xestións das situacións de urxencia ou emerxencia que de xeito cotiá ocorren á poboación da comunidade autónoma.

Na área de seguridade consisten en soportar o funcionamento do sistema de seguridade público galego, desde a aplicación, ordenación e calidade do servizo público para garantir unha prestación máis eficaz e eficiente, tanto na consecución dos resultados desexables como no uso racional e sostible dos recursos públicos dispoñibles.

Dende o punto de vista do xénero, o programa clasifícase como non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Valórase de maneira positiva que este programa pretenda favorecer a incorporación da muller ás forzas e corpos de seguridade e aos servizos de emerxencia e promover as condicións para que, mellorando a súa formación e capacitación, poida ter unha maior participación.

Na Unidade de Policía Adscrita tense creado un grupo específico para desenvolver tarefas en materia de violencia de xénero e protección das vítimas, conformado con persoal especializado, ao que se deu formación na materia, e prácticas reais nas comisarías do CNP e preténdese desenvolver actuacións dirixidas a perfeccionar e mellorar a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero fronte aos seus maltratadores, favorecendo a presentación das correspondentes denuncias e poñendo en marcha o máis amplo abano de actuacións asistenciais e de protección, ao fin de evitar o desamparo.

Ademais, mantense un protocolo de colaboración coa Xefatura Superior de Policía de Galicia, para a colaboración e coordinación do persoal de ambos corpos dedicados a estas tarefas, de xeito que se acaden mellores cotas de eficacia e cooperación.

Preténdese mellorar a capacitación a través de cursos de especialización e actividades formativas organizadas pola AGASP, incluíndo nos cursos de formación policial obrigatorios (novo ingreso e promoción) e nos cursos básicos en materia de protección civil módulos sobre a igualdade entre homes e mulleres.

Dende a AGASP outorgáselle prioridade ás mulleres para o acceso á formación, así como establecese prioridade no suposto de empate nos procesos selectivos de policía local e auxiliar de policía local, ademais de fomentar a formación en materia de Violencia de xénero (VIOXEN).

Vaise realizar un esforzo en materia de formación co obxecto de aumentar os cursos específicos en materia de xénero, en especial os dirixidos ás forzas e corpos de seguridade.

Estas actuacións van dirixidas a perfeccionar e mellorar as actuacións na protección das mulleres vítimas fronte aos seus maltratadores, favorecendo a presentación das correspondentes denuncias e poñendo en marcha o máis amplo abano de actuacións asistenciais e de protección, ao fin de evitar o desamparo.

Polo que se refire ás actividades que se desenvolven no Centro de atención de emerxencias 112 Galicia, indicar que das 110 persoas contempladas no contrato de xestión operativa e soporte tecnolóxico do número de emerxencias 112, 92 son mulleres o que representa que o 83% do total de persoas que traballan no Centro de Atención de Emerxencias son mulleres.

Dende a AXEGA e o CIAE-112 tamén se vai colaborar a través das redes sociais na información e formación a través de campañas para loitar contra a violencia machista en grandes eventos, para xerar espazos seguros para as mulleres.

A AXEGA vai manter a súa participación en diversos proxectos que teñen como finalidade incentivar as políticas activas de apoio á muller: Plan Dike (programa para a inserción laboral das vítimas de violencia doméstica), Proxecto Perla (entre Administración Pública, empresas e asociacións sen ánimo de lucro que unen esforzos para potenciar a igualdade de oportunidades e a conciliación) e outros de similares características.

PROGRAMA 324B-MELLORA DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

As actuacións recollidas no programa están dirixidas a dar cumprimento á normativa de prevención de riscos laborais referida ao persoal empregado público da Administración Xeral da Comunidade Autónoma que non desenvolvan o seu posto de traballo nun centro educativo ou sanitario.

Na loita pola igualdade de xénero, o ámbito laboral xoga un papel determinante e polo tanto tamén as actuacións en materia de seguridade e saúde laboral.

Está demostrado que a adopción dun enfoque neutro coas cuestións de xénero non contribúe a mellorar a eficacia da prevención e pola contra, ten, entre outros, os seguintes efectos negativos:

- Oculta ou ignora as diferenzas de xénero

- Presta menos atención a algúns ámbitos de investigación máis relacionados coas mulleres.

- Subestima a magnitude dos riscos que poden afectar ás mulleres de forma diferencial.

No apartado da memoria relativo a este programa de gasto, indícase que se trata dun programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres e que, polo tanto, aínda que a súa finalidade é vixiar o cumprimento das condicións de seguridade e saúde laboral do persoal empregado público, debe terse en conta a perspectiva de xénero á hora de realizar as súas actividades.

Deste xeito, os estudos de seguridade e saúde laboral nalgunha das súas conclusións son específicos para colectivos femininos, tales como: embarazadas, parto recente, nais en lactación natural ou a vixilancia da saúde de xeito diferenciado por razón de sexo.

Coa aprobación da Lei de Racionalización do sector público, Galicia dotouse por primeira vez dunha norma legal que establece que os poderes adxudicadores da administración autonómica deben ter en conta criterios sociais na elaboración dos seus pregos de contratación. Volvendo a incidir neste eido, na Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

Tendo en conta o ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o Goberno galego, a través da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, blindou o establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da Comunidade Autónoma. Ademais, esta Lei, habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou da paternidade.

Finalmente, cómpre sinalar que a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social abarca a investigación de calquera denuncia de incumprimento da lexislación en materia laboral, seguridade e saúde laboral, incluso por quen non estea afectado directamente pola suposta infracción, ademais de desenvolver un Plan Anual para velar polo cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras galegas que se consensúa cos interlocutores sociais.

Polo que respecta aos recoñecementos médicos, durante o ano 2024, os datos son os seguintes:

- Recoñecementos médicos a homes: 3.153

- Recoñecementos médicos a mulleres: 5.734

- Recoñecementos xinecolóxicos: 4.957

PROGRAMA 331A-COOPERACIÓN EXTERIOR E PARA O DESENVOLVEMENTO

Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a Xunta de Galicia contribúe ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles para a conservación do planeta.

Para iso cóntase co V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026, o cal, toma como referencia a Axenda 2030 de Desenvolvemento sostible, que ten entre os seus principios fundamentais o de Non Deixar a Ninguén Atrás e garantir os Dereitos Humanos para todas as persoas. Destacar que, o Non Deixar a Ninguén Atrás, non só supón chegar aos países con maiores índices de pobreza, senón que tamén implica combater a discriminación e as crecentes desigualdades dentro e entre os países e as súas causas fundamentais. Este plan director tamén inclúe a equidade de xénero como unha das súas prioridades transversais.

Este programa cualifícase como programa mixto con actividades que teñen por finalidade a igualdade, así moitos dos proxectos que se desenvolven e se financian no ámbito da cooperación ao desenvolvemento están encamiñados a mellorar a situación de mulleres en termos de redución da pobreza e da violencia de xénero, o seu acceso e permanencia no sistema educativo, garantir o seus dereitos sexuais e reprodutivo, mellorar a súa situación económica e laboral e a súa participación social e política. Merece valoración positiva

PROGRAMA 441A- PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA

Entre os obxectivos prioritarios deste programa de gasto están a explotación das funcionalidades do deporte, a xeneralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá da cidadanía; a mellora e dotación de novas infraestruturas; o apoio aos axentes deportivos na promoción e crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte

Dende o punto de vista da igualdade, é destacable e positivo que os datos que achega a memoria sinalando distintos indicadores que amosan unha positiva evolución no

ámbito do deporte feminino: máis licenzas femininas (o ano 2024 cerrouse con 84.034, fronte ás 42.480 licenzas do 2009), máis equipos de alto nivel patrocinados (112 femininos e 14 mixtos) ou o número de mulleres deportistas de alto nivel recoñecidas pola Secretaría Xeral para o Deporte (522 mulleres segundo o último recoñecemento).

O programa clasifícase como programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres, programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres e programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc).

É positivo que, en base aos indicadores que manexan, os programas Galicia Saudable, XOGADE, convenios de patrocinio aos clubs de alto nivel, etcétera serven, para crecer en igualdade.

Concretan que a Secretaría Xeral do Deporte e a Fundación Deporte Galego realizan dúas actividades que provocan un importante impacto no deporte desenvolvido polas mulleres:

- Convenios de patrocinio a equipos galegos de alta competicións na tempada 2024-2025 de 234 equipos, 103 eran femininos e 15 mixtos.

- Nas políticas de fomento do deporte de alto nivel e de axuda a deportistas, o último recoñecemento de deportistas galegos de alto nivel recolle un total de 1.273 recoñecementos, dos que 522 son mulleres.

Ademais, no ámbito das subvencións a clubs deportivos, valórase a adhesión das entidades ao Manifesto pola Igualdade e pola Erradicación da Violencia de Xénero no Deporte e os convenios asinados contemplan diferentes actuacións directamente dirixidas á promoción da igualdade.

No 2026 prevese seguir incrementando o número de beneficiarias dos programas esperando seguir obtendo unha positiva evolución do deporte feminino.

Á vista de todo o anterior, o programa ten impacto positivo de xénero.

PROGRAMA 423A-SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA

O obxectivo do programa é prestar o servizo de transporte público gratuíto aos escolares con dereito ao mesmo, no ámbito territorial da comunidade autónoma.

O programa está destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión.

A finalidade deste programa é facilitar a mobilidade das persoas, procurando solucións máis eficientes e sostibles, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte. Neste caso concreto fálase do servizo de transporte público gratuíto a escolares con dereito ao mesmo, no ámbito territorial da comunidade autónoma. Resulta evidente que, cando menos, este tipo de servizos contribúe á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

PROGRAMA 512A- ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE

O programa está orientado a facilitar e mellorar a mobilidade das persoas e mercadorías de maneira sustentable para que Galicia sexa máis accesible, aberta e integrada nos fluxos comerciais e económicos globais.

O programa está destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión.

Na memoria indícase que as medidas que nel se financian están destinadas tanto a cidadanía como ao tecido produtivo de Galicia en xeral, demandante dos servizos que presta o sector do transporte, como en particular as empresas e os traballadores e traballadoras que desenvolven estes servizos.

PROGRAMA 312E- PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES

O obxectivo do programa é a prestación do servizo de transporte adaptado do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP) para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia que teñan recoñecida a imposibilidade de utilización de transporte público colectivo.

O programa cualifícase na memoria como "programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres" e "programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres".

No ámbito das persoas con discapacidade, a maioría da poboación de máis de 65 anos que presenta algunha discapacidade é feminina, cunha porcentaxe do 57,22% fronte ao 42,77% da poboación masculina, de acordo co informe do censo de persoas con discapacidade do ano 2022.

Neste programa encadrase o servizo de apoio á mobilidade para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia.

Para medir a actuación realizada empregaranse indicadores sobre o número de persoas desagregado por sexo que participan no servizo de apoio á mobilidade para persoas

con discapacidade/ou en situación de dependencia. Estímase que serán un 44% serán homes fronte a un 56% que serán mulleres..

As mulleres con discapacidade afrontan desigualdades no acceso e control dos recursos (espazos de participación social e a toma de decisións e a bens e servizos públicos..), no goce dos seus dereitos fundamentais (como os sexuais e reprodutivos) e na súa situación e posición social con respecto á educación, ao emprego, á xustiza, á protección social, ás relacións afectivas. Diferenzas que tamén se poden observar en relación á súa autopercepción e á imaxe que delas ten a sociedade en xeral e mesmo a que presentan os medios de comunicación.

De todo iso derívase unha situación de discriminación, de desigualdade, de desvantaxe que dificultan a consecución de obxectivos de vida considerados como esenciais, porque imprime unha especificidade ás súas necesidades e intereses estratéxicos.

Neste programa utilizaranse indicadores desagregados por sexo, que facilitarán a avaliación do mesmo e a posta en marcha de futuras políticas públicas.

Valórase de xeito positivo que o enfoque de xénero neste programa responda en termos xerais aos principios reitores que se estableceron na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, posto que, o xénero é unha variable que afonda nas desigualdades e que vén supoñendo unha dobre discriminación para as mulleres con discapacidade, e, se se ten en conta o rural, unha tripla discriminación.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes.

E1 - Eixe 1. O reto demográfico

PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada

E04 - Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación

OO14 - Recoñecementos médicos do persoal empregado na Xunta de Galicia

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P427.H	Persoal empregado da Xunta de Galicia con recoñecemento médico (Homes)	3.006,0	Nº
P427.M	Persoal empregado da Xunta de Galicia con recoñecemento médico (Mulleres)	5.656,0	Nº

PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade

E07 - Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación

OO01 - Apostar por medidas de fomento da actividade física con carácter xeral e en toda a poboación (fóra do ámbito educativo).

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P080.H	Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Homes	105.000,0	Nº (media)
P080.M	Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Mulleres	57.500,0	Nº (media)

OO06 - Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P1009H	Número de licenzas federativas. Homes	221.000,0	Nº
P1009M	Número de licenzas federativas. Mulleres	82.000,0	Nº

OO08 - Axuda á docencia deportiva e promoción activa da investigación no deporte a través de axudas á Facultade de Ciencias do Deporte.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P036.H	Alumnado matriculado (Homes)	349,0	Nº (media)
P036.M	Alumnado matriculado (Mulleres)	156,5	Nº (media)

E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a

OO01 - Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P034.H	Alumnado beneficiario do transporte escolar. Homes	1,0	%
P034.M	Alumnado beneficiario do transporte escolar. Mulleres	1,0	%

E5 - Eixe 5. Gobernanza

PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a

E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz,

OO06 - Medidas para a modernización e achegamento á cidadanía da Administración de Xustiza

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P1022H	Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Homes	30.000,0	Nº
P1022M	Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Mulleres	20.000,0	Nº

PA03 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa

E01 - Fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto

OO01 - Accións de cooperación no exterior.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	50.000,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	50.000,0	Nº

OO06 - Programas para o fomento da cooperación e o desenvolvemento.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P394.H	Bolseiros (homes)	1,0	Nº
P394.M	Bolseiros (mulleres)	5,0	Nº
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	524,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	1.213,0	Nº

Conclusións:

Hai que salientar que, en xeral, nas actuacións da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes se integra a perspectiva de xénero de xeito transversal.

Valórase positivamente que se desenvolvan programas para mulleres en situación de especial vulnerabilidade, dende o ámbito da cooperación ao desenvolvemento, focalizando moitos dos proxectos na prevención da violencia de xénero e a violencia sexual e o notable incremento das actividades formativas específicas sobre igualdade e violencia de xénero dirixidas a profesionais do ámbito da xustiza e das forzas e corpos de seguridade. Tamén que, dende o ámbito deportivo, se desenvolvan accións de promoción da igualdade para eliminar calquera tipo de discriminación.

IV.3. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano de administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables consonte ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, nos termos sinalados na Constitución Española, e que exercerá, no nivel de desenvolvemento que se indica no seu decreto de estrutura orgánica, para cada un dos órganos integrantes deste departamento.

PROGRAMA 541A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE

Dende este programa de gasto desenvólvense o funcionamento dos servizos administrativos da consellería.

As actuacións financiadas con este programa de gasto están orientadas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o que redunda en beneficio dos cidadáns demandantes dos servizos prestados por este departamento.

O programa está clasificado como destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión. Non obstante, dende o punto de vista da perspectiva de xénero

sería importante manter e avanzar na consecución dunha administración autonómica máis igualitaria.

No ámbito da Administración da Xunta de Galicia e o seu sector público, as mulleres ostentan 4 de cada 10 altos cargos, como titulares das consellerías, das delegacións territoriais, secretarías e direccións xerais, xerencias e xefaturas de gabinete e prensa. Outras consideracións a ter en conta son, por exemplo, en que medida esta situación de maioría de mulleres na administración é sintomática dunha peor integración da muller no mercado de traballo por conta allea ou autónomo que a incentiva máis a opositar ou en que medida é consecuencia dos problemas de conciliación da vida familiar, que aínda recae maioritariamente nas mulleres. Tamén se debe considerar que, aínda que os procesos selectivos no emprego público están rexidos polos principios de igualdade, mérito e capacidade, continúan a existir desequilibrios na composición de determinados corpos e escalas que poden deberse a razóns socioculturais que manteñen estereotipos de xénero. E no caso da carreira profesional, pode observarse un maior desequilibrio naquelas formas de provisión nas que existe maior nivel de discrecionalidade.

A Administración debe desenvolver un tratamento exemplar en canto á introdución do principio de igualdade entre mulleres e homes na súa xestión de recursos humanos, máxime nunha administración pública estatisticamente feminizada en termos xerais, malia que non a todos os niveis.

PROGRAMA 541B-CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL

O obxectivo deste programa de gasto é contribuír á conservación do patrimonio natural e da biodiversidade dunha forma compatible co desenvolvemento das actividades humanas. Ningunha actividade humana pode prescindir da compoñente ambiental, porque constitúe o medio sobre a que se sustenta.

O programa cualifícase, desde o punto de vista da perspectiva de xénero, como "Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións", (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)

As estratexias de conservación da biodiversidade constitúen unha oportunidade para promover a igualdade e a equidade entre homes e mulleres. As políticas seguidas desde a Dirección Xeral de Patrimonio Natural provocan a introdución de novas actividades ou cambios nas prácticas existentes, podendo tales cambios estar relacionados co uso da terra, agricultura, silvicultura, gandería, zonas pesqueiras e xestión dos recursos hídricos, entre outras actividades, nas que mulleres e homes levan a cabo participacións distintas, tendo acceso desigual a estes recursos e beneficiándose do seu uso de xeito diferente.

No marco das estratexias nacionais e internacionais de conservación e preservación da biodiversidade, calquera iniciativa nesta materia debe garantir que o desenvolvemento e implementación das propostas, contribúan á igualdade, por medio da creación de posibilidades de acceso e beneficios equitativos tanto para as mulleres como para os homes. Isto queda garantido en todas as estratexias e plans nesta materia promovidos desde a consellería.

A conservación e preservación do patrimonio natural e a biodiversidade é, na mesma medida, un asunto social e un problema ambiental e o éxito da conservación sustentable depende principalmente do uso que os diferentes grupos de persoas lle dean aos recursos biolóxicos. Considérase, na memoria, que as mulleres teñen un papel clave na xestión da biodiversidade xa que teñen un papel crucial en campos como o da xestión da agricultura e son as responsables do control, desenvolvemento e transmisión do coñecemento tradicional, moi ligado á conservación da biodiversidade. Dado que as mulleres representan polo menos a metade das persoas que utilizan dalgún xeito os recursos biolóxicos, considérase primordial a súa implicación na conservación e a sustentabilidade destes recursos.

Por iso, a consellería indica na memoria que, no marco das estratexias nacionais e internacionais de conservación e preservación da biodiversidade, promoverase que calquera iniciativa nesta materia garanta que o desenvolvemento e implementación das propostas, contribúan á igualdade, por medio da creación de posibilidades de acceso e beneficios equitativos tanto para as mulleres como para os homes.

Tamén se indica que, para contribuír ao obxectivo "promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade", se vai facer un uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

Considérase positiva a valoración do impacto de xénero nas actuacións deste programa, aínda que non se indican medidas concretas, as cales deberán ser obxecto de informe de impacto de xénero, chegado o momento da súa posta en marcha.

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son: "Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda"., "Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade", "Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)" e "Participación das mulleres no desenvolvemento rural"

Para contribuír co obxectivo "Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade", se vai facer un uso

estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas". O número de contratos que incorporen as citadas cláusulas é de 13 e o importe que se estima destinar a estes contratos é de 893.418,08 €

Por outra banda, a nova Lei do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia ten por obxecto acadar unha protección máis eficaz do noso patrimonio natural e continuará en 2025 coa súa plena implantación.

Cabe destacar que para o ano 2026 continúase coa execución dos proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, é o elemento central de NextGenerationEU, destinado a financiar os plans de recuperación e resiliencia dos Estados membros da Unión Europea.

Resulta primordial a implementación de instrumentos e ferramentas ao servizo da conservación das especies materializando a necesidade de planificar e establecer as medidas axeitadas para garantir a súa conservación, tendo en conta a prioridade das máis ameazadas. Neste sentido, no 2026 seguirase a traballar na elaboración da Estratexia galega das especies de flora e fauna ameazadas concibida co obxectivo primordial que aquelas especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas sometidas a un maior grao de ameaza, poidan contar cunha proposta de instrumento de planificación que incorpore, en cada caso, a mellor información técnica actualizada dispoñible.

Por iso, a consellería indica na memoria que, no marco das estratexias nacionais e internacionais de conservación e preservación da biodiversidade, promoverase que calquera iniciativa nesta materia garanta que o desenvolvemento e implementación das propostas, contribúan á igualdade, por medio da creación de posibilidades de acceso e beneficios equitativos tanto para as mulleres como para os homes.

PROGRAMA 541D-CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS

O principal obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 ao que se contribúe con este programa é a xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. Desenvolvemento efectivo dunha xestión dos residuos baseada na economía circular e situar a Galicia entre as rexións europeas con maior taxa de residuos tratados e reciclados.

O programa cualifícase, desde a perspectiva de xénero, como "Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións" (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc).

A descrición do programa dende a perspectiva de xénero debe tratar os seguintes puntos:

-Situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose)

-Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto

-Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades desagregados por sexo.

No medio ambiente, as mulleres de todo o mundo compren funcións ben definidas: na ordenación da fauna e da flora, das terras áridas, dos humedais e da agricultura, na xestión da auga, etc. pero tamén na vixilancia do medio. Deste xeito aportan o seu tempo, aptitudes e visión persoal no desenvolvemento das comunidades, converténdose nunha fonte invalorable de coñecementos e pericia na xestión do medio ambiente.

Na descrición que fai a memoria do programa, desde a perspectiva de xénero indícase: "Nun estudo do Banco Mundial do ano 2002 chegouse á conclusión de que a igualdade de xénero é fundamental para a economía dos países e de que o desenvolvemento sostible non é posible sen equidade. Estes dous elementos, igualdade e equidade, son en consecuencia elementos esenciais e condicións indispensables para a conservación do medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

Segundo se indica, todas as acción planificadas prestan atención ao respecto da igualdade entre mulleres e homes. Non obstante, a posta en práctica debería ser obxecto de novos informes de impacto de xénero sobre as medidas concretas.

En calquera análise que se faga da muller e do medio ambiente debe terse en conta:

• A división do traballo e as responsabilidades baseadas no xénero.

• Os coñecementos, e cando nos referimos a eles non falamos só de nivel de educación senón tamén dos coñecementos tradicionais, de gran arraigo en Galicia e vencellados habitualmente ás mulleres a través do costume.

• O acceso aos recursos e o control destes e

• A posición da muller dentro da familia e na comunidade, que determina en gran medida o control que estas teñen sobre as decisións relacionadas co medio ambiente, como as actividades de conservación e rexeneración do medio ambiente.

Deste xeito na parte deste programa enfocada á xestión de residuos é de vital importancia a participación das mulleres nos cambios progresivos nos hábitos de consumo e nos procesos de reutilización e reciclaxe de todo tipo de residuos, na posta en marcha dos proxectos de compostaxe e máis concretamente nos de autocompostaxe. Pero a dita participación non pode ser entendida como unha función exclusiva das mulleres, senón

que as mulleres son o elemento clave e propulsor da sensibilización, formación e concienciación de todos aqueles que no seu entorno, por descoñecemento ou por abandono non colaboran na promoción dun uso máis eficaz dos recursos nunha economía circular.

O obxectivo en materia de igualdade que é de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa é a: "Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento"

Todas as accións planificadas prestan atención ao respecto da igualdade entre mulleres e homes, polo que a previsión é que efectivamente redunden nesta liña.

Nos contratos que se tramitan con cargo ao programa inclúese como cláusula de desempate a obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade nos contratos tramitados con cargo ao orzamento de 2024, de conformidade co disposto nos artigos 72 e seguintes do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016).

Así mesmo tamén se inclúe como condición especial de execución, o respecto ao principio de igualdade de remuneración por razón de sexo previsto no artigo 28 do Estatuto dos Traballadores (Texto Refundido aprobado polo RDL 2/2015, do 23 de outubro), de xeito que a igualdade de funcións e responsabilidade se corresponda co salario efectivamente percibido.

Neste ámbito, en cumprimento do establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos contratos nos que se empregan unha pluralidade de criterios de adxudicación inclúese un deles referido ás políticas empresariais en materia de conciliación, vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade. Este criterio é valorado nos expedientes desta Dirección Xeral, como mínimo, co 10% da puntuación máxima que se lle atribúe ás ofertas.

PROGRAMA 541E-COÑECEMENTO DO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE

Este programa de gasto, xestionado por dous órganos diferentes: Instituto de Estudos do Territorio (IET) e Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.

Por unha banda, a través do IET o obxectivo do programa consiste na protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia, no estudo e análise do territorio e na elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais, así como na promoción da cultura da sustentabilidade territorial, fomentando a sensibilidade da cidadanía sobre o medio ambiente, o territorio e a paisaxe.

Por outra banda dende a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático a este programa asígnanselle os recursos destinados a impulsar políticas ambientais en materia de cambio climático, de planificación do entorno natural, información e educación ambiental, así como a aplicación da divulgación da avaliación ambiental para promover o desenvolvemento sostible.

Os obxectivos do programa consisten en:

◘ A ordenación do litoral, que constitúe unha prioridade estratéxica para garantir un uso equilibrado e sustentable do litoral de Galicia.

• Promover a cultura da sostibilidade a través, entre outros, de programas de educación para a sostibilidade en centros educativos e programas vinculados á ordenación do territorio no ámbito da sostibilidade.

• O coñecemento do medio, cuns niveis óptimos de investigación, observación e información ambiental, a través de accións para a observación e a predición ambiental, atendendo especialmente aos sistemas ecolóxicos galegos.

O programa clasifícase, desde a perspectiva de xénero, como "Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións" ((programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc).

En todos os servizos que contrata o Instituto de Estudos do Territorio, nos pregos de cláusulas administrativas particulares establécese que, no caso de empate (igualdade na valoración das proposicións) terá preferencia na adxudicación a empresa que acredite a certificación da implantación dun plan de igualdade. De continuar o empate, a adxudicación efectuarase ao licitador que acredite a obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade de conformidade co disposto no artigo 84.1.b da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia e se aínda continuara o empate, a preferencia na adxudicación será da empresa que establecese a favor dos seus traballadores e traballadoras medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, de acordo co establecido no artigo 29.4 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Igualmente, de conformidade co previsto no artigo 57 da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, estanse a ter en conta as medidas de promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico, incluíndo como criterios para a adxudicación do contrato, un referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato, entendendo por tales, entre outras, as que incorporen medidas de flexibilidade espacial, tales como o teletraballo, ou de flexibilidade na organización do tempo

de traballo, melloras dos permisos legalmente establecidos ou beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares.

- Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose).

As actividades do programa non dirixidas especificamente ás persoas polo que non procede diferenciar a situación de mulleres e homes en relación cos ámbitos de intervención do programa.

- Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito.

Calquera política a facer no eido do cambio climático debe partir dun recoñecemento claro da igualdade de xénero e iso por:

- As mulleres son os piares da sociedade e determinan xeralmente a capacidade das comunidades de adaptarse ou recuperarse dunha catástrofe.

- As mulleres teñen coñecementos inestimables para actuar como líderes na transición a unha economía baixa en carbono e implementar maneiras innovadoras de adaptarse a un ambiente inestable.

- Tal e como recolle a Resolución do Parlamento Europeo, de 11 de setembro de 2012, sobre o papel das mulleres na economía verde (2012/2035 (INI)), "as políticas de medio ambiente teñen un impacto directo sobre a saúde e a situación das persoas, e que a desigualdade de xénero, combinada cunha falta de sensibilidade cara ás diferenzas na situación e as necesidades económicas e sociais das mulleres, fai que elas adoiten sufrir de maneira desproporcionada a degradación ambiental". Ademais, "nalgúns Estados membros o papel da muller na economía ecolóxica está infravalorado e non está recoñecido, dando orixe a numerosas discriminacións en termos de falta de beneficios, como a protección social, o seguro sanitario, os salarios adecuados e o dereito á pensión".

Deste xeito na parte deste Programa enfocada ao cambio climático debe terse claro que a igualdade de xénero é un compoñente principal do desenvolvemento sostible e que a participación activa tanto de homes coma de mulleres nos procesos de decisión, planificación e implementación resulta clave nas actividades de adaptación e mitigación.

- Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto

As actividades do programa benefician á toda a sociedade, polo que no procede diferenciar entre número de homes e mulleres beneficiarias /os do programa de gasto.

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son a: "Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento", "Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes", "Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade", "Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda", "Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade" e "Participación das mulleres no desenvolvemento rural"

Todas as accións planificadas prestan especial atención ao respecto da igualdade entre mulleres e homes polo que a previsión é que efectivamente redunden nesta liña.

Nos contratos que se tramitan con cargo ao programa inclúese como cláusula de desempate a obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade nos contratos tramitados con cargo ao orzamento, de conformidade co disposto nos artigos 72 e seguintes do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016).

Así mesmo tamén se inclúe como condición especial de execución, o respecto ao principio de igualdade de remuneración por razón de sexo previsto no artigo 28 do Estatuto dos Traballadores (Texto Refundido aprobado polo RDL 2/2015, do 23 de outubro), de xeito que a igualdade de funcións e responsabilidade se corresponda co salario efectivamente percibido.

Tal e como se recolle na memoria deste programa, calquera política a facer no eido do cambio climático debe partir dun recoñecemento claro da igualdade de xénero, dado que tal e como recolle a Resolución do Parlamento Europeo, de 11 de setembro de 2012, sobre o papel das mulleres na economía verde (2012/2035 (INI), "as políticas de medio ambiente teñen un impacto directo sobre a saúde e a situación das persoas, e que a desigualdade de xénero, combinada cunha falta de sensibilidade cara ás diferenzas na situación e as necesidades económicas e sociais das mulleres, fai que elas adoiten sufrir de maneira desproporcionada a degradación ambiental". Ademais, "nalgúns Estados membros o papel da muller na economía ecolóxica está infravalorado e non está recoñecido, dando orixe a numerosas discriminacións en termos de falta de beneficios, como a protección social, o seguro sanitario, os salarios adecuados e o dereito á pensión".

Deste xeito nas actuacións deste programa de gasto enfocadas ao cambio climático debe terse claro que a igualdade de xénero é un compoñente principal do desenvolvemento sostible e que a participación activa tanto de homes como de mulleres nos procesos de decisión, planificación e implementación resulta clave nas actividades de adaptación e mitigación.

Na memoria indícase que en todas as accións planificadas se presta especial atención ao respecto da igualdade entre mulleres e homes e sobre a redución da fenda de xénero. Non obstante, a posta en práctica debería ser obxecto de novos informes de impacto de xénero sobre as medidas concretas.

Neste ámbito, en cumprimento do establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos contratos nos que se empregan unha pluralidade de criterios de adxudicación inclúese un deles referido ás políticas empresariais en materia de conciliación, vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade. Este criterio é valorado nos expedientes desta Dirección Xeral, como mínimo, co 10% da puntuación máxima que se lle atribúe ás ofertas.

Conclusións:

A incorporación da muller na formulación, planificación e execución de políticas ambientais segue a ser lenta.

Por iso, aínda recoñecendo que existe marxe para a mellora, cómpre valorar de xeito positivo a consideración xeneralizada da perspectiva de xénero e a valorización do papel das mulleres nun ámbito que, a priori, pode parecer desvinculado da temática da igualdade de xénero, recoñecendo que as mulleres teñen unha función fundamental que desempeñar na preservación dos recursos naturais e na promoción do desenvolvemento sostible, xa que desempeñan un papel clave na adopción de modalidades de produción e consumo sostibles e ecoloxicamente racionais.

Este ano, como novidade, hai que ter en conta que tivo lugar o traspasado da ordenación do litoral, por Real Decreto 394/2025, de 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral. Esta xestión implica autorizar e vixiar os usos e as actividades desenvoltas no dominio público marítimo terrestre e nas zonas de servidume deste espazo, que permitirá a integración da perspectiva de xénero nesta xestión, de xeito que se facilite a promoción do emprego e do emprendemento femenino neste ámbito.

É preciso manter a alusión ao VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 da Xunta de Galicia, e as liñas de actuación que afectan directamente ás políticas ambientais, de vivenda e urbanismo e outras que afectan a todos os eidos das políticas públicas que hai que ter en conta. Así:

- A prioridade de actuación 7.4 "Reforzar a perspectiva de xénero nas políticas medioambientais, de mobilidade e de xestión no territorio" está integrada polas liñas de acción 7.4.1 "desenvolvemento de programas ambientais con perspectiva de xénero e de posta en valor do papel das mulleres na xestión e conservación da biodiversidade "

(...)

Ademais, o enfoque de xénero é transversal a outros ámbitos, como o ambiental, de maneira que se seguirán fomentando os programas medioambientais nos que se poña en valor o papel das mulleres na conservación do medio e na xestión dos recursos autóctonos"

- Por outro lado, no seu punto 7.9 (Ámbito Instrumental. Transversalización da perspectiva de xénero na actividade da Xunta de Galicia) di que "A aplicación do enfoque de xénero ao conxunto da xestión pública debe realizarse dun xeito máis sistemático e intenso. A incorporación de cláusulas favorecedoras da igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e nas subvencións está, sen dúbida, cada vez máis estendida no sector público autonómico, aínda que precisa dunha aplicación máis contundente, por exemplo, mediante criterios de puntuación automática, non só aplicables aos casos nos que se produce un empate entre as ofertas. Ademais, cómpre realizar un seguimento da aplicación destas cláusulas polo conxunto da Administración xeral e o seu sector público, así como impulsar procedementos de control e seguimento do cumprimento real dos criterios favorecedores da igualdade por parte das empresas adxudicatarias (implantación efectiva de plans de igualdade e programas de conciliación, garantía da igualdade salarial etc.)."

Para facer efectiva esta cuestión recóllese como prioridade de actuación a de "Incorporación de cláusulas relacionadas coa igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e subvencionable do sector público autonómico e seguimento da súa aplicación, así como do cumprimento efectivo dos criterios de igualdade por parte das empresas adxudicatarias." É dicir, non basta con meras condicións especiais de execución do que xa é imperativo legal, senón que hai que ir un paso mais alá. Estas cláusulas, referidas a todo tipo de contratación e subvención, deberían ser, na medida do posible, por exemplo, criterios de puntuación automática.

Recoméndase, por último ter en conta que a publicación ao longo do próximo ano dos decretos que regularán o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galicia e os Estatutos das mulleres do rural e do sector marítimo pesqueiro, que poden afectar a perspectiva de xénero no medio ambiente.

IV.4. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACION PROFESIONAL

Segundo o Decreto 138/2024, do 20 de maio, son competencias e funcións da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a coordinación do sistema universitario, o fomento e a vertebración das políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación e coordinación de estratexias e programas de I+D+i para a transferencia do coñecemento;

as funcións do Museo Pedagóxico de Galicia, e as funcións do Consello Galego de Formación Profesional, e dos demais consellos e axencias previstas no 2.3 do Decreto 138/2024.

A transversalidade da igualdade de xénero aparece recollida no articulado deste decreto do seguinte xeito:

Artigo 2. Toda a estrutura respectara que na composición dos órganos colexiados adscritos sexa atendido o principio de presenza equilibrada de homes e mulleres.

Artigo 4. Á Secretaría xeral é a competente de velar polo cumprimento da lexislación de igualdade no traballo entre homes e mulleres.

Artigo 5. Á Vicesecretaría Xeral ten a función de Impulsar a aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes con carácter transversal nas funcións atribuídas á Secretaría Xeral Técnica.

Artigo 8. Á Secretaría Xeral de Universidades ten competencias e funcións tanto para contribuír ao fortalecemento da cohesión social e ao principio de igualdade de acceso ao ensino universitario mediante accións de apoio ao estudantado; como para promover accións para impulsar a aplicación transversal do principio de igualdade por razón de xénero no ámbito universitario.

Artigo 11. Á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa lle corresponde o impulso de programas e accións vinculados a promover a educación inclusiva, a mellora da atención á diversidade e de promoción da igualdade entre homes e mulleres no ámbito do ensino non universitario.

Artigo 12. Á Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa correspóndenlle a función de coordinación e impulso das accións dirixidas a reservar, no eido educativo a igualdade entre homes e mulleres e a igualdade de trato e non discriminación das persoas LGBTI. E ao seu servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia a promoción e desenvolvemento dos programas e accións que potencien a igualdade entre homes e mulleres nos centros educativos.

Artigo 16 ao Servizo de Orientación e Innovación Profesional lle corresponde o fomento da inserción laboral do alumnado que asiste actividades de formación profesional,así como promoción da equidade e a accesibilidade universal, e a igualdade de xénero e non discriminación, favorecendo a empregabilidade.

Artigo 20. Ao Servizo de Análise de Datos de Persoal Docente lle corresponde a función de desenvolver os protocolos axeitados en materia de protección de datos nas aplicacións xestoras de persoal docente, relativos a procesos de baixas laborais, de incapacidade temporal, saúde, violencia de xénero, antecedentes penais por delitos sexuais ou infraccións administrativas.

Disposición adicional segunda. No exercicio das funcións de estrutura, integrarase de xeito activo a dimensión de igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes.

Os programas con impacto de xénero son os que seguen.

PROGRAMA 421A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN

A través do presente programa de gasto, a Secretaría Xeral Técnica levará a cabo as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e centros administrativos dependentes da consellería na área de educación.

Este programa de gasto asume unha variedade ampla de gastos, desde asumir a vixilancia e saúde do persoal non docente nos centros educativos, á reparación de edificios e gastos correntes, e polo que fai á igualdade "á coordinación das estratexias e programas respecto das políticas públicas para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes". A consellería informa que é un programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión.

Á vista do anterior, recoméndase ter en conta as especificades que en materia de educación incorpora a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Destacando a necesidade de transversalizar o principio de igualdade dentro da educación, co fin de desenvolver apropiadamente o artigo artigo 20 da lei, que centra a modificación dos patróns socioculturais de conduta de mulleres e homes, e a eliminación dos prexuízos de xénero e as prácticas consuetudinarias e de calquera outra índole, así como a superación das ideas de inferioridade ou superioridade de calquera dos sexos ou en funcións estereotipadas de homes e mulleres no feito de que a educación "inclúa unha comprensión adecuada da maternidade como función social e o recoñecemento da responsabilidade común de homes e mulleres canto á educación dos fillos e fillas"

PROGRAMA 422A-EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación infantil e primaria, que representan máis do 54% do alumnado non universitario.

Entre as necesidades que se atenden con este programa, figura a educación en, entre outras cousas, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

O programa está clasificado como programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

A Consellería indica que as actuacións destinadas a construcións de novos centros e adaptación dos xa existentes, permiten mellor atención ás necesidades de conciliación e, polo tanto, contribúen á promoción da igualdade de oportunidades.

Os obxectivos en materia de igualdade que cubre este programa son:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

. Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade.

. Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

. Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social.

A memoria apoiase nas cifras (69% do colectivo de docentes son mulleres e 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios) para afirmar que este programa, ademais do sinalado ata agora, contribúe ao fomento do emprego das mulleres e eliminación da fenda salarial. Non obstante, tamén se recoñece que non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

En canto a contribución dos orzamentos da consellería a mellorar o emprego feminino, hai que ter en conta que o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros. A existencia de distintas figuras no eido laboral como as comisións de servizo por conciliación familiar, os intercambios provisionais etc., repercuten na promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilita a conciliación e a corresponsabilidade.

Por outro lado, o programa ten previsto que para a contratación derivada do mesmo teña preferencia a adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación. A Consellería indica que máis do 30% das empresas manifestaron dispor de medidas para fomento da igualdade como criterio de desempate, conforme a esas medidas.

Visto o anterior, o programa recoñece favorecer a promoción da igualdade a través de medidas de conciliación, promoción do emprego das mulleres e redución da fenda de xénero, ademais de, valorar, na contratación pública, a aquelas empresas que conten con plans de igualdade. Valórase de maneira positiva o programa, recordando que é preciso ter presente en todo momento o mandato xeral de integración transversal da igualdade de oportunidades nas políticas educativas tal como as recolle a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

PROGRAMA 422C. ENSINANZAS UNIVERSITARIAS

Correspóndese co PGFU 2022-2026 que está estruturado en dous grandes fondos: o financiamento non condicionado e o financiamento da investigación.

O programa está clasificado como mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Desde a perspectiva de xénero, a memoria sinala que a presenza feminina nas aulas universitarias galegas alcanza cotas lixeiramente superiores á dos homes, un 56,32% no curso 2024-2025. Tamén sinala que no ano 2023 un 63,70% dos/as beneficiarios/as das bolsas para o alumnado universitario da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional foron mulleres (datos da SXU), o que reflicte un pequeno aumento da porcentaxe respecto ao ano 2022.

Dentro do programa os obxectivos en materia de igualdade son:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade

. Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo

. Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres

. Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

. Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

A consellería indica que entre as actividades previstas directamente relacionadas coa igualdade de xénero hai que ter en conta que as tres universidades públicas manteñen na

súa estrutura orgánica unha unidade específica en materia de igualdade de xénero. Esta medida considérase moi positiva.

Non obstante todo o anterior, non se sinala, salvo o indicado no parágrafo anterior, ningunha medida concreta para a promoción da igualdade, e que hoxe están previstas nos artigos 49 (como acción da administración autonómica); no 50 (como deberes para universidades e centros de investigación); e no, artigo 51 (para a avaliación dos méritos na investigación) da Lei 7/2023 .

PROGRAMA 422D-EDUCACIÓN ESPECIAL

Este programa destínase a atender, en base aos principios de normalización e inclusión, as escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais, en canto ao funcionamento diario dos centros e as súas infraestruturas, de xeito que poidan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

O programa está clasificado como mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

A memoria sinala, por un lado, que as actuacións de mellora nos centros educativos redundan na conciliación da vida familiar a laboral e, por outro lado, que a atención específica, individual e personalizada ao alumnado con necesidades educativas especiais posibilita a consecución dun obxectivo fundamental na loita pola igualdade entre mulleres e homes como é evitar a dobre discriminación que sofren as mulleres discapacitadas e que está sobradamente constatada a todos os niveis. A función educativa posibilita a súa maior autonomía, apoderamento, liberdade e autoxestión para evitar o impacto da discriminación por razón de sexo e por razón de discapacidade.

O programa tamén se destina á capacitación profesional, con programas formativos de FP Básica que, adaptados ás necesidades do alumnado, permiten a este acadar competencias profesionais e a súa incorporación ao mundo laboral. Esta capacitación é vital no caso das mulleres, dado que contribúe a dotalas de maior grao de autonomía e inclusión social e laboral no súa vida adulta.

Entre os obxectivos do programa están desde o punto de vista da igualdade a:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

. Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

. Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres.

. Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

. Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade.

. Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

. Participación das mulleres no desenvolvemento rural.

.Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social.

As obras e a adaptación de centros, así como a adquisición de material crean emprego e provocan impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estimándose que será reducida a brecha de xénero ao incorporar como criterio de contratación a implantación de plans de igualdade.

Por último, a memoria sinala que a implantación dunha nova estratexia na adquisición de material para centros de educación especial mellora a actual transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade, pero non explica como, polo que non se pode valorar.

Cómpre destacar a aplicación neste programa da protección das mulleres discapacitadas fronte a discriminacións múltiples tal como recolle o artigo 74 e concordantes da Lei 7/2023.

PROGRAMA 422E-ENSINANZAS ARTÍSTICAS

O programa destínase a atender o funcionamento diario dos centros públicos de ensinanzas artísticas, idiomas e deportivas de titularidade da consellería e as súas infraestruturas; conservatorios de música e danza; as escolas de arte e superiores de deseño; a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais; a Escolar Superior de Arte Dramática; as escolas oficiais de idiomas; os centros educativos dependentes que imparten ensinanzas deportivas.

O programa está clasificado como mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

A consellería detecta neste programa selección da formación estereotipada e que na danza, moda e nalgunhas especialidades de música, case a totalidade de aspirantes son mulleres. Neste sentido, a memoria sinala que "Dende o punto de vista de acceso a estas ensinanzas , non resulta aconsellable establecer novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, xa que para o acceso ás ensinanzas artísticas, en todos os seus niveis e ámbitos, é imprescindible superar unha proba na que as persoas aspirantes amosen as súas capacidades e coñecementos para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Os datos de matrícula confirman que o maior número de persoas que superan as probas e acceden a estas ensinanzas son mulleres". Non obstante, recoméndase adoptar as medidas pertinentes para erradicar prácticas consuetudinarias que revelan estereotipos sexistas.

Tamén se indica que polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica nestas ensinanzas, se aplican todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

Os obxectivos identificados en materia de igualdade son:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

. Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade

. Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

A consellería indica que "Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros." Tamén considera que favorece á igualdade de xénero que a inversión no funcionamento dos centros que imparten ensinanzas de música non regradas ao permitir unha " canteira e talento cara ao acceso a estudos regrados de música"

PROGRAMA 422G-ENSINANZAS ESPECIAIS

Con este programa de gasto son atendidas as obrigas relacionadas co funcionamento das escolas oficiais de idiomas. Na comunidade hai actualmente unha rede de 11 escolas, das que dependen 30 seccións situadas en IES.

O programa clasifícase como "Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres".

Na descrición desde a perspectiva de xénero sinálase que "Estas ensinanzas van dirixidas a persoas adultas e a asignación de prazas realízase por sorteo; polo que non se precisa da aplicación de criterios compensatorios por cuestións de xénero", e que en todo caso, polo que respecta ao desenvolvemento da actividade, se aplican todos os criterios para evitar linguaxe sexista e estereotipos de xénero.

Entre os obxectivos do programa están desde o punto de vista da igualdade a:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

. Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

. Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

. Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

A consellería indica que "Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración." Neste sentido cómpre recordar que é preciso ter presente en todo momento o mandato xeral de integración transversal da igualdade de oportunidades nas políticas educativas tal como as recolle a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

PROGRAMA 422I-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO

No marco deste programa de gasto desenvólvense as actividades de formación permanente do profesorado, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

A finalidade que trata de atender o programa é actualizar a formación do profesorado para adecuar os seus coñecementos e métodos de ensino á evolución da ciencia e da didáctica, á utilización das TIC, ás linguas estranxeiras e a todos os aspectos que incidan na calidade do ensino. Como estratexia establece a actividade de formación específica para a acreditación da igualdade.

O programa está clasificado como programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres e mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

A formación permanente do profesorado baséase no principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, permitindo o acceso a todo o colectivo docente a unha formación permanente de calidade e buscando a capacitación profesional para o traballo co alumnado para que acaden as competencias e coñecementos imprescindibles para o seu pleno desenvolvemento na sociedade do coñecemento.

O programa fomenta as políticas de igualdade "na medida en que exerce a función de transmisión de valores e modelos de comportamento para o alumando". O programa tamén dá resposta aos compromisos establecidos no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da comunidade Autónoma de Galicia. Ademais " As accións contempladas no I Plan de Igualdade no ámbito educativo terán acomodo dentro da dotación orzamentaria prevista neste programa de gasto.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade, as medidas previstas para realizar son as seguintes:

Formación do profesorado en estratexias para o fomento de actitudes e valores entre o alumnado que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación e onde:

O profesorado con licenza para atención á familia ten prioridade na asistencia a actividades formativas.

As actividades impartidas na fin de semana dispoñen de servizo de atención á infancia).

Inclusión da corresponsabilidade e da conciliación como principios de igualdade na formación inicial do novo persoal funcionario docente.

Impulso das Escolas de Nais e Pais, (ENAPAS), como instrumento de acción coeducativa e de concienciación sobre o necesario reparto equilibrado das tarefas doméstico familiares entre mulleres e homes e a importancia dun uso axeitado dos tempos."

"A perspectiva de xénero implántase de xeito transversal na formación do profesorado. A medida na que se está a traballar é o aumento da oferta de cursos en liña e mixtos que favorezan, así como durante o horario lectivo, que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar, particularmente nas áreas nas que as mulleres están subrepresentadas, como pode ser a do profesorado de FP.

Así mesmo, na formación interna da propia Rede de Formación do Profesorado, estase a facer fincapé no deseño de actividades formativas que integren unha linguaxe inclusiva e coeducada.

Finalmente débese mencionar que nas actividades de gran formato realizadas na fin de semana contarase cun servizo de ludoteca de 3 a 12 anos baixo demanda para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e a corresponsabilidade dos e das docentes."

O programa identifica os seguintes obxectivos en materia de igualdade:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

. Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

. Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

. Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade.

. Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero.

De interese é a ampla oferta de actividades encamiñadas a formar en materia de igualdade de acordo co previsto no Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén é positivo e significativo que as actividades formativas se poidan realizar de maneira telemática, contribuíndo a facilitar a conciliación.

Ademais da oferta da consellería os centros que opten por un plan formativo en igualdade, poderán contar co apoio e asesoramento dos Servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa a través da Asesoría de Igualdade.

Tamén se indica que se está a facer fincapé no deseño de actividades formativas que integren unha linguaxe inclusiva e coeducada e que nas actividades realizadas na fin de semana se contará con servizo de ludoteca .

Á vista do anterior, o programa parece positivo e recoméndase ter valorar a inclusión, na oferta formativa, de materias relacionadas coa diversidade sexual e de xénero.

PROGRAMA 422M-ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e educación de persoas adultas que representan o 46% do alumnado non universitario.

A consellería realizará obras de construción de novos centros nas localidades con aumento da poboación en idade de escolarización obrigatoria, así como ampliación, reforma , reparacións e melloras nos centros existentes, co fin de ofertar e adaptar as ensinanzas de educación secundaria , bacharelato e FP ás diversas necesidades curriculares, educativas (demanda de prazas, desdobramentos de grupos, oferta de materias optativas, programas de reforzo, etc.), tendo como obxectivo a organización, deste alumnado, de acordo cos principios de educación común e de atención a diversidade.

Así mesmo, as permanentes e dinámicas transformacións económicas e tecnolóxicas operadas na sociedade, inciden na modificación das cualificacións profesionais co que xorde a necesidade de proporcionar a sociedade unha cualificación e recualificación necesaria para dar resposta as modificacións. Tentando atender as necesidades de cualificación inmediata e emerxente do sistema produtivo.

Por outra banda, darase continuidade o Plan conecta de colaboración público-privada, que xunto coa posta en marcha do Foro da FP dual servirán punto de encontro e diálogo de todos os axentes que participan na formación profesional: centros educativos, empresas, entidades, administracións. Co obxectivo de seguir afianzando unha oferta formativa adaptada ás necesidades reais do tecido produtivo e favorecendo a adecuación dos espazos dos centros de formación profesional aos novos parámetros tecnolóxicos.

O programa está clasificado como mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

A presenza da muller nos estudos de formación profesional de tipo técnico é minoritaria, non obstante existen determinados eidos de competencia nos que as mulleres son unha gran maioría. Isto débese na meirande parte dos casos á existencia de prexuízos, "etiquetas" e dinámicas socioeconómicas que levan a distinguir entre estudos e profesións "de homes" e profesións "para mulleres".

Nos currículos de formación profesional tense un importante instrumento para conseguir que nos coñecementos que adquire o alumnado que curse os ciclos formativos se integre o enfoque de xénero. En concreto, no módulo de formación e orientación laboral, existente en todos os ciclos formativos, dentro da unidade formativa 1: prevención de riscos laborais, inclúese o criterio de avaliación "valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores" ; e dentro da unidade formativa 2: equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura do emprego, establécese o seguinte criterio de avaliación "valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres".

Por outra banda o ciclo superior de promoción da igualdade de xénero impártese nos centros educativos CIFP Ánxel Casal - Monte Alto en A Coruña, CIFP Leixa de Ferrol, CIFP Compostela en Santiago de Compostela e CIFP A Xunqueira en Pontevedra.

No decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establécese que na admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior, en caso de e empate, e por mor de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionarase en virtude do sexo menos representativo na área profesional en que se demande a praza de formación.

O Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende e os seus programas e liñas de actuación, facilitan o acceso ao emprego e á promoción profesional en igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

Nos currículos das diferentes ensinanzas de formación profesional básica inclúense contidos transversais que fomentan o desenvolvemento dos valores de igualdade efectiva entre homes e mulleres, o coñecemento da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición o circunstancia persoal ou social.

Entre os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación ao programa están identificados os seguintes:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

. Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

. Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres.

. Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

. Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade.

. Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

. Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social.

Neste programa de gastos recoméndase que se sigan a adoptar as novas accións positivas que en materia de FP e de promoción da igualdade prevé a Lei 7/2023, como o establecemento dos criterios de desempate para a contratación de empresas, que estean centrados nas medidas empresarias de fomento da igualdade.

PROGRAMA 423A. SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA

Con cargo a este programa orzamentario desenvólvense, entre outras, as accións encamiñadas á compensación das desigualdades na educación e o acceso á mesma en igualdade de condicións. Financia, por exemplo, a xestión do servizo de comedor e transporte escolar e acompañante levada a cabo pola consellería nos centros docentes públicos, as axudas destinadas ao cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos Concellos e as ANPAS, as actuacións encamiñadas ao fomento da lectura e apoio ás bibliotecas escolares, as actuacións derivadas do Plan de potenciación das linguas estranxeiras e as axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario.

O programa está clasificado como mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Na descrición do programa desde o punto de vista da perspectiva de xénero, na memoria indícase, entre outras cousas, que os estudos de avaliación inclúen desagregacións por xénero. Tamén se sinala a inclusión de materiais sobre a boa xestión dos tempos, corresponsabilidade e conciliación nas maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero ou a creación dun espazo propio sobre a importancia de coeducar en corresponsabilidade nos foros de debate e discusión interdisciplinarios constituídos para garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade. Impulso dos recursos

dixitais como medios de comunicación entre o profesorado e as familias; Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social. Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

Os obxectivos do programa en materia de igualdade son:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

. Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

. Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

. Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade.

. Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc).

Neste programa reitérase a apreciación sobre accións positivas xa comentada de que dado que case o 52% do alumnado son nenos, non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino; e determinando que os orzamentos axudan a mellorar o emprego femenino. Polo que se volve recordar cal é a finalidade e sentido das accións positivas e as necesidades de eliminar estereotipos profesionais.

En todo caso, as accións de formación en igualdade xa empezan a dar froito e a consellería indica que "Aínda que en PISA tradicionalmente os alumnos alcanzaban unha puntuación media máis alta que as alumnas nas competencias científica e matemática, do último informe PISA extráese que as alumnas acadan de media mellores resultados que os alumnos aínda que as diferenzas non son significativas, agás no caso da competencia lectora, que neste caso a diferenza si é significativa." e valora facer enfoques científicos experimentais que afonden na orixe destas diferenzas a nas vías para a súa compensación, o que permitirá a medio prazo establecer accións positivas innovadoras para acadar a igualdade na formación científica do alumnado.

As convocatorias de premios extraordinarios están a ser equilibradas entre ambos xéneros.

Á vista do anterior, o programa valórase de maneira positiva, tendo en conta o sinalado ata o momento, recomendándose compartir os datos numéricos e ou estatísticos que é posible obter no eido educativo, de acordo co previsto na normativa de igualdade e de educación vixentes.

PROGRAMA 423B-PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR

A formación é un factor esencial para asentar un modelo de crecemento económico baseado no coñecemento que asegure un desenvolvemento sostible e unha maior cohesión social. O abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

O abandono escolar temperá obedece a causas moi diversas e por iso a súa prevención e redución esixe que as administracións educativas actúen en moi diversos frontes. Con este obxectivo, a consellería prevé unha serie de medidas e recomendacións dirixidas a previr e reducir o abandono temperá na comunidade autónoma.

O programa está clasificado como mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Desde a perspectiva de xénero a descrición que se fai dor programa céntrase en que os alumnos teñen máis dificultades que as alumnas para prosperar no sistema educativo, suspenden máis, repiten curso máis e abandonan antes o sistema educativo.

Entre os obxectivos do programa están, desde o punto de vista da igualdade, a:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade

. Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

. Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

. Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade.

Neste programa reitérase a apreciación das accións positivas xa comentada de que dado que case o 52% do alumnado son nenos, non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino; e determinando que os orzamentos axudan a mellorar o emprego femenino. Polo que se volve recordar cal é a finalidade e sentido das accións positivas e as necesidades de eliminar estereotipos profesionais.

Dado que todos os puntos de igualdade que precisan recomendación xa foron tratados procede remitirse ás consideracións xa feitas.

PROGRAMA 561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN

O obxecto do programa é atender a un conxunto de prioridades que se agrupan en tres grandes retos para o 2026:

- Reto 1. Modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación.
- Reto 2. Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento.
- Reto 3. Modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación.

Á hora de concretar como abordar os tres retos, acordouse enfocar cada un deles, desde tres aspectos transversais comúns. Estes aspectos constitúen as prioridades da RIS3 e a través delas canalízanse os recursos e esforzos dirixidos a cada reto.

- a sostibilidade como eixo diferenciador
- a dixitalización como elemento facilitador
- o enfoque cara ás persoas, na procura, desenvolvemento e testeo de novas solucións de innovación en resposta aos desafíos da sociedade galega.

Aínda que este programa de gasto non está orientado especificamente á consecución da igualdade, si ten unha serie de actuacións que poden contribuír a eliminar a desigualdade entre homes e mulleres no ámbito da ciencia. Para iso, a Axencia Galega de Innovación en todas as actuacións que ten previsto desenvolver tratará de analizar as posibles fendas de xénero e as súas causas, tentando establecer medidas correctivas.

Así mesmo, cabe destacar a participación da Axencia, xunto con outros órganos, no Plan de Ciencia e Muller, fundamentalmente a través de premios que visualicen o papel da muller na ciencia, así como a participación en outras iniciativas como por exemplo o "Día internacional das rapazas nas TIC", orientada a motivar as novas xeracións de mozas para que consideren o ámbito das TIC para o seu desenvolvemento académico, investigador e profesional.

Entre os obxectivos do programa están, desde o punto de vista da igualdade, a:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade

. Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

. Fomento, directa e indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres.

. Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

. Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade.

Valórase positivamente, en primeiro lugar, que se indique na memoria que, aínda que a maioría das actuacións que está previsto desenvolver están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, a análise da situación debe facer énfase nas persoas físicas que se atopan detrás. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

En segundo lugar resulta positivo, que, nas distintas actuacións e liñas de axuda a desenvolver pola Axencia Galega de Innovación, se valore a incorporación de mulleres nos equipos de investigación como un aspecto importante dentro da repercusión socio-económica dos proxectos financiados por esta Axencia, incluíndo a perspectiva de xénero entre os indicadores de calidade na produción de coñecemento e de resultados de I+D+I. Sendo de relevancia a inclusión de mulleres como investigadoras principais e/ou en tarefas de coordinación.

E que para favorecer un cambio na orientación das actividades científicas, tecnolóxicas e de innovación que realicen as empresas que inclúa as perspectivas, experiencias e necesidades das mulleres, dende a Axencia estase a promover a implantación, nas empresas con actividade de I+D+I, dunha estratexia empresarial que fomente a contratación de mulleres científicas e tecnólogas e que fomente a adopción de boas prácticas en materia de igualdade de xénero.

PROGRAMA 561B-INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

Este programa de gasto integra os orzamentos destinados ao desenvolvemento das accións de apoio e reforzo da investigación universitaria, a través dunha adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación e a mellora da súa calidade.

Isto implica a introdución duns enfoques adecuados por parte das universidades e a administración que faciliten, por unha parte, a formación e incorporación de persoas investigadoras de talento, e por outra, a creación de un entorno académico que facilite a interacción e o intercambio de coñecemento.

O programa está clasificado como mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Na memoria sinálase que, segundo os datos do SIIU (Sistema Integrado de Información Universitaria) do MEFP, no curso 2022/2023 o 43,44% do persoal docente e investigador das universidades galegas son mulleres, pasando no curso 2023/2024 ao 44,12 %, segundo os últimos datos dispoñibles.

Tamén indicar que as convocatorias desde o no ano 2020 ata 2024 solicitáronse e se lles concederon concedeu a ampliación de contrato polo mesmo tempo que a interrupción, a quince persoas cun contrato de formación postdoutoral e a dez persoas contratadas ao amparo das axudas predoutorais (se lle concede a todo o persoal investigador que solicita prórroga de contrato por maternidade, risco de embarazo, lactancia, etc.).

Outras medidas adoptadas son:

En Investigación universitaria incluíuse como causa de flexibilización na acreditación de requisitos (data de obtención de títulos) para o acceso ás axudas a formación predoutoral e postdoutoral o coidado de maiores e nenos a cargo.

Nas convocatorias de axudas de predoutorais e posdoutorais, en caso de empate ten preferencia o sexo feminino.

Entre os obxectivos do programa están desde o punto de vista da igualdade a:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

. Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

. Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

. Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade.

. Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

E02 - Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora das Universidades galegas, Impulsar os centros e Institutos de Investigación e

OO02 - Reforzar os programas de formación de investigadores para equiparalos aos mais excelentes e impulsar medidas de incorporación de

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
DE021H	Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	35,0	Persoas/ano
DE021M	Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	57,0	Persoas/ano
SC06.H	Persoas menores de 25 anos de idade (Homes)	5,0	Nº
SC06.M	Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres)	6,0	Nº

OO03 - Impulsar a excelencia e a internacionalización do Sistema de Investigación universitario.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
DE021H	Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	47,0	Persoas/ano
DE021M	Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	71,0	Persoas/ano

OO06 - Impulsar o desenvolvemento da investigación combinada das diversas disciplinas e das infraestruturas científicas compartidas

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
DE021H	Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	183,0	Persoas/ano
DE021M	Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	227,0	Persoas/ano

PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible

E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofreza máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo

OO10 - Dixitalización no eido da educación: fomento da ensinanza dixital e modelos híbridos; creación de contido dixital; mellora da

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P038.H	Alumnado usuario de libros dixitais (Homes)	31.573,0	Nº
P038.M	Alumnado usuario de libros dixitais (Mulleres)	29.437,0	Nº

E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

E01 - Reforzar o sistema educativo do ensino infantil e de primaria mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P1020H	Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes	24.281,0	Nº
P1020M	Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres	23.229,0	Nº
P1019H	Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	64.293,0	Nº
P1019M	Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	59.749,0	Nº

E02 - Reforzar o sistema educativo en educación secundaria mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P1020H	Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes	17.506,0	Nº
P1020M	Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres	16.307,0	Nº
P1019H	Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	83.364,0	Nº
P1019M	Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	80.347,0	Nº

E03 - Elevar a participación na formación profesional dos graos básico, medio e superior, e cursos de especialización, en particular nas

OO01 - Fomento da FP e definición dunha oferta integrada, inclusiva e adaptada as necesidades dos sectores produtivos e do territorio

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P033.H	Alumnado beneficiario por bolsas. Homes	2.500,0	Nº
P033.M	Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres	2.500,0	Nº
P1019H	Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	107,0	Nº
P1019M	Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	107,0	Nº
P115.H	Alumnado premiado (Homes)	13,0	Nº
P115.M	Alumnado premiado (Mulleres)	13,0	Nº
P126.H	Nº de alumnos participantes (Homes)	16.250,0	Nº
P126.M	Nº de alumnos participantes (Mulleres)	16.250,0	Nº
P231.H	Participantes en ciclos formativos (Homes)	1.154,0	Nº
P231.M	Participantes en ciclos formativos (Mulleres)	654,0	Nº
P281.H	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Homes	903,0	Nº
P281.M	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Mulleres	1.152,0	Nº

OO06 - Impulso ao emprendemento en colaboración co tecido emprendedor de Galicia

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P234.H	Participantes na Rede Galega de Viveiros de Empresas en Centros Educativos (Homes)	10,0	Nº
P234.M	Participantes na Rede Galega de Viveiros de Empresas en Centros Educativos (Mulleres)	10,0	Nº

OO08 - Posta en valor da rede de centros de excelencia, a través do aseguramento da calidade no seu funcionamento e na formación do seu

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P281.H	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Homes	841,0	Nº
P281.M	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Mulleres	1.094,0	Nº

E04 - Racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que de resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P1021H	Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Homes	24.918,0	Nº (media)
P1021M	Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Mulleres	32.125,0	Nº (media)

OO02 - Establecer mecanismos que permitan unha maior comunicación empresa-universidade. Dispoñer de canles para que as empresas

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P1021H	Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Homes	24.918,0	Nº (media)
P1021M	Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Mulleres	32.125,0	Nº (media)
P128.H	Alumnado matriculado UNED (Homes)	3.937,0	Nº
P128.M	Alumnado matriculado UNED (Mulleres)	6.258,0	Nº

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P033.H	Alumnado beneficiario por bolsas. Homes	706,0	Nº
P033.M	Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres	1.253,0	Nº
P310.H	Títulos emitidos (Homes)	477,0	Nº
P310.M	Títulos emitidos (Mulleres)	478,0	Nº

E05 - Diminuír o fracaso escolar, reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con

OO01 - Fortalecemento da atención á diversidade.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P237.H	Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Homes	842,0	Nº
P237.M	Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Mulleres	747,0	Nº

OO02 - Programas de orientación, reforzo e apoio.Actuacións para loitar contra o fracaso e o abandono escolar.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P232.H	Alumnado en programas destinados a redución do abandono escoolar. Homes	45.000,0	Nº
P232.M	Alumnado en programas destinados a redución do abandono escoolar. Mulleres	43.000,0	Nº
P230.H	Participantes en actividades de formación (Homes)	280,0	Nº
P230.M	Participantes en actividades de formación (Mulleres)	1.200,0	Nº
P237.H	Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Homes	11.758,0	Nº
P237.M	Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Mulleres	9.455,0	Nº
P236.M	Participantes que realizaron as ensinanzas de formación profesional pola modalidade de FP dual (Mulleres)	200,0	Nº

E06 - Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a investigación educativa, dirixido á

OO01 - Incentivar a formación do persoal docente (e que a participación en accións formativas teña efectos, positivos ou negativos no nivel

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P281.H	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Homes	512,0	Nº
P281.M	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Mulleres	2.744,0	Nº

OO02 - Proporcionar ao persoal docente formación en: Novas tecnoloxías, idiomas, metodoloxías didácticas (máis alá da aprendizaxe por

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P281.H	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Homes	2.814,0	Nº
P281.M	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Mulleres	9.421,0	Nº

OO03 - Elaborar unha programación formativa integral, desde a formación inicial, pasando polo acceso á profesión e formación permanente,

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P281.H	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Homes	7.507,0	Nº
P281.M	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Mulleres	22.918,0	Nº
P039.H	Persoal docente que recibe reintegros por formación (Homes)..	188,0	Nº
P039.M	Persoal docente que recibe reintegros por formación (Mullerees).	482,0	Nº

E07 - Reforzar o sistema educativo do ensino especial e das ensinanzas de réxime especial, mediante a reforma e a modernización dos

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P108.H	Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Homes	8.107,0	Nº
P108.M	Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Mulleres	16.396,0	Nº
P310.H	Títulos emitidos (Homes)	3.015,0	Nº
P310.M	Títulos emitidos (Mulleres)	5.736,0	Nº

OO01 - Accións de mellora das condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P033.H	Alumnado beneficiario por bolsas. Homes	9,0	Nº
P033.M	Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres	34,0	Nº
P109.H	Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Homes	5.778,0	Nº
P109.M	Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Mulleres	5.778,0	Nº

OO03 - Axudas á gratuidade da educación especial (alumando con necesidades especiais)

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
D0C035	Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	3.375,0	Nº

E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a

OO01 - Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P035.H	Alumnado beneficiario dos comedores escolares. Homes	5.025,0	%
P035.M	Alumnado beneficiario dos comedores escolares. Mulleres	5.025,0	%
P032.H	Alumnado beneficiario por accións de facilitación de material escolar. Homes	62,0	%
P032.M	Alumnado beneficiario por accións de facilitación de material escolar. Mulleres	62,0	%

OO02 - Mellorar as competencias clave, en especial en comunicación lingüística do alumnado.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P037.H	Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Homes	2.200,0	Nº
P037.M	Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Mulleres	3.300,0	Nº
P115.H	Alumnado premiado (Homes)	41,0	Nº
P115.M	Alumnado premiado (Mulleres)	42,0	Nº
P281.H	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Homes	2.026,0	Nº
P281.M	Persoal docente que participa en accións formativas da Rededе Formación. Mulleres	6.826,0	Nº

OO05 - Formación e participación das familias en materia de educación, a través de diversos sistemas, como por exemplo as escolas de nais

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P230.H	Participantes en actividades de formación (Homes)	2.626,0	Nº
P230.M	Participantes en actividades de formación (Mulleres)	5.880,0	Nº

Conclusións:

Todas as medidas para implantar e considerar a perspectiva de xénero no ámbito educativo contribúen de xeito decisivo e constitúen un piar básico para conseguir o obxectivo dunha igualdade de oportunidades entre mulleres e homes real e efectiva, xa que o sector educativo e a escola como lugar de estudo, teñen moita influ130encia sobre o aprendizaxe e brindan a posibilidade de cuestionar os roles de xénero asignados.

Por iso, valóranse positivamente todas as accións dirixidas a formación en igualdade do profesorado e as medidas xenéricas para desenvolver neste ámbito o II Plan de Conciliación e Corresponsabilidade da Xunta de Galicia.

Tamén se valora positivamente que se desenvolvan accións no ámbito educativo que contribúen a favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.

Recoméndase actualizar o Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, pois a súa vixencia rematou.

Valóranse positivamente as medidas adoptadas para aproveitar o talento feminino no ámbito da investigación universitaria e recoméndase a adopción de medidas que continúen a mellorar as ratios.

Recoméndase realizar as previsións sobre os datos Pisa sobre as melloras acadadas polas alumnas nestas probas nos ámbitos matemático e científico e ter en conta o tratamento das accións positivas atendendo á necesidade de incrementar a igualdade nunha situación específica. En concreto, parece necesario revisar por que as actividades artísticas e de FP están tan marcadamente asignadas a un sexo determinado. Este tipo de investigación tamén é necesaria para determinar as causas das diferenzas no emprego feminino do profesorado e do persoal en actividades complementarias (acompañantes de transporte escolar, coidadores e coidadoras, persoal de cociña, etc).

Tamén recoméndase ter en conta, no que a contratación administrativa e ás subvencións se refire, o disposto no VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 da Xunta de Galicia: "A aplicación do enfoque de xénero ao conxunto da xestión pública debe realizarse dun xeito máis sistemático e intenso. A incorporación de cláusulas favorecedoras da igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e nas subvencións está, sen dúbida, cada vez máis estendida no sector público autonómico, aínda que precisa dunha aplicación máis contundente, por exemplo, mediante criterios de puntuación automática, non só aplicables aos casos nos que se produce un empate entre as ofertas".

IV.5. CONSELLERÍA DE POLITICA SOCIAL E IGUALDADE

O Piar Europeo de Dereitos Sociais constitúe unha recomendación e proposta da Comisión Europea para acometer unha profunda renovación do modelo europeo de sociedade que reforce a efectividade dos dereitos e liberdades da cidadanía en termos de igualdade, xustiza e protección.

Un dos seus principais desafíos consiste en loitar contra as discriminacións obxectivamente inxustificadas que continúan a existir por razón de xénero e nesta liña hai que salientar a súa decisiva aposta por fomentar a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución española, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do

benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado, e promover e adoptar medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes, na forma establecida neste decreto.

Na maioría de ámbitos de actuación desta consellería pódense detectar situacións de desigualdade de xénero:

Por unha banda, as mulleres continúan a ser as persoas que de xeito maioritario asumen o coidado dos nenos e nenas e/ou das persoas dependentes, o que limita as súas posibilidades de incorporación ao mercado laboral e á formación.

Por outra banda, os datos sobre condicións de vida amosan que as mulleres teñen un maior risco de pobreza en moitos dos casos como consecuencia das condicións adversas de acceso ao mercado laboral, a súa dedicación a tarefas non remuneradas, déficits en educación e formación profesional, etc. Isto fai que poidan atoparse en situacións de dependencia económica e de maior risco de exclusión.

En todo caso, a integración dentro da súa estrutura a promoción de igualdade e a protección das vítimas de violencia de xénero permitirán o uso das sinerxías propias desta actividade transversal para a protección das mulleres con mais risco de exclusión social, ou colectivos de mulleres que por idade, saúde, etc precisen especial atención.

PROGRAMA 311A- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL

Este programa desagrégase nun conxunto de actuacións tendentes a facilitar a operatividade da estrutura administrativa das distintas áreas da consellería. Trata de pór os medios para que a estrutura administrativa vinculada ás distintas áreas da consellería acade os seus obxectivos coa maior eficiencia e funcionalidade. Ademais, actúa como un soporte económico das actuacións que permiten ás distintas unidades administrativas e centros vinculados ás distintas áreas da consellería desenvolver de forma adecuada as súas competencias de xestión.

Os obxectivos específicos que se pretenden acadar son catro. Por unha banda fortalecer e mellorar a rede de centros prestadores de servizos sociais residenciais e de atención diúrna para persoas maiores e con discapacidade. Tamén reforzar a rede de centros públicos de protección residencial e acollemento especializado de nenos, nenas e adolescentes. Así mesmo, reformar, conservar e mellorar das infraestruturas que albergan as actividades destinadas á comunidade e aos espazos comunitarios. Finalmente, mellorar a eficiencia enerxética dos edificios que albergan as dependencias dos centros prestadores de servizos sociais, así como a súa funcionalidade en canto aos novos sistemas dixitais, do-

mótica, con instalacións que contribúan a mellorar a calidade de vida e confort das persoas usuarias e do persoal que presta os seus servizos nestes centros.

É un programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que ten impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións. A nivel de impacto de xénero as actuacións recollidas neste programa de gasto van ter unha incidencia directa. Tendo en conta que os coidados no ámbito privado e familiar seguen a ser a día de hoxe tarefas feminizadas, a mellora das prestacións de servizos sociais vai reverter directamente en maiores facilidades para a conciliación e mellora da situación das mulleres. Do mesmo xeito, dado que as mulleres tamén son maioría nos coidados profesionalizados, a mellora das instalacións dos centros prestadores de servizos sociais contribuirá á mellora da calidade de vida das persoas traballadoras, maioritariamente mulleres.

Por outra banda, á hora das contratacións derivadas da implantación destas medidas, vaise ter en conta como criterio de adxudicación de ofertas a existencia nas empresas de plans de igualdade e políticas orientadas a favorecer a conciliación.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes, xa que a mellora das prestacións de servizos sociais incide directamente na mellora da conciliación.

PROGRAMA 312A-PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL

As distintas actuacións que se realizan a través deste programa, o cal, ten carácter sectorial, van destinadas a aquelas persoas que estean afectadas por unha carencia de medios económicos e en situación de risco ou de exclusión social. Estas actuacións materialízanse a través de prestacións de inclusión social e mediante o apoio ás entidades de iniciativa social, coa finalidade de atender de forma coordinada e global as necesidades, mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, procurar a calidade na prestación dos servizos, evitar os desequilibrios territoriais e estimular a cultura de participación da sociedade e das propias persoas afectadas como elemento esencial na provisión dos servizos sociais.

O programa non está especificamente orientado á igualdade, mais provoca impacto diferenciado en homes e mulleres.

Así, por exemplo, respecto da RISGA, o perfil maioritario das 8.180 persoas beneficiarias en 2024 é dunha muller de entre 45 e 65 anos, solteira, que vive soa en zona urbana nun piso de alugamento.

Por outro lado, a nivel xeral, o perfil das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios corresponde a un 59% de mulleres.

En canto ás AIS concedidas no ano 2024, o 65,65 % foron a mulleres e a porcentaxe de mulleres respecto do total de persoas que recibiron a Axuda Social Extraordinaria

de Pensións non contributivas e o Fondo de Asistencia Social e Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos foi do 65,63 %.

Polo tanto, é claro o impacto de xénero e é positiva a desagregación por sexos que fai a memoria. Tamén que está previsto un tratamento específico das situacións de violencia de xénero.

PROGRAMA 312B- PROGRAMA DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA

Este programa de gasto está dirixido, por unha banda, a abordar reto demográfico de Galicia e, por outra, a atender as necesidades das familias nas súas distintas modalidades, garantindo o seu benestar e libre desenvolvemento, así como a súa protección integral, na orde xurídica, económica e social, como unidade e de cada un dos seus membros, e especialmente dos nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección e/ou penalmente responsables.

Galicia é a segunda comunidade española con maior porcentaxe de poboación envellecida. O índice conxuntural de fecundidade en Galicia é o terceiro máis baixo de España, con 0,99 nacementos por cada muller en idade fértil, fronte á media estatal de 1,12 (INE datos 2023) e os 1,38 da Unión Europea (Eurostat 2023 UE-27). Como consecuencia do anterior e da alta esperanza de vida con 83,62 anos (INE 2023) Galicia é a segunda comunidade española con maior porcentaxe de poboación envellecida.

Pola súa banda, as familias galegas demandan cada vez máis medidas e recursos de calidade que permitan compatibilizar as responsabilidades laborais coas tarefas de atención e coidado necesarias para o sostemento da vida no ámbito privado.

O programa, defínese como programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en mulleres e homes.

Prevense actuacións orientadas a promover a igualdade e a prevención da violencia de xénero e ademais incorpórase transversalmente a perspectiva de xénero. Entre as ditas actuacións:

1. Adecuación e racionalización dos horarios e das prazas nas escolas infantís (0 a 3 anos). Daráselle prioridade e bonificación ás familias monoparentais e reservarase un 5% das prazas, para casos urxentes, por exemplo, fillos/as de mulleres que se atopen en casas de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero.

2. Reforzo das accións que se veñen a realizar en relación á temática da igualdade como contido transversal nos centros que dependen da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

3. Consideración preferente das vítimas de violencia de xénero para ser titulares dunha casa niño e no acceso aos servizos de conciliación.

4. Así mesmo, vanse levar a cabo varias iniciativas formativas sobre igualdade, corresponsabilidade e educación sexual, así como integrar a perspectiva de xénero de xeito transversal en tódalas convocatorias, axudas, estudos estatísticos e procesos de contratación de servizos públicos.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes, xa que moitas actuación poñen importante foco na corresponsabilidade e conciliación e contan con medidas específicas para familias monoparentais e mulleres vítimas de violencia de xénero.

PROGRAMA 312C-SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

Con este programa trátase de promover a inclusión social das persoas migrantes, así como loitar contra calquera forma de discriminación.

A poboación galega en 2024 era de 2.705.833 persoas, das cales, 155.281 son estranxeiras, representando así un 5,73% do total. A diversidade existente no referente á orixe das persoas migrantes e a dispersión xeográfica do colectivo, esixe unha atención adaptada ás necesidades e as particularidades de cada unha, sendo estas moi diferentes segundo a súa procedencia.

Coas actuacións que se desenvolven no marco deste programa de gasto, trátase de avanzar na inclusión da poboación inmigrante, entendendo que a mellor maneira de acadala é a través do emprego, pero sen descoidar outros aspectos importantes como a eliminación das barreiras idiomáticas, o coñecemento da sociedade de acollida e a xestión da diversidade sociocultural poñendo o acento na convivencia.

Para isto desenvolveranse itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral, que proporcionen a formación prelaboral e laboral precisa e incluso a formación en competencias clave, que permitirá que os e as migrantes poidan participar en accións formativas de competencias de profesionalidade.

Na perspectiva de xénero, este programa cualifícase como non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca impacto diferenciado en mulleres e homes. Así, as actuacións levaranse a cabo, segundo di a memoria, con perspectiva de xénero e teranse en conta ademais a realización de accións positivas a prol da igualdade entre mulleres e homes tendo en conta as diferenzas culturais respecto a esta cuestión que existen nos diferentes países de procedencia destas persoas.

Por exemplo, nas convocatorias de axudas a entidades para a realización de programas para inmigrantes incluirase como criterio de valoración o enfoque de xénero.

Nas subvencións do 2024, a participación das mulleres foi superior á dos homes (un 67,5 %).

Introducir o enfoque de xénero nas convocatorias e a desagregación por sexo dos indicadores é unha medida que se valora como positiva.

Así mesmo, na metodoloxía das actuacións para as que se solicite financiamento, esíxese que se incorpore a perspectiva de xénero, describindo os axustes que se introducirán en función dos roles diferentes que asumen homes e mulleres na sociedade e que poden condicionar o acceso e a calidade da súa participación.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes. A previsión para 2025 é que se beneficien dun xeito directo deste programa 3.900 persoas inmigrantes, das que se prevé que preto dun 60% sexan mulleres, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión.

PROGRAMA 312D-ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

Este programa pretende dar cobertura ás necesidades de atención que precisan as persoas en situación de dependencia que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade e vinculadas á falla de ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, requiren da atención doutra persoa ou precisan de axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria.

No ano 2024, o número total de persoas con discapacidade en Galicia era de 246.942. Un 51,64% son mulleres. E da poboación de máis de 65 anos que presenta algunha discapacidade, un 57,19% tamén son mulleres.

Estímase que en 2033 se reduza a poboación nun 4,86%, mentres que o número de persoas maiores de 65 anos se incremente nun 18,42%

Trátase dun programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directamente sobre as mulleres e actividades que teñen impacto diferenciado en mulleres e homes.

Ao fío do anterior, case todas as actividades enmarcadas neste programa de gasto teñen unha importante repercusión dende o punto de vista do xénero, por dúas razóns. A primeira é que as mulleres representan un 51,64% do número total de persoas con discapacidade, ademais de que representan o 63% do total de persoas en situación de dependencia. A segunda é que, en torno ao 66% das persoas coidadoras non profesionais son mulleres.

Neste sentido, o programa prevé: actividades de formación para persoas coidadoras, inclusión das convocatorias de concerto social para a xestión de prazas residenciais e de

atención diúrna de criterios de selección consistentes en medidas de conciliación, criterios de valoración en contratos para a xestión de prazas de residencias nos centros de día de maiores a favor de entidades que teñan implantado medidas de igualdade ou mantemento e ampliación do volume de novas prazas sostidas con fondos públicos en centros de atención a persoas con discapacidade, que facilitarán a conciliación.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes.

PROGRAMA 312E-PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES

O conxunto de actuacións que se van desenvolver están dirixidas a desenvolver e consolidar servizos e prestacións que atendan as necesidades sociais que poidan afectar especificamente ás persoas en situación de dependencia, ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade; así mesmo apoiaranse tanto as entidades de iniciativa social que traballan na defensa dos intereses destes colectivos, como ao movemento asociativo no que se integran e participan estas persoas.

O programa cualifícase na memoria como "programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres" e "programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres".

O 51,64% da poboación que presenta algún tipo de discapacidade son mulleres, cifra que aumenta ata o 57,18% no caso das persoas de máis de 65 anos, polo que, as actuacións enmarcadas en este programa teñen un impacto maior nas mulleres.

As mulleres con discapacidade afrontan desigualdades no acceso e control dos recursos (espazos de participación social e a toma de decisións e a bens e servizos públicos..), no goce dos seus dereitos fundamentais (como os sexuais e reprodutivos) e na súa situación e posición social con respecto á educación, ao emprego, á xustiza, á protección social, ás relacións afectivas. Diferenzas que tamén se poden observar en relación á súa autopercepción e á imaxe que delas ten a sociedade en xeral e mesmo a que presentan os medios de comunicación.

De todo iso derívase unha situación de discriminación, de desigualdade, de desvantaxe que dificultan a consecución de obxectivos de vida considerados como esenciais, porque imprime unha especificidade ás súas necesidades e intereses estratéxicos.

As persoas que pertencen a este colectivo precisan de servizos que, constituíndo un apoio, promovan a súa autonomía e lles faciliten o desenvolvemento individual previndo a súa dependencia. Para iso, no programa inclúense as seguintes actuacións: convenios

de colaboración coas entidades representativas das persoas con discapacidade de Galicia para levar a cabo programas con perspectiva de xénero e enfoque dual; convenios con entidades representativas dos intereses das persoas maiores para o deseño e implementación de medidas destinadas a intervención social con este colectivo; apoio e mellora da situación existente nos servizos de atención residencial; o estudo dun novo modelo de residencias; un servizo de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia; e a posta en marcha de experiencias piloto como por exemplo as Casas do Maior.

Neste programa utilizaranse indicadores desagregados por sexo, que facilitarán a avaliación do mesmo e a posta en marcha de futuras políticas públicas.

Valórase de xeito positivo que o enfoque de xénero neste programa responda en termos xerais aos principios reitores que se estableceron na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, posto que, o xénero é unha variable que afonda nas desigualdades e que vén supoñendo unha dobre discriminación para as mulleres con discapacidade, e, se se ten en conta o rural, unha tripla discriminación.

Tamén se valora positivamente que se pretenda reforzar a implicación das entidades colaboradoras no desenvolvemento dos programas no que atinxe a que a programación das súas accións respondan ás necesidades de mulleres e homes.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes.

PROGRAMA 312G- APOIO A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL E LABORAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL

A corresponsabilidade busca lograr unha distribución xusta e equilibrada entre mulleres e homes, no reparto de tarefas domésticas e responsabilidades familiares, como a organización, a educación e o coidado de menores, de persoas maiores e dependentes dentro do fogar.

Aínda que a fenda de xénero reduciuse nas últimas décadas, o peso da conciliación e as responsabilidades e tarefas de coidados segue a recaer sobre as mulleres, e as necesidades de coidados incrementáronse polo envellecemento da poboación, así como pola menor dispoñibilidade das mulleres para o coidado non remunerado polos cambios socio-económicos e culturais.

A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, recolle o exercicio dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como manifestación do dereito das mulleres e dos homes á libre configuración do seu tempo, promoverase a corresponsabilidade a través da repartición equilibrada entre mulleres e homes das obrigas familiares, das tarefas domésticas e de coidado de persoas dependen-

tes mediante a individualización dos dereitos e o fomento da súa asunción por parte dos homes e a prohibición de discriminación baseada no seu libre exercicio por parte destes.

As medidas programadas están permitindo avanzar na igualdade na asunción de responsabilidades doméstico-familiares por parte de mulleres e homes. Porén, queda moito por facer.

O indicador de Excedencias para coidado de fillos/as e familiares solicitadas por mulleres en comparación cos homes, que foi do 84,4% no ano 2024, e as reducións de xornada por coidado legal seguen a ser solicitadas en moita maior medida polas mulleres (76,4% do total)

Segue sendo necesario fomentar a conciliación e corresponsabilidade para contribuír á mellora da calidade de vida dos homes e mulleres, de xeito que poidan participar de forma igualitaria na asunción das responsabilidades familiares e dos tempos laborais e de ocio para o desenvolvemento do seu proxecto vital. Esta cuestión debe ser abordada dende a perspectiva da igualdade de oportunidades, que é un dos principios reitores das políticas europeas.

Os cambios experimentados nos últimos anos na sociedade e nas familias (incremento da esperanza de vida, aumento do número de fogares nos que os dous membros da parella traballan, incremento do número de familias monoparentais), os modelos de organización do traballo nas empresas, ou a dificultade para acceder a servizos que permiten o coidado e a atención a persoas dependentes, etc., dificultan a homes e mulleres, pero especialmente a estas últimas ao considerarse socialmente que "é a súa responsabilidade", facer compatibles os tempos que poden dedicar á familia, ao emprego e ao ocio.

As medidas a adoptar están dirixidas a aumentar a implicación dos homes no reparto das responsabilidades domésticas e familiares, tratando de estenderse a outros axentes sociais e instancias públicas e privadas.

É importante destacar os indicadores de xénero previstos:

Neste programa de gasto utilízanse os seguintes indicadores con relevancia dende o punto de vista do xénero:

• Nº de homes e nº de mulleres titulares de familias monoparentais beneficiarias da axudas para reducir a súa xornada laboral para o coidado de fillas/os menores de 3 anos.

• Nº de familias beneficiarias de bolsas de coidados ou accións de conciliación.

• Nº de nenas e nenos beneficiarios ou participantes en bolsas de coidados ou accións de conciliación.

• Nº de persoas contratadas nas bolsas de coidados ou accións de conciliación.

• Nº de homes que participan en accións formativas de corresponsabilidade.

• Nª de actuacións de formación, estudo, difusión e promoción da igualdade (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas).

Da información das convocatorias observase os seguintes datos:

• 312 familias apoiadas na redución de xornada laboral para o coidado de fillas e fillos.

• 22.000 menores atendidos en Programas de conciliación e corresponsabilidade de concellos e ANPAs

• 4.500 homes participaron en Plans de formación en corresponsabilidade.

O programa pretende un cambio estrutural e forma parte dunha estratexia a longo prazo baseada na educación en valores de igualdade. Espérase con elas contribuír a un cambio de modelo social que supere as relacións asimétricas de poder no ámbito da parella e reducir as discriminación por razóns de xénero no mercado laboral derivadas dos diferentes roles asignados tradicionalmente a homes e mulleres.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes, xa que ese é o seu principal obxectivo e conta cos medios e o enfoque para traballar na súa consecución.

PROGRAMA 313B-ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER

A promoción da igualdade ten dúas facetas, actividades e actuacións para a xestión das competencias e a xestión de axudas que fomenten e protexan a igualdade de xénero. Entre as axudas a desenvolver estarán:

- Posta en marcha das actuacións que sexan competencia deste departamento previstas na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia e na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

- Seguimento, desenvolvemento e avaliación dos instrumentos de planificación estratéxica no ámbito da igualdade, así como no seu caso, a aprobación de novos plans: VIII Plan Estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025 e EIII Programa Galego de Muller e Ciencia 2021-2025.

- Desenvolvemento de diferentes programas onde se promova a conciliación desde un enfoque de corresponsabilidade entre mulleres e homes ao abeiro do Plan Corresponsables do Ministerio de Igualdade. Desenvolveranse programas propios da Xunta así como as seguinte liñas de acción a través de entidades locais, Anpas (asociacións de nais e pais), entidades de iniciativa social ou asociacións de mulleres rurais:

• Servizos de coidado profesional a menores de 16 anos e fomento do emprego neste sector profesional.

• Formación e sensibilización para impulsar modelos de masculinidades igualitarias e a corresponsabilidade.

- Incentivos á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para persoas traballadoras que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

- Execución e desenvolvemento de diferentes programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, tanto de promoción da igualdade entre homes e mulleres e de prevención da violencia de xénero, como de recursos integrais de atención especializada, a través de entidades locais e de entidades de iniciativa social ou asociacións de mulleres.

- Impulso na comunidade educativa a través das ANPA de programas de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e rexeitamento da violencia contra as mulleres, formación e sensibilización dirixidas ao alumnado de centros educativos non universitarios e/ou ás súas familias.

- Fomento e impulso do emprendemento feminino, favorecendo o acceso das mulleres a sectores economicamente viables, ofrecéndolles apoio, acompañamento e orientación específica durante todo o proceso emprendedor.

- Organización e participación en foros ou encontros de emprendemento co obxectivo de difundir e dar a coñecer liñas de subvencións os casos de boas prácticas a través do así como o intercambio de experiencias entre mulleres emprendedoras.

- Impulso do apoio aos Centros de información á Muller (CIMs) de Galicia co fin de mellorar a súa xestión e intensificar os recursos e servizos que prestan, así como a formación do seu persoal.

- Apoio as asociacións de mulleres e ás federacións constituídas por estas para fortalecer e consolidar o movemento asociativo e potenciar a participación social e o cambio de valores necesarios para avanzar na igualdade real e efectiva por razón de xénero, incidindo na importancia do tecido asociativo no medio rural e nas zonas costeiras como promotor da dinamización do territorio en termos de igualdade e sustentabilidade.

- Xestión do Programa a cargo da asignación orzamentaria do 0,7 do IRPF para financiar programas que comprenden actuacións dirixidas á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, así como ás persoas do colectivo LGBTI.

- Fomento da construción e divulgación da participación e a produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e desenvolvemento da sociedade, ao tempo que se busca rachar cos estereotipos de xénero a través do desenvolvemento do programa "Donas de si", que está incluído dentro do Plan Proxecta, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que oferta aos centros educativos actividades e materiais didácticos.

- Desenvolvemento de actuacións de formación, sensibilización e concienciación a prol da igualdade e non discriminación entre mulleres e homes dirixidas tanto á comunidade educativa, como á sociedade en xeral.

- Organización e desenvolvemento de diferentes actos de recoñecemento e difusión da promoción da igualdade: concesión das Medallas Emilia Pardo Bazán, dos Premios María Josefa Wonenburger Planells así como conmemoración do Día Internacional da muller (8M) e do Día internacional do Orgullo LGBTI (28J).

- Xestión e impulso dos órganos colexiados de asesoramento, estudo e participación institucional que lideran a incorporación da perspectiva de xénero en todos os eidos e representan a participación das asociacións de mulleres e axentes económicos e sociais: Unidade de Muller e Ciencia de Galicia, Consello Galego das Mulleres, Observatorio da Imaxe da Muller e Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar.

- Elaboración dos informes de impacto de xénero coa finalidade de detectar situacións de desvantaxe, desigualdade ou discriminación entre mulleres e homes na elaboración de leis, regulamentos e plans, derivados da lexislación de igualdade, de cooperación exterior e a lexislación vixente.

- Elaboración dos informes de seguimento de implantación dos Plan de Igualdade nas empresas.

- Elaboración, publicación e difusión da Guía da linguaxe non sexista e inclusiva para todo o persoal da Administración autonómica.

- Participación nas comisión de seguimento e grupos técnicos da Xunta de Galicia: comisión de Seguimento do I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia, grupo técnico da Comisión interdepartamental de I+D+i, Consello Escolar de Galicia, Comité Seguimiento Programa FSE+ 2021-2027 Galicia, Consello Galego de Benestar Social.

- Impulso do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o que permitirá fortalecer a presenza transversal da perspectiva de xénero nos diferentes niveis da administración.

- Apoio ao colectivo LGTBI, a través de liñas de colaboración coas asociacións que levan a cabo proxectos específicos dirixidos ao colectivo LGTBI, apoiando as accións, programas e campañas que desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade onde se garanta a dignidade e o respecto de todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo.

- Impulso do Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, no que se atopan representadas, ademais da administración autonómica, os colectivos LGTBI, a administración estatal, as entidades locais, o Consello Galego de Relacións Laborais, as universidades, as centrais sindicais e as organizacións patronais.

- Posta en marcha de accións de sensibilización e visibilización do colectivo LGBTI co obxectivo de que ocupen espazo na políticas públicas e promover o valor da diversidade.

- Coordinación do equipo e actividades que desenvolven os Centros Quérote + , co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento integral en autonomía e liberdade de mozos e mozas segundo as súas necesidades, intervindo nos procesos de xeito preventivo, e procurando que mulleres e homes aprendan a coñecerse, a aceptarse e a expresarse dun xeito satisfactorio e congruente.

- Apoio da actividade investigadora en materia de igualdade e xénero a través de axudas á etapa predoutoral, así como apoio no eido da investigación sanitaria de enfermidades que afecten ás mulleres de maneira diferente que aos homes.

Desde o ano 2025 incorporase o Programa Galicia Investiga Igualdade a través do que se pretende fomentar a investigación en materia de igualdade e xénero; mellorar o coñecemento da situación, condicións e posición diferencial de mulleres e homes e nas relacións de xénero nos distintos ámbitos da vida así como nas causas que xeran estas desigualdades e dar a coñecer resultados da investigación que poidan constituír boas prácticas de políticas de igualdade.

O fortalecemento da promoción da igualdade, na que moitas das actividades son realizadas anualmente, permite coa información obtida a partir das axudas facilitadas apreciar a calidade da promoción da igualdade realizada pola administración autonómica.

Os últimos datos resúmense do seguinte xeito:

• 16.420 persoas atendidas polos 84 CIMs (Centros de Información á Muller) que dan cobertura a 191 concellos.

• 371 Proxectos de emprendemento feminino apoiados e 837 postos de traballo para mulleres subvencionados

• 14.300 mulleres atendidas en situación de vulnerabilidade por 185 asociacións subvencionadas.

• Máis de 15.000 persoas pasaron polos Espazos de Igualdade e Puntos Lila e Arco iris nos principais festivais musicais de Galicia: Son do Camiño, Portamérica, Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira, Atlantic Fest, Morriña Fest, Río Verbena e Caudal Fest.

• O traballo dos centros Quérote+ chegou a máis de 22.000 persoas.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes, xa que ese é o seu principal obxectivo e conta cos medios e o enfoque para traballar na súa consecución.

PROGRAMA 313C-SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Dende este programa de gasto fináncíase o Sistema Galego de Servizos Sociais, e especialmente os servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. Estes servizos están dirixidos a atender con carácter xeral a toda a cidadanía, aínda que con máis intensidade á poboación máis vulnerable (persoas en situación de dependencia, de exclusión social, de discapacidade, persoas maiores, persoas sen fogar, menores de idade en risco de desprotección, vítimas de violencia de xénero, persoas con problemas de condutas aditivas como drogodependencia, alcoholismo, ludomanía, anorexia, etc.).

Trátase dun programa, segundo di a memoria, non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Tense en conta que as mulleres teñen maior risco de pobreza que os homes (a maior parte de fogares formados por unha persoa ao cargo son mulleres con cargas familiares, teñen unha taxa de actividade menor e maior taxa de desemprego, etcétera). Así, as persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios son un 59% mulleres.

É positivo que os indicadores utilizados neste programa, se desagregan conforme ao sexo. Isto facilitará a avaliación do mesmo e a posta en marcha de políticas públicas axeitadas.

Como actividades específicas previstas no programa, directamente relacionadas coa promoción da igualdade figura a incorporación nas convocatorias de axudas como criterio do baremo de concesión a realización de actividades específicas de promoción da igual-

dade de xénero. E na metodoloxía das actuacións esíxese que incorporen a perspectiva de xénero, describindo os axustes que se introducirán en función dos roles diferentes que asumen homes e mulleres na sociedade e que poden condicionar o acceso e a calidade da súa participación.

Valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes, sen prexuízo da posible incorporación de novas medidas de acción positiva.

PROGRAMA 313D-PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Coas medidas que se desenvolven dende este programa de gasto, trátase de previr e abordar a violencia de xénero dende as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e protección das vítimas, con actuacións de carácter integral, de acordo coa nova regulación vixente, derivada da entrada en vigor no ano 2022 da Lei 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, así como da modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, coa que se incluíu, como unha forma de violencia de xénero, a explotación sexual. No plano programático cómpre atender con estes orzamentos á execución das medidas previstas no Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres 2023-2027 (Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado e Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade do 3 de marzo de 2023, pola que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres 2023-2026) e no I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

Medidas que terán continuidade en 2026 son:

• Mantemento das axudas para as vítimas de violencia de xénero, tanto de pago periódico como de pago único, así como a posta en marcha dunha nova liña de axudas para as vítimas de violencia sexual.

• Campañas de prevención información e sensibilización fronte a violencia machista dirixidas á mocidade no ámbito deportivo, á infancia a través de accións culturais e de promoción da lingua, ás mulleres do rural, ás mulleres maiores etc.

• Programa de apoio integral e axudas económicas (indemnización), aos orfos e orfas por causa da violencia machista que carezan de rendas.

• Axudas económicas (indemnización), a mulleres gravemente feridas por causa da violencia machista.

• Dende o ano 2015 Galicia inclúe aos menores como vítimas directas da violencia de xénero. Por iso, en todos os programas do Goberno galego inclúen medidas específicas para os e as menores, así como a formación aos profesionais que traballan con eles.

• Impulso da indemnización económica e o programa de asistencia social, legal, psicolóxica e administrativa para apoio aos orfos e orfas tralo asasinato da súa nai por violencia de xénero.

• Quenda de garda psicolóxica permanente para as vítimas da violencia de xénero.

• Reforzo da asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero, mediante a ampliación da asistencia xurídica, psicolóxica, a implantación de novas liñas de apoio directo ao emprego e a contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero, así como da promoción do seu acceso á vivenda.

• Axudas económicas periódicas para as vítimas, consignando novamente para esta finalidade 4 millóns de euros ampliables, destinadas a proporcionar apoio económico ás mulleres vítimas, incluídas as vítimas de trata con fins de explotación sexual e ás vítimas de explotación sexual,.

• Reforzo da rede galega de acollemento, impulsando a posta en funcionamento de novos recursos de acollida para mulleres que sofren violencia machista e ademais presentan outras problemáticas engadidas (toxicomanías ou enfermidade mental), que necesitan dunha atención específica.

• Ampliación do Bono de Alugueiro Social para a totalidade de vítimas de violencia de xénero sen recursos suficientes, de xeito que se lles poida garantir o acceso a unha vivenda de alugueiro.

• Fortalecemento e apoio ás oficinas xudiciais de atención ás vítimas da violencia de xénero en Galicia, coa formación das e dos profesionais que nelas prestan apoio e asistencia psicolóxica ás vítimas, en coordinación coa D.X. de Xustiza, e reforzando a atención integral co mantemento das traballadoras sociais de cada oficina.

• Programas de prevención da violencia sexual e de atención especializada ás súas vítimas así como intensificación de campañas contra a violencia sexual e presenza de puntos informativos en diversos concellos galegos.

• Apoio socio-laboral ás vítimas da violencia machista, continuando coa implantación dun programa específico de inserción laboral.

• Reforzo e ampliación do programa de atención psicolóxica especializada para as mulleres vítimas de violencia de xénero e para os seus fillos e fillas.

• Impulso de accións e actividades de apoio e atención ás mulleres que son vítimas de trata, fundamentalmente con fins de explotación sexual, e ás vítimas de explotación sexual, para proporcionarlles o asesoramento e atención que precisan.

• Impulso do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

• Fortalecemento do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero, establecendo novas liñas de traballo.

• Establecemento de liñas de actuación específicas para abordar a problemática da trata de seres humanos con fins de explotación sexual, dentro do marco programático marcado polo Plan Galego contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual 2022-2024.

• Mantemento e impulso dos Centros de Crise, para a atención, as 24 horas os 365 días do ano, das mulleres e nenas maiores de quince anos vítimas de violencia sexual.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes, xa que o seu principal obxectivo é a asistencia ás mulleres que sofren violencias machistas e á erradicación da mesma a través da prevención e a protección.

E1 - Eixe 1. O reto demográfico

PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada

E04 - Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación

OO02 - Apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Concienciar a poboación galega sobre a importancia da corresponsabilidade.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P0092M	Familias monoparentais que reduciron a súa xornada laboral.(Mulleres)	69,0	Nº
P0092H	Homes/Familias monoparentais que reduciron a súa xornada labboral. (Homes)	198,0	Nº
P1107H	Profesionais contratadas para o servizo de bolsas coidado. ((Homes)	320,0	Nº
P1107M	Profesionais contratadas para o servizo de bolsas coidado. ((Mulleres)	463,0	Nº

PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias

E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu

OO01 - Medidas de impulso á natalidade e dinamización demográfica, incluídas medidas de conciliación

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
D0C035	Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	2.172,0	Nº
P00450	Familias beneficiarias da tarxeta benvida	23.160,0	Nº

OO02 - Potenciación da escolarización dos nenos de 0-3 anos e continuar a garantir a súa gratuidade (escolas infantís, puntos de atención á

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
D0C035	Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	41.219,0	Nº

OO03 - Programas de apoio ás familias e menores e favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
D0C035	Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	510,0	Nº
P341.H	Menores e familias beneficiarias de programas de integraciónfamiliar, socioeducativos e terapéuticos (homes)	4.070,0	Nº
P341.M	Menores e familias beneficiarias de programas de integraciónfamiliar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres)	4.050,0	Nº
P426.H	Menores e familias beneficiarias de puntos encontro familiar(Homes)	1.800,0	Nº
P426.M	Menores e familias beneficiarias de puntos encontro familiar(Mulleres)	1.800,0	Nº
P111.H	Menores en situación de acollemento residencial e atencióndе día (Homes)	1.750,0	Nº
P111.M	Menores en situación de acollemento residencial e atencióndе día (mulleres)	1.210,0	Nº
P1030H	Menores en situación de acollemento familiar. Homes	1.615,0	Nº
P1030M	Menores en situación de acollemento familiar. Mulleres	2.015,0	Nº
P112.H	Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. H	550,0	Nº
P112.M	Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. M	550,0	Nº
P428.H	Persoas usuarias das residencias de tempo libre (homes e nennos)	2.342,0	Nº
P428.M	Persoas usuarias das residencias de tempo libre (mulleres enenas)	2.342,0	Nº

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible

E02 - Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para desenvolverse plenamente con confianza

OO02 - Difusión e desenvolvemento de formación en competencias dixitais considerando especialmente ás persoas maiores, atendendo á

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	10.200,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	10.200,0	Nº

E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da

E01 - Dotar de integridade un sistema de garantía de ingresos para que as persoas sen recursos ou con insuficiencia destes podan cubrir as súas

OO01 - Configurar a implantación en Galicia dun sistema de garantía de recursos no que operan Goberno Central e a Comunidade autónoma a

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	9,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	2,0	Nº
P343.H	Persoas en risco de exclusión atendidas para cobertura de necesidades básicas (homes)	50.000,0	Nº
P343.M	Persoas en risco de exclusión atendidas para cobertura de necesidades básicas (mulleres)	50.000,0	Nº

OO02 - Renda de Inclusión Social de Galicia e axudas de Inclusión Social para abordar situacións de pobreza e carencias derivadas e medidas

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	4.248,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	4.752,0	Nº
P345.H	Persoas perceptoras da RISGA. Homes	1.635,0	Nº
P345.M	Persoas perceptoras da RISGA. Mulleres	2.665,0	Nº

OO04 - Axuda Extraordinaria Pensións non contributivas (PNC), Fondo de Asistencia Social (FAS) e subsidio de garantía de ingresos mínimos

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	13.678,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	26.109,0	Nº

OO05 - Programas de axudas para persoas con déficit de recursos, en risco ou en situación de pobreza (bonos sociais, bono social térmico,

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	3.479,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	4.278,0	Nº

E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera

OO02 - Deseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P341.H	Menores e familias beneficiarias de programas de integraciónfamiliar, socioeducativos e terapéuticos (homes)	25.000,0	Nº
P341.M	Menores e familias beneficiarias de programas de integraciónfamiliar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres)	25.000,0	Nº
SE01.H	Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes	8.844,0	Nº
SE01.M	Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres	14.367,0	Nº
P420.H	Persoas de etnia xitana beneficiadas (homes)	622,0	Nº
P420.M	Persoas de etnia xitana beneficiadas (mulleres)	805,0	Nº

OO04 - Apoiar o desenvolvemento de programas de servizos sociais básicos e específicos de inclusión social realizados polas corporacións

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
SE01.H	Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes	540,0	Nº
SE01.M	Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres	135,0	Nº
P347.H	Persoas usuarias dos servicios sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS (homes)	474.700,0	Nº
P347.M	Persoas usuarias dos servicios sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS (mulleres)	676.354,0	Nº

OO07 - Mantemento a rede de servizos sociocomunitarios

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	100.050,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	100.050,0	Nº

OO11 - Garantir o acceso á vivenda digna con programas de acompañamento social.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	41,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	97,0	Nº

E03 - Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habiten persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas

OO01 - Xestión dos servizos de atención residencial, atención diúrna, de axuda no fogar, de promoción da autonomía en equipamentos

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P241.H	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	87.610,0	Nº
P241.M	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	105.433,0	Nº

OO02 - Xestión das prestacións económicas do SAAD

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P241.H	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	6.030,0	Nº
P241.M	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	8.970,0	Nº

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P433.H	Usuarios con discapacidade ou en situación de dependencia attendidos (homes)	80,0	Nº
P433.M	Usuarios con discapacidade ou en situación de dependencia attendidos (mulleres)	60,0	Nº

E04 - Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P241.H	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	373,0	Nº
P241.M	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	559,0	Nº

OI03 - Transferencias internas

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P241.H	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	40,0	Nº
P241.M	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	60,0	Nº

OO01 - Atención ás persoas con discapacidade e maiores e fomento de actitudes positivas cara o coidado da saúde e a promoción da

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P431.H	Nenos de 0-6 anos participantes nos servizos (homes)	306,0	Nº
P431.M	Nenos de 0-6 anos participantes nos servizos (mulleres)	145,0	Nº
SC16.H	Participantes con discapacidade. Homes	46.608,0	Nº
SC16.M	Participantes con discapacidade. Mulleres	49.748,0	Nº
P140.H	Participantes en programas de prevención da dependencia. Homes	10.785,0	Nº
P140.M	Participantes en programas de prevención da dependencia. Mulleres	24.595,0	Nº
P430.H	Persoas valoradas a través dos Equipos de Valoración e Orienntación (EVO) (homes)	2.250,0	Nº
P430.M	Persoas valoradas a través dos Equipos de Valoración e Orienntación (EVO) (mulleres)	4.500,0	Nº

OO02 - Aplicación de solucións TIC e novos recursos para actividades preventivas, atención das persoas e fomento da autonomía, así coma

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P241.H	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	670,0	Nº
P241.M	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	740,0	Nº

OO04 - Promoción da formación e apoio ao aprendizaxe permanente das persoas maiores

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P140.H	Participantes en programas de prevención da dependencia. Homes	975,0	Nº
P140.M	Participantes en programas de prevención da dependencia. Mulleres	1.820,0	Nº

OO05 - Achegar os servizos sociais e asistenciais ao medio rural para promover que as persoas maiores permanezan no seu domicilio e no

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P241.H	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	332,0	Nº
P241.M	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	495,0	Nº

OO06 - Investimentos en equipamento e infraestruturas para a atención de persoas maiores e en situación de discapacidade

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P431.H	Nenos de 0-6 anos participantes nos servizos (homes)	3.836,0	Nº
P431.M	Nenos de 0-6 anos participantes nos servizos (mulleres)	2.186,0	Nº
P241.H	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	872,0	Nº
P241.M	Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	1.307,0	Nº

E05 - Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os

OO01 - Actuacións de sensibilización e modificación dos valores, actitudes e estereotipos que sustentan a desigualdade. Apoio a colectivos

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
S0EE01	Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións	4.100,0	Nº
P00147	Número de accións de formación e sensibilización no ámbito de promoción da igualdade.	381,0	Nº

OO05 - Promoción do autoemprego e do emprendemento femininos. Formación específica para mulleres para mellorar a súa

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P00468	Mulleres beneficiarias do programa de autoemprego da muller(EMEGA)	454,0	Nº
P00147	Número de accións de formación e sensibilización no ámbito de promoción da igualdade.	3,0	Nº
SC05.M	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres	78,0	Nº
SC01.M	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	376,0	Nº

OO06 - Promoción da igualdade entre mulleres e homes a través de plans e políticas activas de igualdade. Especial fincapé na promoción da

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
S0EE01	Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións	1.537,0	Nº
P00181	Mulleres que recibiron información, atención ou asesoramento	11.707,0	Nº
SC05.M	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres	4.410,0	Nº
SC01.M	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	4.209,0	Nº
SC03.M	Persoas inactivas (Mulleres)	3.088,0	Nº

E06 - Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada

OO01 - Protección, prevención e apoio integral a vítimas de violencia de xénero e mulleres en situacións similares de vulnerabilidade

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P110.H	Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes	538,0	Nº
P110.M	Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres	482,0	Nº
P116.H	Menores en atención psicolóxica atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes	32,0	Nº
P116.M	Menores en atención psicolóxica atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres	30,0	Nº
P00115	Mulleres atendidas nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero	1.937,0	Nº
P00463	Mulleres en atención psicolóxica nos programas de protecciónе apoio a vítimas da violencia de xénero	1.230,0	Nº
S0EE01	Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións	600,0	Nº
P00465	Mulleres vítimas de trata ou explotación sexual	350,0	Nº
P00148	Número de accións de información, formación, sensibilizaciónen materia de violencia de xénero.	150,0	Nº

OO02 - Accións para fomentar a empregabilidade das vítimas de violencia de xénero. Priorizar, na medida do posible, o acceso de vítimas a

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P00465	Mulleres vítimas de trata ou explotación sexual	2,0	Nº
P00464	Mulleres vítimas de violencia de xénero en programas de inserción laboral	30,0	Nº

OO03 - Accións específicas dirixidas a mulleres vítimas da trata ou explotación sexual.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P00465	Mulleres vítimas de trata ou explotación sexual	850,0	Nº
P00148	Número de accións de información, formación, sensibilizaciónen materia de violencia de xénero.	5,0	Nº

OO10 - Impartir accións de sensibilización e formación especializada en violencia de xénero

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P00467	Chamadas ao teléfono atención violencia xénero	3.500,0	Nº
P00148	Número de accións de información, formación, sensibilizaciónen materia de violencia de xénero.	20,0	Nº

OO11 - Actuacións no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P110.H	Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes	44,0	Nº
P110.M	Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres	43,0	Nº
P00115	Mulleres atendidas nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero	2.293,0	Nº
P00463	Mulleres en atención psicolóxica nos programas de protecciónе apoio a vítimas da violencia de xénero	370,0	Nº
P00148	Número de accións de información, formación, sensibilizaciónen materia de violencia de xénero.	1.810,0	Nº
P237.H	Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Homes	160,0	Nº

OO12 - Consolidación da rede galega de acollemento.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P117.H	Menores atendidos en centros de acollida nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes	20,0	Nº
P117.M	Menores atendidos en centros de acollida nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres	35,0	Nº
P00465	Mulleres vítimas de trata ou explotación sexual	5,0	Nº
P00466	Mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas en centrosde acollida	70,0	Nº

Conclusións:

Ao estar enmarcada na Consellería de Política Social e Igualdade as competencias de promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero a súa planificación, incluso administrativa, ten perspectiva de xénero.

No ámbito da promoción da igualdade estes orzamentos perseguen seguir mellorando a investigación con transversalidade de xénero a través da continuación da iniciativa Programa Galicia Investiga Igualdade a través do que se pretende fomentar a investigación en materia de igualdade e xénero; mellorar o coñecemento da situación, condicións e posición diferencial de mulleres e homes e nas relacións de xénero nos distintos ámbitos da vida así como nas causas que xeran estas desigualdades e dar a coñecer resultados da investigación que poidan constituír boas prácticas de políticas de igualdade.

Tamén pretenden mellorar a colaboración coas administracións locais para a prestación dos servizos de igualdade prestados polos centros de información ás mulleres CIM.

A implementación dos mecanismos de promoción da igualdade previstos na lei 7/2023, ademais, significará que se engadirán novos cursos de formación en igualdade para o persoal das administracións públicas e que se rematará a normativa que porá en marcha o Consello Galego das mulleres. O Observatorio das mulleres rurais e do mar, e se prestará a debida colaboración ás Consellerías do Mar e de Medio Rural para a publicación dos Estatutos previstos na lexislación de igualdade.

En relación á conciliación e á corresponsabilidade seguirán desenvolvéndose liñas e revisando a información para prever novas axudas necesarias para que esta corresponsabilidade sexa real e efectiva.

IV.6. CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

A Consellería de Economía e Industria é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o exercicio de funcións en materia de promoción e dinamización da economía, impulso e coordinación da política económica e industrial, revisión da regulación con incidencia na economía, apoio ao sector empresarial, mellora da competitividade das empresas, incidindo na transformación dixital empresarial e na sustentabilidade industrial, internacionalización industrial e empresarial, promoción e fomento do crecemento e consolidación das empresas,así como o apoio á creación, crecemento e consolidación das emerxentes innovadoras –startup–. A coordinación, planificación, deseño e posta en marcha dos mecanismos públicos autonómicos de financiamento empresarial e industrial. O Impulso e promoción das industrias forestais.A Promoción industrial, solo empresarial, asesoramento e información na materia de propiedade industrial, administración e seguridade industrial, metroloxía e metais preciosos e a Planificación enerxética, recursos minerais e augas minerais e termais.

Polo tanto, moitos dos obxectivos principais dalgúns dos programas orzamentarios desta consellería inciden en áreas de actividade cun alto valor estratéxico en canto á relevancia de xénero: economía, emprendemento e crecemento empresarial. Accións no medio rural a través das industrias forestais, e no sector turístico a través dos recursos termais, para os que a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia establece unha lexislación transversal específica, por exemplo no artigo 67 en relación ao traballo dixital.

PROGRAMA 312A-PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL

Atende a concesión directa de axudas destinadas a paliar a pobreza enerxética en persoas consumidoras vulnerables, o Bono Social Térmico. Axuda directa, de carácter estatal.

Sendo as persoas destinatarias: Persoas consumidoras que sexan beneficiarias do Bono Social de Electricidade.

O programa está clasificado como programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres, e a memoria non identifica ningún obxectivo en materia de igualdade toda vez que a axuda é estatal para persoas beneficiarias do Bono Social de Electricidade.

Non é posible realizar unha avaliación do impacto dado que non existe información en clave de xénero do Bonos Social de Electricidade, se non que está recollida polo tipo de unidade familiar, condición de autónomo, condición de desemprego. En todo caso, como informa a Consellería de Política Social e Igualdade a pobreza ten cara feminina, polo que sería recomendable que na xestión das axudas se recollese o xénero das persoas que solicitan o dito bono social térmico.

PROGRAMA 531A - PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Ten por obxectivo Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. A vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio e fomentar a accesibilidade do solo empresarial. Todo o que permitirá o impulso da actividade económica e o fomento do emprego.

Contando como indicador de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico o número de empresas asentadas.

Atende a ofertar solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas.

As persoas destinatarias serán persoa física ou xurídica que demande unha parcela urbanizada de solo empresarial.

O programa está cualificado como destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión. Porén, hai que ter en conta que este programa polo seu contido ten perspectiva de xénero de acordo co capítulo VI, Título III da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia que indica que entre outras cosas recomenda Integrar o enfoque de xénero na ordenación do territorio e no deseño de infraestruturas públicas, tendo en conta a dispersión xeográfica e os seus efectos na vida das mulleres, polo que é recomendable recopilar información en clave de xénero en relación ás persoas físicas que directamente ou a través da representación das empresas solicitan parcelas, coñecer a tipoloxía das solicitudes, etc. Permitirá obter información sobre a actividade empresarial das mulleres.

PROGRAMA 561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

O obxecto do programa é atender a un conxunto de prioridades que, no que respecta ao ámbito da Consellería de Economía e Industria están referidos a promoción industrial, ao desenvolvemento tecnolóxico e innovación dos sectores produtivos, xestión de infraestruturas tecnolóxicas, apoio do crecemento de novas empresas de base tecnolóxica e asesoramento e información na materia de propiedade industrial.

Este programa de gasto non está orientado especificamente á consecución da igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

A Dirección Xeral responsable do programa indica que promoverá o emprego dunha linguaxe non sexista e unhas imaxes non estereotipadas en todas as comunicacións e campañas que se realicen, tendo en conta ademais que moitas das accións destes programas desenvólvense en ámbitos e profesións nas que a muller está infrarrepresentada.

Os obxectivos en materia de igualdade identificados no programa son:

• Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

• Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

• Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

•Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

• Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres.

• Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

• Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade.

Apreciase por tanto un alto grado de compromiso coas medidas previstas na Lei 7/2023, do 30 de novembro no que fai a investigación con perspectiva de xénero.

PROGRAMA 731A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA

A finalidade deste programa de gasto é dar cobertura ao funcionamento das unidades administrativas vinculadas aos servizos centrais e periféricos dentro das competencias da Consellería. Deste xeito actúan de soporte básico cara a coordinar e garantir uns recursos humanos, materiais e de organización que permitan acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade e simplificación administrativa.

Aínda que na ficha específica da memoria se sinalan estes programas como de mera actuación administrativa e de xestión, a propia consellería identifica despois actuacións e obxectivos que teñen relación coa igualdade e a inclusión da perspectiva de xénero nesta xestión, entre os que se atopan; a información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes; a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade; e a igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

A Consellería indica o respecto do programa cara a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen ningún tipo de discriminación. Polo tanto, este colectivo é o potencial beneficiario do gasto, entre os que se observa unha representación equilibrada de homes e mulleres.

O programa é polo tanto unha canle para a promoción da igualdade de xénero entre o persoal da consellería sobre todo a través da información para a igualdade.

PROGRAMA 732A-REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL

O obxectivo deste programa é planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións técnicas e administrativas en materia de política industrial, seguridade industrial, actividade industrial e metroloxía.

O programa responde á necesidade de manter e mellorar a seguridade dos establecementos e instalacións industriais no referente á seguridade industrial e a garantir a exactitude das medidas e dos equipos de medición suxeitos a control metrolóxico.

Desenvolveranse as competencias da actividade da metroloxía legal e industrial, levando a cabo servizos de control metrolóxico e servizos de calibración, coa participación do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

Outro dos obxectivos do programa é a dinamización do tecido empresarial mellorando as infraestruturas dos parques empresariais e fomentando a creación de novas empresas e a reindustrialización.

E por último, a planificación, o impulso, e a tramitación dos procedementos previstos pola normativa autonómica para favorecer a implantación das iniciativas industriais.

Segundo a memoria trátase dun programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

A Dirección Xeral responsable do programa promoverá o emprego dunha linguaxe non sexista e unhas imaxes non estereotipadas en todas as comunicacións e campañas que se realicen, tendo en conta ademais que moitas das accións destes programas desenvólvense en ámbitos e profesións nas que a muller está infrarrepresentada.

Se ben non son de aplicación directa recoméndase que no ámbito da seguridade industrial sexan adaptadas as disposicións que en materia de seguridade con perspectiva de xénero figuran nos artigos 99, 105, 107, 110 e concordantes da Lei 7/2023; as medidas contra o acoso sexual e laboral do artigo 166, ou a perspectiva de xénero na dixitalización do emprego.

PROGRAMA 733A-EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES

O principal obxectivo que se pretende acadar coas actuacións que se levan a cabo dentro deste programa de gasto é contribuír á transformación do sistema enerxético galego para que sexa máis sostible en termos económicos, sociais e ambientais, fundamentalmente a través de medidas que fomenten o aforro enerxético e as enerxías renovables.

Son actuacións en materia de enerxías renovables, e de eficiencia e de aforro enerxético, que afectan ao cambio climático e transición enerxética cara unha independencia enerxética ou a atención da pobreza enerxética, e tamén contribuir a unha mellor formación enerxética que permita facer mellor uso dos recursos.

Na memoria, cualifícase o programa como non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres e como programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc).

A Axencia Internacional de Enerxía Renovable (IRENA) publicou o estudo "Energías renovables: Una perspectiva de género", que recompila datos sobre sobre a participación das mulleres no mercado laboral da enerxía renovable, os seus roles en postos de res-

ponsabilidade así como sobre os obstáculos e solucións existentes tanto no contexto da enerxía moderna como no do acceso á enerxía.

O estudo revela que as mulleres representan o 32 % das persoas empregadas a tempo completo; porcentaxe considerablemente maior que o 22 % de media na industria do petróleo e o gas a escala mundial. Aínda así, a participación das mulleres nas renovables é moito menor nos postos de ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas (STEM) que nos postos de administración.

IRENA tamén identifica a dobre carga que supón para as mulleres a conciliación da vida persoal e laboral, especialmente durante a maternidade, os requisitos de mobilidade e os horarios laborais esixentes, como factores que inflúen negativamente á hora da permanencia das mulleres nos postos de traballo do sector.

No contexto de acceso ás enerxías renovables, as mulleres enfróntanse a obstáculos para participar no sector, sinalándose como os principais as normas culturais e sociais, a falla de programas e políticas con enfoque de xénero, e a falla de competencias e oportunidades de formación.

Por outra banda, existen escasos datos que analicen o comportamento diferencial de mulleres e homes neste ámbito concreto de actuación. Como usuarias de enerxía, as mulleres continúan a ser maioritariamente as responsables das actividades e servizos domésticos que a requiren e desta forma son as principais xestoras da enerxía influíndo directa ou indirectamente no consumo enerxético do resto de membros do fogar; e algúns estudos parecen confirmar que as mulleres teñen maior conciencia enerxética de cara ao aforro e o uso de enerxías renovables.

Dentro das actuacións que se desenvolven no marco deste programa de gasto, indicar que unha parte moi importante das axudas para enerxías renovables van destinadas a familias, en concreto, a melloras enerxéticas nos fogares (caldeiras de biomasa, placas solares...) Estes investimentos supoñen unha mellor calidade de vida das familias e leva aparellado tamén un aforro enerxético e económico.

Ademais, neste programa de gasto tamén se encadran algunhas actuacións no eido da pobreza enerxética, dirixidas ás familias máis vulnerables de Galicia, para contribuír ao pagamento da factura eléctrica e evitar os cortes de subministración.

Recoméndase que a información sexa recopilada con perspectiva de xénero dado que a Lei 7/2023 do 30 de novembro, promove aos sectores emerxentes, e as actividades de innovación ecolóxica, e de tecnoloxías emerxentes con baixo impacto ambiental, tanto no ámbito urbano como no rural como nicho no que é posible implantar e desenvolver un traballo femenino que permita mellorar a igualdade no emprego.

PROGRAMA 734A-FOMENTO DA MINARÍA

O programa 734A ten como obxectivo xeral o de fomento da minaría no marco da Axenda da Minería Sostible de Galicia (AMSG) 2030 e establece a necesidade de impulsar a súa dixitalización. O sector da minaría cualifícase como sector económico estratéxico da comunidade autónoma.

O programa está destinado a promover accións que contribúan ao desenvolvemento dun sector mineiro seguro e sustentable a través da innovación, a mellora da competitividade, a modernización das súas técnicas e tecnoloxías, a identificación das mellores prácticas aplicables, a divulgación do seu coñecemento,, a procura da excelencia ambiental e o control do cumprimento da legalidade vixente.

O programa está clasificado como de actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiental, a sociedade no seu conxunto, etc).

Está previsto a incorporación da variable de xénero no ámbito mineiro, atendendo ás problemáticas específicas en materia de igualdade que se presentan neste ámbito, incidindo na visibilización da presenza da muller no sector.

Entre os obxectivos o programa ten o da transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade; e o da igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

As medidas implantadas no ano 2019 e o avance na implantación da perspectiva de xénero que terán lugar durante o ano 2026, son positivas, recomendándose remitir á DX de Promoción da Igualdade as estatísticas, estudos e información de xénero que sexa recopilada.

PROGRAMA 741A-APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL

O obxectivo deste programa é a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), como no ámbito da Axencia Galega de Industria Forestal (XERA). Está destinado a impulsar novas empresas e fomentar o espírito emprendedor, sendo apoiadas por centros tecnolóxicos e organismos de investigación.

Trátase dun programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

En relación ao IGAPE, este velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas. Naqueles programas de axuda nos que se valore a creación ou mantemento de emprego, establecerase unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos. E por outra parte, para os distintos programas de axuda obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

Segundo se sinala na memoria, a maioría das actuacións están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que o análise da situación debe facer énfase nestas. Valórase como positivo que se indique que esa análise se fará fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

No ámbito forestal a Axencia Galega da Industria Forestal - XERA: baixo a denominación #ElasXeranSector, promove iniciativas activas para visualizar e incrementar a presenza do talento feminino no sector, xerando grupos de traballo con compromisos certos na súa axenda de reunións e de actuacións a favor da igualdade efectiva, nunha industria na que tradicionalmente había unha representación inferior das traballadoras. Complementariamente, a Axencia foi pioneira na adhesión ás iniciativas #HeForShe, promovida pola ONU, e #DóndeEstánEllas, promovida polo Parlamento Europeo, sendo a segunda entidade galega en adherirse tras o COAG (Colexio oficial de arquitectos de Galicia).

No ano 2026, a Axencia Galega da Industria Forestal, nas liñas de axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais cofinanciadas co FEADER, así como as destinadas á valorización e á segunda transformación da industria forestal galega e do contract, terán unha puntuación adicional as empresas que conten con mulleres que desempeñen funcións de dirección ou xerencia.

Na liña de axudas destinada á valorización e á segunda transformación da industria forestal galega e do contract contemplará que as empresas que teñan un plan de igualdade voluntario terán unha puntuación adicional.

Na liña de axudas destinada á formación non regulada no eido industrial-forestal contemplará que as asociacións que presenten proxectos nos que participe unha muller como docente ou nun rol principal diferente ao de presentadora terán unha puntuación adicional.

Así mesmo, consolidaranse as actuacións dos grupos de traballo amparados baixo a denominación #ElasXeranSector que permiten, non só visualizar o talento feminino existente no sector, senón tamén realizar tarefas de información e divulgación que permitan

a implantación de políticas de igualdade efectiva nas diferentes empresas da cadea monte industria.

A memoria identifica como obxectivos en materia de igualdade a Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes; a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade; a igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo e a promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.).

O programa indica para IGAPE e XERA que non en todos os proxectos de gasto será posible avaliar os efectos en relación ao sexo e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, pero que noutros dirixidos especificamente a persoas físicas si será posible obter información. Pero cos resultados destes programas, tendo en conta o indicado xa se está constatando unha maior presenza de mulleres en accións formativas e de difusión.

Recoméndase para avanzar na igualdade en sectores tan masculinizados como son o industrial en xeral e o da industria forestal, utilizar os recursos previstos na propia lexislación establecendo campañas de sensibilización, visibilización das mulleres do sector a fin de que as rapazas atopen referentes a seguir, e sobre todo, iniciar nos proxectos de gasto dirixidos a persoas xurídicas unha inicial recolleita de información en relación ao sexo das persoas que representan á entidade, os postos directivos, as persoas contratadas a través dos programas de gastos etc.

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

E02 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o

OO01 - Mellora da competitividade mediante a incorporación da innovación e as TIC nas empresas, especialmente nas PEMES . Transformar o

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	5,0	Nº

E03 - Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, en especial as PEME

OO02 - Consolidar a aposta pola innovación e a internacionalización mediante a diversificación de produtos e mercados.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	51,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	51,0	Nº

Conclusións

No ámbito de actuación desta consellería atópanse áreas nas que ten gran importancia a consideración da perspectiva de xénero á hora de deseñar, desenvolver a avaliar as actuacións que se realizan, e valórase positivamente que se fomenten as políticas de igualdade nos ámbitos da ciencia e da tecnoloxía, para tratar de incrementar e visibilizar a presenza das mulleres no ámbito científico-tecnolóxico e nas actividades de investigación.

Ademais de que, naqueles ámbitos nos que non se van realizar actuacións directas con repercusións de xénero, se integre a perspectiva de xénero de xeito transversal en moitas das actuacións a través do uso dunha linguaxe non sexista e da utilización de imaxes que visibilicen ás mulleres en ámbitos nos que están infrarepresentadas, nos estudos e estatísticas de prevención de riscos, en moitas das convocatorias aplicando criterios de preferencia ás mulleres ou valorando os proxectos que teñan relación coa temática de igualdade, etc.

Recoméndase, na memoria, o uso dunha linguaxe non sexista.

Recoméndase con carácter xeral tender a elaborar unha estratexia común e transversal da perspectiva de xénero para o ámbito industrial que implique a obtención de estatísticas con indicadores de xénero para todos os programas.

Todos os programas teñen un gran potencial para aplicando a lexislación de igualdade vixente e avanzar a igualdade de xénero no emprego en xeral, e en concreto no desenvolvemento dunha dixitalización do sector industrial, tamén para promover o avance igualitario nos ámbitos da investigación propios da industria, e especificamente no ámbito das actividades innovadoras e da promoción do empresariado e emprego feminino das renovables.

Recoméndase en todo caso, que por tratarse de ámbitos masculinizados, se preste atención ao control da seguridade nos aspectos que afectan a igualdade de xénero e a protección da muller fronte a violencias diversas, como pode ser a execución das infraestruturas en clave de xénero, ou que as inspeccións en materia de seguridade industrial atendan as características propias de cada sexo para valorar a seguridade das mulleres, a existencia de espazos seguros para cambiarse ou dispor de espazos de aseo persoal con seguridade. Tamén prestar atención no ámbito industrial e das infraestruturas de espazos libres de violencia sexual ou a financiamento de programas informáticos que impidan nesgos de xénero, por dar algunha suxestión mais concreta.

.

IV.7. CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACÓN PÚBLICA

A Consellería de Facenda e Administración Pública é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponden as competencias e funcións que, en materia de facenda se establecen no Estatuto de autonomía, así como a coordinación en materia de contratación pública e de función pública, de conformidade coa lexislación vixente. Así mesmo, corresponderanlle as competencias relativas á definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións e a súa aplicación para a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

A Consellería integra tamén as seguintes entidades: a Escola Galega de Administración Pública, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Axencia Tributaria de Galicia e o Consello Económico e Social de Galicia.

Polo seu carácter, moitos dos seus programas de gasto non inclúen accións que poidan ter repercusión directa ou indirecta sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes polo que se van analizar os programas de gasto que se refiren á formación do persoal, á función pública, fomento da sociedade da información e do coñecemento, dirección e servizos xerais de facenda e planificación e coordinación económica.

PROGRAMA 122A-AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Aínda que a consellería identifica este programa de gasto como destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión e, polo tanto, carente de repercusión dende o punto de vista do xénero, hai que ter en conta que, segundo a memoria, o programa vai dirixido a todos os centros directivos, a todos os procedementos e servizos públicos, a totalidade da cidadanía galega na medida en que o obxectivo primario sempre se dirixe a acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión pública que se traduza nuns servizos públicos que funcionan ben e satisfacer as demandas e necesidades da sociedade de Galicia.

A memoria identifica entre os obxectivos presentes na normativa e plans vixentes de aplicación a incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

En todo caso, dada a repercusión do programa no "impulso de actuacións no ámbito dos servizos públicos e da contratación pública" recoméndase ter en conta o contido do VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 para a actividade contractual e subvencional.

O plan indica no seu punto 7.9 (Ámbito Instrumental. Transversalización da perspectiva de xénero na actividade da Xunta de Galicia) que pretende mellorar as actuacións en materia de igualdade de xestión pública coa seguinte estratexia "A aplicación do enfoque de xénero ao conxunto da xestión pública debe realizarse dun xeito máis sistemático e intenso. A incorporación de cláusulas favorecedoras da igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e nas subvencións está, sen dúbida, cada vez máis estendida no sector público autonómico, aínda que precisa dunha aplicación máis contundente, por exemplo, mediante criterios de puntuación automática, non só aplicables aos casos nos que se produce un empate entre as ofertas.

Ademais, cómpre realizar un seguimento da aplicación destas cláusulas polo conxunto da Administración xeral e o seu sector público, así como impulsar procedementos de control e seguimento do cumprimento real dos criterios favorecedores da igualdade por

parte das empresas adxudicatarias (implantación efectiva de plans de igualdade e programas de conciliación, garantía da igualdade salarial etc.).”

Para facer efectiva esta cuestión recóllese como prioridade de actuación a de “Incorporación de cláusulas relacionadas coa igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e subvencional do sector público autonómico e seguimento da súa aplicación, así como do cumprimento efectivo dos criterios de igualdade por parte das empresas adxudicatarias.”

PROGRAMA 122B-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A través deste programa de gasto, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) atende a, entre outras, as seguintes necesidades, relacionadas coa igualdade: conciliar a vida persoal e familiar do persoal empregado público, apostando pola autoformación ou a teleformación, por exemplo; ou concienciar ao persoal ao servizo da administración do respecto aos principios de igualdade e non discriminación como principios básicos, a través dun plan específico de formación en igualdade e loita contra a violencia de xénero, pero tamén incorporando tales contidos de maneira transversal noutras actividades formativas.

Ademais do anterior, ás persoas que gozasen dun permiso de maternidade ou doutro proxenitor distinto da nai biolóxica, así como de redución de xornada ou excedencia para coidado de familiares, outórgaselles unha puntuación adicional no baremo de selección.

Polo que se refire ás actividades formativas organizadas pola EGAP durante o ano 2024 poden extraerse os seguintes datos:

- Porcentaxe de mulleres que participaron nas actividades formativas: 71,87%

Do total do alumnado que participou nas actividades formativas da EGAP en 2024, un 71,87% foron mulleres, o que vén dar conta do elevado grao de participación das empregadas públicas no conxunto da formación desenvolta pola escola.

Se atendemos de xeito diferenciado aos distintos colectivos de empregados públicos aos que se dirixe a formación da EGAP, atopamos o seguinte:

No caso do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma e á Administración institucional e dos entes instrumentais do sector público de Galicia, o 71,51% son mulleres.

- No caso das actividades para o persoal ao servizo da Administración local, un 76,12% dos participantes foron mulleres.

- Das persoas que participaron nas actividades que desenvolve a EGAP dirixidas ao persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) das universidades do Sistema Universitario de Galicia, un 73,56% foron mulleres.

- Destaca a elevada presenza feminina nas actividades dirixidas ao persoal da Administración de xustiza, cun 81,56 % de mulleres

En 2024, en materias especificamente relacionadas coa igualdade ou a prevención da violencia de xénero, impartíronse: 41 edicións, correspondentes a 30 actividades formativas diferentes. Adicionalmente, desenvolvéronse 13 edicións de actividades na modalidade de autoformación, correspondentes a 8 actividades diferentes.

Valórase especialmente que dende a EGAP se teñan implantado novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero na xestión, desenvolvemento e avaliación das accións que financia este programa de gasto. En concreto as seguintes:

- Realización dunha convocatoria de actividades de formación en materia de igualdade e violencia de xénero independente da convocatoria xeral. Esta forma de xestionar as convocatorias, realizada nos últimos anos, permite seguir a poñer de relevo que con estas actividades non só se trata de formar senón tamén de sensibilizar e concienciar ao persoal empregado público sobre a importancia de ter unha cultura de traballo baseada na igualdade. Así mesmo, dispone dunha información máis directa e específica sobre o interese e satisfacción que estas actividades en concreto despertan no persoal e facer un seguimento do grao de cumprimento do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Recollida sistemática desagregados por sexo acerca dos empregados/as públicos que cursaron actividades formativas na EGAP que pode ser consultada desde o ano 2021. Anteriormente, só se recollía esta información respecto dos cursos convocados en materia de igualdade e violencia de xénero, así como naqueles outros cursos nos que se recibise unha petición en tal sentido. A nova estratexia deseñada estende este tipo de información a calquera actividade organizada pola Escola Galega de Administración Pública.

A memoria resalta entre os obxectivos contemplados neste programa seguindo a normativa e planificación vixente os seguintes:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

Este programa participa no desenvolvemento do VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 onde a EGAP participa nas seguintes liñas de actuación:

- Liña de acción 9.2.3 Reforzamento da oferta formativa en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e violencia de xénero e realización de procesos de avaliación de necesidades para adaptar a formación ás demandas e especificidades do desempeño profesional dos distintos corpos e do persoal político ao servizo da Administración autonómica e do seu sector público.

- Liña de acción 9.2.5 Mantemento e ampliación, no seu caso, dos dereitos e medidas favorecedoras da conciliación da vida persoal, familiar e laboral para o persoal da Administración autonómica, desde un enfoque de fomento da corresponsabilidade.

- Liña de acción 9.3.1 Impulso de actuacións para reforzar a transversalización do principio de igualdade na actividade das administracións locais e nas políticas dirixidas ao seu persoal.

Recoméndase que a información que teña relevancia para a análise de xénero sexa compartida coa Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e difundida como publicidade activa, en desenvolvemento da lexislación de igualdade vixente na Comunidade autónoma (artigo 27 Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia) e da lexislación de transparencia de Galicia (Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno).

PROGRAMA 124A-DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA

O principal obxectivo deste programa orzamentario dende o punto de vista da perspectiva de xénero é o de manter e avanzar na consecución dunha Administración autonómica máis igualitaria.

Os principais indicadores que se poden utilizar para facer unha análise da situación actual aplicando a perspectiva de xénero son: porcentaxe de mulleres e homes que son persoal ao servizo da Administración pública autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que desempeñan postos directivos na administración, porcentaxe de mulleres e homes que desempeñan altos cargos na administración autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que participan nos procesos selectivos e porcentaxe diferenciado de mulleres e homes que superan ditos procesos e polo tanto acceden a un emprego público.

No caso do acceso á función pública, a desagregación deses datos por sectores de actividade, corpos, escalas ou categorías de acceso, permitiría detectar aqueles sectores onde o grao de paridade no acceso sexa menor.

Para obter esta información que permita facer este análise dende o punto de vista do xénero, a propia administración dispón do Rexistro de Persoal, dos Rexistros de altos cargos, do futuro Rexistro do persoal directivo así como da información de xestión dos procesos selectivos.

Os obxectivos identificados en materia de xénero son: a incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento, a información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes e a igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

PROGRAMA 571A-FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO

Finalidade e estratexia do programa para o ano 2026:

• No ámbito da administración dixital, será relevante a continuidade da execución do plan de automatización de procesos mediante a plataforma RPA da administración pública galega, que reducirá os tempos de tramitación en especial no caso de procesos masivos. Abordarase a posta en marcha das iniciativas dentro do modelo 360 de relación coa cidadanía: o nodo de información cidadá, a sistema de identificación e servizos de atención virtual. Continuará a incorporación de contidos en XuntaEU, e avanzarase na execución das iniciativas vinculadas á linguaxe claro e accesibilidade coa cidadanía, co deseño de servizos baseados na experiencia do cidadá. En canto a dixitalización de procedementos abordarase un plan de impulso de dixitalización para completar o proceso interno e mellorar a calidade da información dispoñible tanto para a administración como para o cidadá. E a incorporación de capacidades de analítica de procesos. E continuarase co desenvolvemento dos principios e instrumentos que quedan recollido na Lei 4/2019, de 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia. Igualmente debe mencionarse: a extensión dos servizos dispoñibles na plataforma de xestión dos procesos de emprego público e do expediente dixital do empregado público.

• Abordarase a primeira estratexia do dato, dentro do desenvolvemento da economía do coñecemento. Continuará o desenvolvemento das infraestruturas de datos, dende o sistema de datos de referencia, e a execución do iniciativa de casos de uso para a toma de decisións estratéxicas utilizando analítica avanzada de datos e capacidades de bigdata e intelixencia artificial.

• Continuará a evolución da plataforma transversal territorio intelixente que ten como finalidade garantir a dispoñibilidade e coñecemento de información do territorio a partir da información de fontes diversas tanto de tramitación como de sensorización do territorio, e que incorpora capacidades de desenvolvemento de xemelgos dixitais territoriais. E que da servizo aos sistemas de información que precisan de capacidade de información xeográfica.

• Por outra banda, dentro dos sistemas corporativos para o desenvolvemento de servizos dixitais, darase continuidade ás iniciativas no contexto da "Plataforma de Territorio intelixente", No relativo a capacitación dixital da cidadanía en xeral, e do persoal empregado público en particular, desenvolveranse os plans de capacitación e procesos de acreditación da certificación galega en competencias dixitais. Ampliaranse as capacidades das plataformas de formación utilizadas nos diferentes ámbitos sectoriais da Xunta, así como as específicas do marco galego de competencias dixitais.

• Darase tamén continuidade á execución do "III Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2025". Abordarase a execución dos proxectos a desenvolver no marco do MRR de Xustiza. Será especialmente relevante a posta en marcha do novo sistema de xestión procesual dentro do marco do convenio de prestación de servizos co Ministerio de Justicia.

• No ámbito dos medios para o persoal empregado público, continuara o proceso de dotación de medios para o teletraballo, e dos medios para a xestión sostible do equipamento, así como a ampliación da canle de autoservizo na relación coas persoas usuarias dos medios dixitais, tanto do sector público autonómico como do servizo público de Xustiza.

Nos ámbitos sectoriais (educación, servizos sociais, medio ambiente, transporte, vivenda, urbanismo, emprego, agrogandeiro, forestal, pesqueiro, consumo, cultura, turismo, ...), desenvolveranse diversos programas de modernización tecnolóxica entre os que destacan:

• O Proxecto Abalar de transformación do sistema educativo galego a través das TIC, coa consolidación e ampliación dun modelo de Educación Dixital que permita ao alumnado e profesorado dos centros sostidos con recursos públicos de Galicia aproveitar as posibilidades dun ensino completamente dixital. Tamén este curso rematarase a dixitalización das aulas do sistema educativo galego, chegando a máis de 14.000 aulas dixitais para todas as ensinanzas non universitarias. Compleméntanse con múltiples actuacións como a adecuación dos sistemas aos novos reais decretos relacionados coa lei orgánica 3/2022 de ordenación e integración da Formación Profesional, a evolución tecnolóxica de toda a plataforma software, ou o inicio do desenvolvemento dunha nova versión do sistema de xestión académica (Xade).

• Continuarase coa execución de proxectos relacionados co novo Modelo residencial da Consellería de Política Social e Igualdade, enmarcados no concepto da Residencia dixital intelixente (extensión de solucións corporativas ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar), coa implantación de solucións de teleasistencia avanzada e sensorización nas residencias de maiores e discapacitados e no ámbito domiciliario. Así mesmo no contexto do desenvolvemento do proxecto de Historia Social continuarase coa renovación da actual ferramenta de traballo de referencia en servizos sociais comunitarios,

iniciarase o despregue do novo módulo de Educación familiar, e iniciarase a implantación do novo sistema de información da FUNGA.

• Na modernización tecnolóxica do transporte, continuarase coa execución do proxecto plataforma galega de mobilidade 4.0. que integra entre outros compoñentes: un planificador avanzado e un sistema de reservas que integre servizos de transporte de toda a comunidade autónoma (interurbanos, urbanos, navieiras, transporte adaptado, etc); a modernización dos sistemas de billetaxe adoptando un modelo baseado en conta que permita o pago co móbil, tarxeta bancaria (EMV) ou una nova tarxeta de transporte de Galicia; o lanzamento dunha nova tarxeta de transporte público de Galicia e os servizos financeiros, de soporte e de atención aos usuarios da plataforma. Así mesmo avanzarase no desenvolvemento dunha aplicación para a dixitalización da labor inspectora en materia de transporte e continuarase co desenvolvemento de novas funcionalidades na oficina virtual do transporte (OTRANS) e no Sistema de Axuda á Explotación de Galicia (SAEGAL)

• Na modernización tecnolóxica da xestión e conservación do medio ambiente, incorporaranse á plataforma medioambiental Gaia novos procesos para unha xestión dixital da relación co sector e novas ferramentas para o seguimento e control dos expedientes medioambientais. Desenvolveranse novas aplicacións para a xestión dos espazos naturais de Galicia e o seguimento da biodiversidade, a xestión dos permisos e licenzas de caza e pesca, e a tramitación de axudas relacionadas coa fauna silvestre.

• Continuarase coa mellora da publicación e xestión da información meteorolóxica e climática, predición e observación meteorolóxica, calidade do aire e modelos numéricos, incorporando novos servizos neste senso no portal de Meteogalicia e as aplicacións móbiles.

• Desenvolverase a Plataforma Urbanística Dixital de Galicia, que permitirá a tramitación integral dos instrumentos de planificación territorial e urbanística e facilitará a participación cidadá nos procedementos de planificación urbanística.

• Continuarase co desenvolvemento da Plataforma Integral de Vivenda e Solo, que unifique a información neste ámbito e a súa xestión axudando á posta en valor dos recursos habitacionais de Galicia e facilitando á Administración unha visión global sobre a realidade do sector, simplificando a información e servizos dixitais facilitados aos cidadáns. Continuarase ademais coa posta en marcha dos sistemas necesarios para dar resposta ás liñas de actuación de Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 e das iniciativas autonómicas en materia de vivenda.

• A modernización dos sistemas que dan soporte ao Servizo Público de Emprego coa aplicación de IA para mellorar a empregabilidade. Modernización dos sistemas de toma de decisión así como o desenvolvemento de novos sistemas informáticos de xestión para centros especiais de emprego ou libros de subcontratación. Novas funcionalidades

nos portais de formación, ou no portal do empregador ou a incorporación de chatbots na relación co cidadán.

• No relativo ao Medio Rural abordaranse múltiples actuacións entre as que poden destacarse a adaptación dos sistemas de xestión á nova Política Agraria Común 2023-2027 e ao Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC), o desenvolvemento de funcionalidades do novo sistema de xestión para as explotacións agrarias e a súa extensión cara a unha Plataforma Agroforestal Dixital de Galicia, a actualización do Rexistro Vitícola, e a implantación de ferramentas para a realización de actas sobre o terreo polo persoal da consellería e integración automática cos sistemas de xestión.

• No eido forestal evolucionaranse as ferramentas de cortas privadas, de cortas públicas e de trazabilidade, vencelladas á orixe extractiva da madeira e a súa rastrexabilidade, facilitando un cumprimento áxil das obrigas de deforestación cero (Regulamento EUDR). Afondarase na explotación de información de orixe satelital, aérea e sobre o terreo no Inventario Forestal Continuo de Galicia, aliñando os sistemas de información para facilitar un mercado de Créditos de Emisión de Carbono na estratexia de Dixitalización e Descarbonización (D&D). Acometeranse melloras e extensión de uso nos aplicacións móbiles para os traballos de campo tanto nas tarefas de inspección forestal como nas de defensa contra o lume.

• No sector pesqueiro, completarase e estenderase a novos procedementos de axudas o desenvolvemento e posta en marcha de sistemas de xestión cara ao período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura (FEMPA) do período 2021-2027, engadiranse ferramentas de explotación analítica de datos (BI) na Plataforma Tecnolóxica da Pesca e melloraranse os procesos de comercialización no proxecto Lonxas Galegas 4.0 estendendo o mesmo e implantando estas solucións en novas lonxas e confrarías; e evolucionarase o sistema de xestión dos permisos de marisqueo.

• No eido da empresa, continuarase coas iniciativas vinculadas ao desenvolvemento do mapa industrial de Galicia e solo. Adicionalmente, continuarase co proceso de dixitalización do ámbito de consumo.

• No eido do Patrimonio e Cultura, e en concreto na iniciativa "Memoria Dixital de Galicia", continuarase coa evolución da marcha a plataforma Galiciana Semántica para a aplicación de tecnoloxías baseadas en grafos de coñecemento que permite abordar un novo xeito de difusión do patrimonio; estenderanse os arquivos integrados nos sistemas corporativos de xestión de arquivos; continuarase coa ampliación do sistema de xestión do catálogo de patrimonio. E continuarase coa evolución coa dos compoñentes desenvolvidos no ámbito da lingua e desenvolvemento dos sistemas do ámbito de museos.

• No relativo ao sistema de bibliotecas de Galicia, continuarase coa extensión nas bibliotecas municipais, escolares e especializadas, a consolidación do convexencia das

bibliotecas físicas e dixitais para a prestación de servizos dixitais que integren ambos contidos. E a evolución dos sistemas vinculados ao ámbito de bibliotecas.

• No ámbito de turismo, continuarse coa execución do Sistema de Información Intelixente de Turismo de Galicia (SIT), a posta en marcha do sistema de información para as oficinas de turismo, e a posta en marcha dos servizos de asistencia virtual para os visitantes.

No ámbito da Transformación Dixital da Facenda Autonómica estas son as principais iniciativas que se desenvolverán no 2026:

No que respecta á xestión tributaria, seguirase a traballar nos tres eidos que marcan a estratexia tecnolóxica dos vindeiros anos:

• Mellora da relación co contribuínte: potenciación de canles dixitais, como a web, o emprego de asistentes virtuais e a consolidación da videoasistencia como unha nova canle de relación cos contribuíntes. Ademais, evolucionaranse os medios de pago coa consolidación da modalidade de pagamento con domiciliacións en contas de entidades non-colaboradoras da zona SEPA. Tamén se continuará coa evolución da Oficina Virtual Tributaria e da aplicación móbil e coa ampliación do catálogo de servizos e optimizando o acceso a servizos e trámites.

• Eficiencia na xestión: ampliarase a todas as delegacións e oficinas o acuse electrónico (PEE) nas notificacións postais e consolidarase a integración do sistema documental Aporta co HUB xudicial do TEA. Ademais, levarase a cabo a integración coa AEAT para o envío de débedas en executiva e implementarase a integración coa DGT para comunicar a presentación dos impostos e así facilitar a transferencia dos vehículos. Continuarase co proceso de robotización dos principais procesos de negocio da Atriga, Ademais, abordarase a evolución tecnolóxica da plataforma do principal sistema de información da Atriga e consolidarase a nova aplicación de axuda á liquidación do imposto de sucesións (ALISweb).

• Loita contra o fraude: Seguirase a avanzar no emprego de tecnoloxías avanzadas de análise de datos para detectar a fraude tributaria.

No que se refire aos sistemas de nómina e contratación, os traballos máis importantes que se levarán a cabo teñen que ver coa conversión do Xestor de Expedientes de Contratación (PLATION) no rexistro de contratos das entidades do sector público Galego e tamén co inicio dos traballos de evolución tecnolóxica do sistema para o Control Financeiro da Xunta de Galicia (CFX).

No ámbito dos sistemas de xestión e control económico continuaremos avanzando cara ao funcionamento plenamente electrónico do sector público con diversas actuacións entre as que cabe destacar a xeneralización do uso do documento contable electrónico e a implantación do novo plan xeral contable de Galicia". Tamén se avanzará cara ao

funcionamento plenamente electrónico do sector público con diversas actuacións entre as que cabe destacar o inicio da aplicación de tecnoloxías baseadas en IA ou a implantación do novo plan xeral contable de Galicia.

Dende un punto de vista transversal, continuarase coa modernización da plataforma tecnolóxica empregada pola Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica no ámbito tributario. No ano 2026 continuarase coa actualización da infraestrutura tecnolóxica de base dos principais sistemas de información da Consellería, e avanzarase na evolución tecnolóxica dos sistemas existentes así como no desenvolvemento dos novos sistemas empregando os estándares de desenvolvemento e calidade da Amtega. Con respecto ás telecomunicacións, continuarase coa mellora na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa.

Con respecto ás telecomunicacións, continuarase coa mellora na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa.

A evolución tecnolóxica do equipamento continuará coa ampliación e mellora da infraestrutura de almacenamento e sistemas de backup para asegurar a capacidade de gardado e recuperación de datos, optimizando a seguridade e a continuidade dos servizos, así como coa mellora na conectividade e xestión de servizos cloud, facilitando a escalabilidade e a interoperabilidade con provedores hiperescalares e garantindo unha interconexión segura e eficiente. .

O Regulamento Xeral de Protección de Datos europeo (RXPD), Regulamento UE 2016/679, introduciu unha serie de importantes cambios no relativo á protección de datos persoais, que a Amtega debe promover no ámbito da Xunta de Galicia. Durante o ano 2026 están previstas unha serie de actuacións encamiñadas a dar cumprimento a este regulamento, que buscan mellorar a confidencialidade, autenticidade, integridade e dispoñibilidade da información sensible da cidadanía e das empresas que as administracións públicas e empresas teñen almacenada nos seus sistemas de información. Así mesmos, garantirá o bo funcionamento dos servizos ofrecidos pola Xunta de Galicia, acadando unha protección avanzada, sendo capaces de anticipar, detectar e resistir ciberataques.

Entre as actuacións previstas podemos destacar a progresiva adecuación técnica ao RXPD e ao ENS (Esquema Nacional de Seguridade) dos sistemas de información, o servizo de apoio aos Delegados de Protección de Datos, así como o impulso da formación e concienciación en seguridade da información.

Como novidades máis relevantes para o ano 2026 cómpre destacar a previsión da finalización da obra do edificio que albergará o Centro de ciberseguridade de Galicia e tamén a execución de contratos derivados do actual acordo marco de servizos de ciberseguridade (licitado en 2024), que permitirán dar continuidade á prestación de servizos de ciberseguridade no ámbito da administración local. Tamén se executarán os convenios

de colaboración no ámbito do programa RETECH ciberseguridade (convenio con centros tecnolóxicos para posta en marcha de rede de laboratorios e convenio con Educación para formación en ciberseguridade no ámbito da FP, convenio con Emprego para formación a profesionais), ademais de implantar o laboratorio /centro demostrador transversal que estará no CECIGA.

No ámbito da sociedade dixital, manteranse as iniciativas que se están a levar a cabo e lanzaranse outras orientadas aos colectivos obxectivo, aqueles nos que a fenda dixital é máis evidente: no ámbito empresarial ás pemes, micropemes e autónomos, e no ámbito da cidadanía, facendo foco nos colectivos en risco de exclusión dixital, intensificando a atención adicada ás persoas maiores, mulleres e poboación asentada no rural.

Os obxectivos estratéxicos seguen sendo dotar ao conxunto da cidadanía dos medios, a conectividade e a capacitación dixital necesaria e impulsar un ecosistema de transformación dixital no tecido empresarial galego a través da introdución de solucións avanzadas. As actuacións máis relevantes son as seguintes:

• No eido da conectividade, resaltamos que é o Goberno de España o que conta cos principais fondos europeos para continuar coa extensión de redes de moi alta velocidade no territorio do Estado e, por conseguinte, en Galicia. O Goberno de España pretende acadar os novos obxectivos 2025 establecidos por Europa, entre os que se atopa: acadar ao 100% da poboación con cobertura de 100Mbps, dotar de 1Gbps ao principais motores socioeconómicos, estender as novas redes 5G en vías de transporte e cidades. Por isto, a AMTEGA fará un seguimento dos principais indicadores de cumprimento. A pesar do anterior, o Goberno galego, consciente da importancia dos servizos de comunicacións en mobilidade, seguirá traballando, de xeito complementario e paliativo ao Goberno de España, ao longo do ano 2026 nunha na mellora de cobertura móbil en zonas con deficiencias do rural;trala aprobación da iniciativa por parte da Comisión Europea en decembro de 2021.

• Actuacións para a incorporación das TIC nas pequenas e medianas empresas de Galicia, xunto co impulso do uso de servizos dixitais por parte de todos os sectores produtivos, a través da continuidade do programa de apoio á transformación dixital das pemes, reposicionado como ReactivaTEC.

• Actuacións enfocadas a impulsar e potenciar ao sector TIC galego.

• Proseguirase co desenvolvemento das actuacións de inclusión, alfabetización, capacitación e talento dixital recollidas no novo Plan Digitalent 2030 co obxectivo de converter á sociedade galega nunha "Comunidade Dixital" e en liña coa Estratexia Galicia Digital 2030 que marca como obxectivo asegurar que a cidadanía conta coas capacidades dixitais básicas para participar de forma efectiva no novo contexto dixital, propiciando unha me-

llor calidade de vida, a creación de oportunidades de emprego e a redución das fendas de participación existentes, en especial entre os colectivos máis vulnerables.

No ano 2026, no seo do Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT deseñado co fin de transformala e facela evolucionar para dar resposta aos novos tempos coa disposición de centros de referencia tecnolóxica e que impacten en todo o territorio con actuacións de alfabetización, capacitación e talento dixital, continuará coas seguintes iniciativas:

• Ampliación da Rede CeMIT con novas aulas, e revisión das existentes.

• A dotación de equipamento tecnolóxico innovador e a renovación do equipamento de base das novas aulas.

• Continuación de novos servizos de formación e capacitación dixital aliñados co Marco Galego de competencias dixitais, que contribuirán a lograr o obxectivo marcado polo Compoñente 19.11 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

• A ampliación de servizos de inclusión dixital no rural contará cun servizo de aula móbil itinerante.

• Unha quinta liña focalizará o seu esforzo na integración, soporte e mantemento dos servizos dixitais para o fomento da inclusión e capacitación dixital.

• Estas cinco liñas de traballo serven de apoio ao desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais, regulado polo Decreto 123/2021, do 2 de setembro, un labor que dá continuidade ao traballo iniciado en 2022 e que conta coa Rede de aulas CeMIT e os seus profesionais como aliados clave para lograr os seus obxectivos. Así, continuarase cos plans de capacitación e certificación para a cidadanía e o persoal empregado público, así como sistemas e ferramentas que permitan xestionar esta capacitación.

• Durante o 2026 o centro GaiásTech seguirá a prestar os servizos necesarios para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e startups, a ser máis competitivos.

• Continuarase co desenvolvemento de actuacións para o fomento e difusión do Software Libre no sector empresarial, a cidadanía e a propia administración pública, a través do novo Plan de Software Libre de 2026, en colaboración cos diferentes axentes do tecido do sector en Galicia.

• Trala posta en marcha do ecosistema GobTech, durante o 2026 traballarase no desenvolvemento das actuacións contempladas no seo do acordo marco para o impulso de tecnoloxías avanzadas no sector público, perseguindo fomentar o liderado da administración na adopción de tecnoloxías dixitais innovadoras.

A innovación tecnolóxica ten un papel chave á hora de mellorar o desenvolvemento económico, facilitar a inclusión social e permitir unha mellor protección do medio ambiente. Neste senso, continuarase co desenvolvemento da Estratexia Galicia Dixital 2030 para aproveitar o potencial dixital para responder aos novos retos globais co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos contribuíndo ao aumento da calidade de vida na comunidade e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medioambiental. Con esta nova folla de ruta para a vindeira década refórzase o compromiso e aposta pola transformación dixital adquirido en 2009, e que se foi renovando e reforzando cos diferentes obxectivos marcados nas dúas Axendas Dixitais de Galicia.

No marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial, traballarase no deseño e posta en marcha da Oficina de Intelixencia Artificial de Galicia, elemento clave no modelo de goberno establecido polo goberno galego para o desenvolvemento e impulso desta tecnoloxía en Galicia. Deste xeito, avanzarase na definición e aprobación dos procedementos necesarios para dar cumprimento co Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial, así como coa Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia.

Cómpre indicar que este programa ten perspectiva de xénero.

PROGRAMA 611A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA

Este programa de gasto atende ás tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos que, por ter un orzamento singularizado para o desenvolvemento das súas funcións, precisan de apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro.

A consellería cualifica este programa de gasto como de mera actividade administrativa e de xestión, sen repercusión en cuestións de xénero.

PROGRAMA 612A-PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA

Este programa de gasto destínase á elaboración de seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia.

A consellería, na memoria, clasifica o programa como "programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres".

En canto aos obxectivos en materia de igualdade sinálanse "outros", pero non se especifica cales son.

En relación á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, presenta unha tipoloxía de actividades de carácter "indirecto", é dicir, que non inflúen direc-

tamente en ningún colectivo de mulleres ou homes, nin asociacións ou outras entidades. As actuacións deste órgano en relación da promoción da igualdade, presentan resultados xerais no ámbito da xestión de fondos estruturais.

A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos vén de aplicar determinadas medidas de "discriminación positiva" para empresas cun maior desenvolvemento en materia de igualdade, para os casos de empate. Concretamente:

- Nas cláusulas administrativas dos pregos dos procedementos de contratación especifícase que, no caso de persistir empate de proposicións, logo de aplicar o reconto de persoal con discapacidade, resolverase para aquela empresa que acredite obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade conforme ao artigo 84.b) da Lei 7/2023.

No que respecta a réximes de axuda nos que a contratación de persoal ten un peso relevante, en particular no eido dos proxectos de I+D+i, foméntase a valoración do equilibrio de xénero na composición do equipo investigador.

No ámbito do Plan Estratéxico de Galicia realízase o seguimento e avaliación do principio horizontal de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres o do obxectivo estratéxico correspondente.

A valoración do programa é positiva, tendo en conta o mandato de transversalidade do artigo 20 da Lei 7/2023: "Significado da transversalidade e criterios de actuación.

1. Coa dupla finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico integrarán a dimensión da igualdade de trato e de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de acordo coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia."

PROGRAMA 621A-ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL

Este programa inclúe actuacións en materia financeira, tributaria, patrimonial e do control.

A consellería cualifica este programa de gasto como de mera actividade administrativa e de xestión, sen repercusión en cuestións de xénero.

No caso deste programa de gasto, a relación das actividades que se pretende desenvolver co xénero pode non ser tan directa e evidente, sen embargo debería analizarse o impacto diferencial que poden ter sobre mulleres e homes os distintos tributos e impostos xestionados pola Comunidade Autónoma, así como as deducións fiscais que se establecen no tramo autonómico do imposto do IRPF..

E5 - Eixe 5. Gobernanza

PA02 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san

E02 - Mantemento dos niveis máis baixos de débeda de entre as CCAA. Estabilidade e competitividade das finanzas públicas que favorezan un

OO02 - Reforzar as tarefas de planificación da Xunta e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
DE040H	Persoas-ano participando en labores de Xestión do Fondo FEDEER, cuxo salario é cofinanciado co Fondo FEDER (Hom	14,0	Persoas/ano
DE040M	Persoas-ano participando en labores de Xestión do Fondo FEDEER, cuxo salario é cofinanciado co Fondo FEDER (Mul	33,0	Persoas/ano

Conclusións:

Valórase positivamente que se impulsen e consoliden as actuacións de fomento da conciliación e da corresponsabilidade no ámbito da administración pública, a través de fórmulas como a flexibilidade da xornada laboral ou o teletraballo que, en todo caso, deben abordarse sempre dende a correspondabilidade.

Tamén se valora de maneira positiva que se avance na integración da perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma así como na execución das actuacións financiadas con fondos europeos e que se trate de incluír e considerar a perspectiva de xénero de xeito transversal nas actuacións do departamento.

Recoméndase, non obstante, xestionar mais información con indicadores de xénero e ter en conta en todo momento a obriga da transversalidade da perspectiva de xénero. Tamén revisar a linguaxe das memorias, xa que se utiliza en repetidas ocasións o xénero masculino como xenérico.

Por último, no relativo á actividade subvencional e á contratación administrativa, procede sinalar o indicado no VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 da Xunta de Galicia. "A aplicación do enfoque de xénero ao conxunto da xestión pública debe realizarse dun xeito máis sistemático e intenso. A incorporación de cláusulas favorecedoras da igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e nas subvencións está, sen dúbida, cada vez máis estendida no sector público autonómico, aínda que precisa dunha aplicación máis contundente, por exemplo, mediante criterios de puntuación automática, non só aplicables aos casos nos que se produce un empate entre as ofertas. Ademais, cómpre realizar un seguimento da aplicación destas cláusulas polo conxunto da Administración xeral e o seu sector público, así como impulsar procedementos de control e seguimento do cumprimento real dos criterios favorecedores da igualdade por parte das empresas adxudicatarias (implantación efectiva de plans de igualdade e programas de conciliación, garantía da igualdade salarial etc.)."

IV.8. CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é o departamento da Xunta de Galicia encargado do desenvolvemento, promoción e coordinación da política en materia de vivenda, urbanismo e planificación de infraestruturas.

PROGRAMA 451A-FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA

Ten a finalidade de mellorar as condicións de vida das persoas propietarias e usuarias das vivendas, de xeito que se favoreza a consecución dunha perfecta habitabilidade das vivendas ao mesmo tempo que se recupera o patrimonio residencial xa edificado, actuando con criterios de calidade e sostibilidade.

Desde o punto de vista da perspectiva de xénero, farase fincapé nos seguintes puntos:

-Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose)

-Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito

-Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto

-Existencia de indicadores con relevancia de xénero

-Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo

Apóstase tamén pola eficiencia enerxética dos edificios en consonancia coas estratexias europeas e pola accesibilidade a través dos programas de rehabilitación existentes. Neste sentido, é importante destacar a xestión dos programas do compoñente 2 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiados cos fondos MRR, regulados polo Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do plan de recuperación, transformación e resiliencia e o programa de mellora da accesibilidade nas vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025. Tamén se xestionarán os programas de rehabilitación que se inclúan no novo plan de vivenda estatal e no II pacto de vivenda de Galicia 2026-2031 no que se está a traballar.

Merece unha valoración positiva este punto, tendo en conta que as mulleres representan a maior porcentaxe dentro do colectivo de persoas en risco de exclusión e con menos posibilidades económicas, situación que se pode ver agravada pola concorrencia doutras circunstancias, como pode ser a condición de vítimas de violencia de xénero, ou o caso das familias monoparentais (case sempre encabezadas por unha muller). Está claro

que as competencias que se desenvolven a través deste programa de gasto deberían considerarse estratéxicas dende o punto de vista da igualdade de xénero.

Neste sentido, cómpre salientar o disposto na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, na que se contemplan, entre outras medidas, axudas ás familias máis vulnerables e para a mellora de vivendas.

PROGRAMA 451B-ACCESO Á VIVENDA

Igual que no caso anterior, aínda que na memoria se cualifica este programa de gasto como destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión e, polo tanto, non se considera que teña repercusión dende o punto de vista do xénero, non se pode perder de vista que na propia memoria se indica que a necesidade que trata de atender consiste basicamente en facilitar o acceso á vivenda, tanto en propiedade como en réxime de alugueiro, para aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións máis desfavorecidas e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual. Esta situación, desde a perspectiva de xénero, afecta como mínimo, ás mulleres vítimas de violencia de xénero, para as que a propia memoria sinala que se prevé o bono de alugueiros social para persoas vítimas de violencia de xénero.

En materia de vivenda seguiranse as directrices incluídas no Pacto de Vivenda de Galicia 2026-2031, no que se está a traballar despois do éxito do primeiro pacto que se asinou o 20 de xaneiro de 2021 e que se constituíu como instrumento de planificación das políticas públicas neste eido para o período 2021-2025 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, de xeito moi especial, preténdese dar cobertura ás situacións de risco de exclusión residencial a aquelas familias que están a atravesar situacións de especial dificultade. Estes apoios realízanse a través da implantación de medidas consistentes en programas de marcado carácter social, como son os programas do bono de alugueiro social como prestación que integra os dous anteriores programas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero e o programa de infravivenda.

Continuarase co programa Fogar Vivo, que ten por obxecto establecer axudas ás persoas ou entidades propietarias e usufrutuarias de vivendas coa finalidade de incentivar que as incorporen ao mercado de alugamento a través dunha renda accesible.

Con estas medidas preténdese posibilitar o acceso á vivenda tanto en compra como en alugueiro, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos, incrementar a vivenda de promoción pública, impulsar a iniciativa privada para desenvolver vivenda a prezos limitados, incrementar a oferta de vivendas en alugueiro e xestionar solo residencial que permita a construción de vivendas a prezos limitados.

O colectivo ao que se dirixe o programa 451B ten un carácter universal, sempre respectando as limitacións que estableza a normativa vixente. En concreto, o colectivo afectado desagrégase en:

• Persoas inquilinas que vaian alugar unha vivenda.

• Persoas propietarias de vivendas para que as poñan no mercado do alugueiro.

• Persoas beneficiarias das medidas implantadas pola Xunta de Galicia para evitar e paliar os desafiuzamentos hipotecarios ou por falta de pagamento dos alugueiros e garantir o acceso á vivenda (programa de realoxos, bono alugueiro, programa Fogar Vivo, asesoramento xurídico gratuíto...).

• Mulleres vítimas de violencia de xénero.

• Persoas menores de 35 anos adquirentes de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes, en centros históricos e de vivendas protexidas ou a prezo limitado.

• Adquirentes de vivendas de promoción pública.

• Persoas menores de 36 anos que adquiren a súa primeira vivenda.

• Persoas que adquiren unha vivenda protexida

Desde o punto de vista da perspectiva de xénero, neste programa farase fincapé nos seguintes puntos:

-Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose)

-Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito

-Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto

-Existencia de indicadores con relevancia de xénero (citar)

-Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo

PROGRAMA 521A-URBANISMO

O urbanismo é unha actividade que ten como obxectivo a intervención sobre a realidade urbana para orientar a súa transformación. Os obxectivos precisos desa intervención e os instrumentos para levala a cabo foron variando no tempo e, actualmente, o urbanismo preséntase en termos de sostibilidade, entendida como un equilibrio entre eficiencia económica, equidade ou xustiza social, e conservación ou protección do medio ambiente.

O Programa está destinado á realización de actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións

(programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)

Desde o punto de vista da perspectiva de xénero, farase fincapé nos seguintes puntos:

-Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose)

-Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito

-Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto

-Existencia de indicadores con relevancia de xénero (citar)

-Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo

Obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son:

-Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda

-Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade

A práctica urbanística consiste en tomar decisións sobre a localización das actividades no espazo, a forma do espazo público, do espazo privado e dos edificios, ou sobre as características dos sistemas de transporte. O urbanismo inflúe directamente na forma en que as persoas acceden a lugares de traballo, equipamentos e servizos; na comodidade para o seu uso e na necesidade de transporte para chegar a eles. Sen embargo as posibilidades de acceso non son iguais e mulleres e homes poden ter distintas necesidades e aspiracións no espazo urbano e distintas posibilidades de acceder aos bens e recursos.

Por iso, resulta imprescindible a consideración do xénero no ámbito urbanístico tendo como obxectivo a creación de espazos e dunha ordenación urbana que resulten axeitados para facer máis confortable o traballo, os labores de coidado e a vida cotiá. O urbanismo con perspectiva de xénero non é un urbanismo exclusivo das mulleres senón que ten en conta todas as etapas da vida, dende a infancia ata a vellez.

A axenda Urbana Española (AUE), aprobada en 2019, é un documento estratéxico que, de conformidade cos criterios establecidos pola Axenda 2030, a nova Axenda Urbana das Nacións Unidas e a Axenda Urbana para a Unión Europea persegue o logro da sostibilidade nas políticas de desenvolvemento urbano, e inclúe como obxectivo especí-

fico 6.2 buscar a igualdade de oportunidades dende unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade que ten, entre outras, as seguintes liñas de actuación:

- Integrar a perspectiva de xénero, idade e discapacidade nos temas relacionados co día a día das cidades, nas estruturas administrativas e nos procesos de toma de decisións.

- Aumentar a dotación de parques en áreas residenciais, frecuentados principalmente por persoas maiores, mulleres e niños/as, garantindo unha adecuada accesibilidade, iluminación e seguridade.

- Apoiar a "mobilidade do coidado" asegurando que as viaxes vinculadas ao cuidado doutras persoas e o mantemento do fogar se podan levar a cabo no menor tempo posible, nas franxas horarias requiridas e cun custe asumible.

Entre as actuacións que se financian dentro deste programa de gasto, destacan as que se veñen desenvolvendo en materia de equipamentos e contornos urbanos en colaboración cos concellos de Galicia, como elementos revitalizadores do territorio e do reequilibrio territorial, co fin de contribuír ao desenvolvemento local desas zonas e poñer a disposición dos seus habitantes os valores de ditos espazos. Durante os últimos anos asináronse máis de 300 acordos de colaboración con concellos.

Valórase especialmente que na memoria deste programa de gasto se indique que con moitas das actuacións que se prevé realizar vaise contribuír ao cumprimento da promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade, concretamente, identifícanse as seguintes medidas :

Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas):

-Indicador estimado (número de actuacións): 22

-Importe que se estima destinar a estas actuacións: 842.720,00 €

Instrumentos de planeamento de desenvolvemento

-Indicador estimado (número de plans en tramitación): 162

-Importe que se estima destinar a estas actuacións: 3.223.998 €

Humanización de espazos e equipamentos públicos con perspectiva de xénero e de conciliación

-Indicador estimado (número de actuacións): 31

-Importe que se estima destinar para estas actuacións: 10.571.181 €

PROGRAMA 511A. DIRECCIÓN E SERVIZOS DE INFRAESTRUCTURAS E TERRITORIO.

É este un programa instrumental de servizos administrativos que ten como finalidade proporcionar os medios materiais, persoais e de organización para o funcionamento dos servizos de carácter xeral da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas na procura da mellora da eficacia e eficiencia nos servizos públicos que se prestan aos cidadáns

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión

Desde o punto de vista da perspectiva de xénero, farase fincapé nos seguintes puntos:

-Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose)

-Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito

-Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto

-Existencia de indicadores con relevancia de xénero (citar)

-Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo.

PROGRAMA 512B. CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DAS ESTRADAS.

Este programa ten como obxectivo conservar en bo estado as estradas da Comunidade Autónoma, ordenar e xerarquizar a rede de estradas da Xunta en coordinación coas iniciativas das distintas administracións, mellorar á accesibilidade ás cidades e completar as comunicacións que ten Galicia co seu entorno (Asturias, León, Castela e Portugal).

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión

Desde o punto de vista da perspectiva de xénero, farase fincapé nos seguintes puntos:

-Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose)

-Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito

-Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto

-Existencia de indicadores con relevancia de xénero.

-Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo

E1 - Eixe 1. O reto demográfico

PA03 - Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade

E02 - Promover medidas de mellora da accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, que sexan saudables e que se

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P394.H	Bolseiros (homes)	6,0	Nº
P394.M	Bolseiros (mulleres)	7,0	Nº

Conclusións:

A incorporación da muller na formulación, planificación e execución de políticas ambientais segue a ser lenta.

Por iso, aínda recoñecendo que existe marxe para a mellora, cómpre valorar de xeito positivo a consideración xeneralizada da perspectiva de xénero e a valorización do papel das mulleres nun ámbito que, a priori, pode parecer desvinculado da temática da igualdade de xénero, recoñecendo que as mulleres teñen unha función fundamental que desempeñar na promoción do desenvolvemento sostible, xa que desempeñan un papel clave na adopción de modalidades de produción e consumo sostibles e ecoloxicamente racionais.

É preciso facer alusión ao VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 da Xunta de Galicia. No mesmo, inclúense liñas de actuación que afectan directamente ás políticas de vivenda e urbanismo e outras que afectan a todos os eidos das políticas públicas que hai que ter en conta. Así:

- A prioridade de actuación 7.4.2 "Introdución da perspectiva de xénero na planificación territorial e urbanística, na vivenda e no transporte para garantir a accesibilidade, a seguridade persoal, a autonomía e facilitar a conciliación corresponsable "

- No VIII Plan establécese que "A planificación territorial e o urbanismo, como factores de vertebración territorial e cohesión social, deben incorporar a perspectiva de xénero en todas as súas actuacións. Por un lado, a planificación urbana ten que abandonar definitivamente a óptica androcéntrica pola que historicamente a primacía dos intereses do ámbito produtivo, da poboación traballadora, principalmente masculina, e do uso do automóbil privado, deixaron á marxe as necesidades e intereses do ámbito reprodutivo e, polo tanto, as das mulleres principalmente.

O deseño urbano, as políticas de vivenda, as de transporte ou a construción de equipamentos públicos teñen que ter en conta os roles reprodutivos e non só a esfera produtiva; considerar as necesidades das persoas en relación coas distintas etapas da vida, desde a infancia á vellez, e outros factores de diversidade ou exclusión. Así, resulta clave

proxectar espazos de usos mixtos, que faciliten a conciliación e sexan accesibles para todas as persoas

(...)

- Por outro lado, no seu punto 7.9 (Ámbito Instrumental. Transversalización da perspectiva de xénero na actividade da Xunta de Galicia) di que "A aplicación do enfoque de xénero ao conxunto da xestión pública debe realizarse dun xeito máis sistemático e intenso. A incorporación de cláusulas favorecedoras da igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e nas subvencións está, sen dúbida, cada vez máis estendida no sector público autonómico, aínda que precisa dunha aplicación máis contundente, por exemplo, mediante criterios de puntuación automática, non só aplicables aos casos nos que se produce un empate entre as ofertas. Ademais, cómpre realizar un seguimento da aplicación destas cláusulas polo conxunto da Administración xeral e o seu sector público, así como impulsar procedementos de control e seguimento do cumprimento real dos criterios favorecedores da igualdade por parte das empresas adxudicatarias (implantación efectiva de plans de igualdade e programas de conciliación, garantía da igualdade salarial etc.)."

Para facer efectiva esta cuestión recóllese como prioridade de actuación a de "Incorporación de cláusulas relacionadas coa igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e subvencional do sector público autonómico e seguimento da súa aplicación, así como do cumprimento efectivo dos criterios de igualdade por parte das empresas adxudicatarias." É dicir, non basta con meras condicións especiais de execución do que xa é imperativo legal, senón que hai que ir un paso mais alá. Estas cláusulas, referidas a todo tipo de contratación e subvención, deberían ser, na medida do posible, por exemplo, criterios de puntuación automática.

Recoméndase, por último revisar a linguaxe, xa que nalgúns casos se utiliza o masculino como xenérico e noutros aparecen frases que poderían entenderse como paternalistas.

IV.9. CONSELLERÍA DE SANIDADE

A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia. Igualmente, asume a dirección do sistema público de saúde de Galicia, conforme aos principios obxectivos da concepción integral da saúde, na cal se inclúe a promoción da saúde, a protección fronte á situación e circunstancias que supoñen un risco para ela, a calidade dos servizos e a mellora continua da organización sanitaria, a atención ás necesidades de saúde da poboación, así como a eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do sistema sanitario.

Así mesmo correspóndelle o exercicio das competencias que para situacións sanitarias urxentes ou de necesidade se recollen na Lei Orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública .

A Estratexia de Saúde de Galicia 2030, folla de ruta esencial aprobada no ano 2023, seguirá a achegar orientación básica das políticas sanitarias que se desenvolverán en 2026, procurando, como obxectivos transversais: un maior e máis eficaz seguimento dos resultados en saúde das actuacións sanitarias; unha maior axilidade e equidade na integración de innovacións tecnolóxicas e terapéuticas, cuxa irrupción se está a intensificar; o fomento de modelos de atención personalizados; e un enfoque proactivo que contribúa á anticipación da enfermidade.

PROGRAMA 411A- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE

Aínda que a consellería identifica este programa de gasto como destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión e, polo tanto, carente de repercusión dende o punto de vista do xénero, o programa está dirixido a que profesionais e poboación se beneficien dos avances das novas tecnoloxías aplicadas ao ámbito da saúde.

Sinálase como finalidade do programa facer real e efectiva o achegamento dos servizos e prestacións sanitarias aos pacientes, a continuidade asistencial, a humanización dos servizos sanitarios e a confianza dos doentes no servizo público de saúde; aumentar a eficiencia na utilización de todos os recursos sanitarios; incorporar liñas innovadoras na xestión e na provisión da asistencia sanitaria pública; mellorar os sistemas de información como potente ferramenta para a continua avaliación de resultados na organización e autoxestión.

PROGRAMA 412A E 412B – ATENCIÓN HOSPITALARIA E ATENCIÓN PRIMARIA

Ambos os dous programas comprenden aquelas actividades asistenciais e de xestión de servizos xerais nos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de saúde, así como nos centros concertados para dar resposta efectiva ás necesidades da cidadanía con calidade e garantías.

O programa é clasificado como programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

A identificación de obxectivos en materia de igualdade céntrase na "transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade". Porén, hai que ter en conta que as finalidades, estratexias e os propios compromisos da Consellería dentro do VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 xa prevén unha participación dentro da atención hospitalaria ou/e da atención primaria nunha serie de liñas que revelan a importancia de xénero deste programa:

- Liña de acción 5.4.1 Desenvolvemento de actividades formativas e de asesoramento persoal en materia de educación afectivo sexual dirixidas á infancia e á mocidade que promovan relacións igualitarias e respectuosas desde o recoñecemento da diversidade.

- Liña de acción 7.1.1 Fomento de hábitos saudables que incorporen a perspectiva de xénero (promoción da actividade física, alimentación saudable, prevención de desaxustes psicolóxicos etc.)

- Liña de acción 7.2.1 Incorporación da óptica de xénero ao conxunto da actividade sanitaria (práctica asistencial, planificación e avaliación da calidade dos servizos, formación de profesionais, investigación médica etc.) para ter en conta os aspectos diferenciais bioló-xicos, culturais e de acceso á saúde de mulleres e de homes.

- Liña de acción 7.2.2 Desenvolvemento de programas de prevención e detección precoz de trastornos de saúde con maior prevalencia na poboación feminina.

- Liña de acción 7.2.3 Promoción da saúde sexual e reprodutiva e cumprimento efectivo dos dereitos das mulleres (á interrupción do embarazo, a procesos de reprodución asistida etc.).

- Liña de acción 7.2.5 Reforzamento dos recursos de atención e apoio ás mulleres embarazadas ao longo de todo o ciclo da maternidade (embarazo, parto, postparto, lactación e crianza) adaptados ás súas características.

- Liña 8.2.1 Promoción de estudos e outras actuacións para a mellora do coñecemento e da recollida de información estatística sobre as distintas formas de violencia contra as mulleres (violencia sexual, violencias dixitais, violencia vicaria etc.).

- Liña de acción 8.2.3 Desenvolvemento de actuacións dirixidas á mellora da detección de casos de violencia de xénero desde a atención sanitaria.

- Liña de acción 8.2.4 Consolidación dos programas de formación especializada sobre violencia de xénero e outras actuacións para a mellora do coñecemento dirixidas a profesionais dos distintos ámbitos de intervención (persoal do ámbito xudicial, Forzas e Corpos de seguridade, persoal sanitario, persoal dos servizos de atención ás vítimas etc.).

- Liña de acción 8.3.4 Reforzamento dos recursos de intervención con mulleres, nenas e nenos vítimas de abuso e violencia sexual.

- Liña de acción 8.4.2 Apoio ao desenvolvemento de programas para a atención e a recuperación de mulleres vítimas de violencia de xénero con discapacidade e outros problemas de saúde.

- Liña de acción 8.5.2 Mellora dos procesos de detección, identificación e protección das mulleres vítimas de trata, nomeadamente a través de accións de capacitación profesional dos distintos axentes implicados.

- Liña de acción 8.5.3 Consolidación e mellora das axudas e recursos especializados para a detección e a atención integral ás mulleres e nenas vítimas de trata (acollemento residencial, atención psicolóxica, asistencia xurídica, acompañamento social, inserción sociolaboral etc).

PROGRAMA 413A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA

O programa de Promoción e Protección da Saúde ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da súa detección precoz, da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores.

Para isto, é preciso continuar co mantemento e actualización dos programas que se veñen levando a cabo nos ámbitos da promoción de estilos de vida saudable, da prevención de enfermidades transmisibles, dos programas de cribado, dos programas de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e protección radiolóxica e dos programas de vixilancia epidemiolóxica.

A propia memoria sinala que é necesario manter e mellorar programas de detección precoz de cancro colorrectal e de mama ou actuar sobre problemas causados polo consumo de alcol ou outras adicións. Inclúense, entre outras, no programa actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles, incluíndo a estratexia fronte á infección polo VIH/SIDA, as actividades correspondentes ao Plan de loita contra as drogodependencias así como as relacionadas coa atención á saúde mental, desenvolvendo programas de trastorno mental grave destinados á atención integral desde as fases precoces, desenvolvendo os programas de psicoxeriatría e potenciando a investigación en saúde mental.

A clasificación do programa, en relación co impacto na igualdade, é "non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca impacto diferenciado en homes e mulleres".

Na memoria indícase que as persoas beneficiarias das actividades que se desenvolven e financian son todos os galegos e galegas, aínda que tamén confirma que algunhas actividades poden ter un impacto diferente en homes e mulleres, e nos distintos grupos de idade, e volve a poñer como exemplo o cribado de cancro de mama que se realiza en mulleres entre 50 e 69 anos, o cribado de cancro de colon nas persoas entre 50 e 69 anos, ou o cribado de cancro cervical no que se está a traballar e que se prevé realizar ás mulleres de 25 a 65 anos .

Aínda que a memoria non as menciona, as diferenzas entre mulleres e homes existen tamén noutros ámbitos que se definen como primordiais na memoria como son as actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles por vía sexual, as actividades correspondentes ao Plan de loita contra as drogodependencias ou as relacionadas coas enfermidades mentais..

PROGRAMA 414A-FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS

O programa 414A comprende e financia un conxunto de actividades dirixidas a actualizar os coñecementos e habilidades dos e das profesionais do sistema sanitario, no aspecto asistencial, preventivo e de xestión; desenvolver un plan de excelencia na formación sanitaria especializada que articule, coordine, impulse e execute iniciativas encamiñadas a mellorar a aprendizaxe dos e das especialistas do futuro e colaborar co sistema educativo tanto nos niveis preuniversitarios como universitarios e posgraduado, na formación do alumnado nos centros do Servizo Galego de Saúde.

A clasificación do programa, en relación co impacto na igualdade, é "non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres"; matízase na memoria que se fomenta a participación igualitaria nas distintas actividades de formación postas en marcha. Así, é claro que se debería incluír a perspectiva de xénero tendo en conta, por exemplo, o número de mulleres especialistas en cada área; que tamén, nas distintas formacións, se introduza a perspectiva de xénero nos contidos, fomentar a participación equilibrada tanto nas comisións docentes como nas formacións, etcétera. A pesar disto, na memoria non se menciona ningunha medida específica máis alá de que se fomenta a participación igualitaria nas distintas actividades de formación.

PROGRAMA 561C- INVESTIGACIÓN SANITARIA

A finalidade xenérica é facilitar a investigación e a innovación no ámbito sanitario e o desenvolvemento de criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+I en saúde do Sistema Sanitario Público cara a excelencia científica e para a mellora da saúde da cidadanía, cun foco na transferencia do coñecemento á sociedade.

A clasificación do programa, en relación co impacto na igualdade, é "non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca impacto diferenciado en homes e mulleres".

A única medida que se prevé é, como no caso anterior, o fomento da participación igualitaria nas actividades de formación. Tampouco neste caso se di como se leva a cabo ese fomento, nin se prevén máis medidas, como por exemplo, algunhas relacionadas cos contidos das propias formacións, introducindo nelas a perspectiva de xénero.

E1 - Eixe 1. O reto demográfico

PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade

E02 - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde

OO02 - Manter o desenvolvemento dos programas de detección precoz de enfermidades, de seguridade alimentaria e ambiental e aumentar

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P00012	Participantes no programa de cribado de cancro de mama	80,0	%

E03 - Desenvolver, manter e implantar tecnoloxías e sistemas de información innovadores para mellorar as labores de prevención, diagnose,

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P408.H	Persoas beneficiarias de programas de atención sociosanitaria. Homes	443,0	Nº
P408.M	Persoas beneficiarias de programas de atención sociosanitaria. Mulleres	515,0	Nº

Conclusións:

Dende o punto de vista do impacto que poidan ter sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, valóranse positivamente todas as accións que se pretenden desenvolver e financiar e que tratan de mellorar a saúde e o coidado e de facilitar o acceso aos recursos e servizos sanitarios.

Recoméndase, non obstante, ter en conta que o artigo 20 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de homes e mulleres de Galicia obriga a que "...a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico integrarán a dimensión da igualdade de trato e de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas..."

Por outro lado, a teor da normativa vixente, suxírese achegar ao órgano competente datos desagregados por sexo que permitan coñecer as actuacións propias en xestión de igualdade, que son moitas, realizadas por ese departamento.

Tamén, en base aos informes de impacto de xénero emitidos e ao artigo 37 da Lei 7/2023, promoveranse actividades formativas específicas sobre xénero e saúde dirixidas a todos os colectivos profesionais implicados na prevención e atención dos problemas de saúde, incluídas as diversas estruturas administrativas.

E, en xeral, incorporaranse indicadores de xénero nos documentos e nas investigacións que se leven a cabo, e que esa información sexa compartida cos departamentos que elaboran informes de impacto.

Por último, no relativo á actividade subvencional e da contratación pública, procede sinalar o indicado no VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 da Xunta de Galicia: "A aplicación do enfoque de xénero ao conxunto da xestión pública debe realizarse dun xeito máis sistemático e intenso. A incorporación de cláusulas favorecedoras da igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e nas subvencións está, sen dúbida, cada vez máis estendida no sector público autonómico, aínda que precisa dunha aplicación máis contundente, por exemplo, median-

te criterios de puntuación automática, non só aplicables aos casos nos que se produce un empate entre as ofertas. Ademais, cómpre realizar un seguimento da aplicación destas cláusulas polo conxunto da Administración xeral e o seu sector público, así como impulsar procedementos de control e seguimento do cumprimento real dos criterios favorecedores da igualdade por parte das empresas adxudicatarias (implantación efectiva de plans de igualdade e programas de conciliación, garantía da igualdade salarial etc.).''

IV.10. CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de acordo co Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura; a protección do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia e a xestión das actuacións en materia de xuventude, participación e voluntariado. Todo isto de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, e nas demais normativa que sexa de aplicación.

A transversalidade da igualdade de xénero aparece recollida no articulado deste decreto do seguinte xeito:

Artigo 2. Estrutura da Consellería Na composición dos órganos colexiados adscritos a esta consellería atenderase ao principio de presenza equilibrada de homes e mulleres.

Artigo 4. A Secretaría Xeral Técnica ten como función Velar polo cumprimento da lexislación de igualdade no traballo entre homes e mulleres.

Artigo 5. Vicesecretaría Xeral ten que Impulsar a aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes con carácter transversal nas funcións atribuídas á Secretaría Xeral Técnica.

Artigo 7. A Secretaría Xeral da Lingua ten como función promover accións para impulsar a aplicación transversal do principio de igualdade por razón de xénero no eido da política lingüística e o fomento do uso da lingua galega.

Artigo 17. Á Dirección Xeral de Xuventude correspóndelle Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.

Disposición adicional primeira. Integración da dimensión de igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes

No exercicio das funcións a que se refire este decreto, integrarase de xeito activo a dimensión de igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes.

Disposición adicional segunda. Integración da perspectiva de xénero na actividade estatística

Co obxectivo de facer efectivas as disposicións contidas na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e de garantir a integración efectiva da perspectiva de xénero na súa actividade ordinaria, todos os órganos e unidades a que se refire este decreto levarán a cabo as actuacións contidas no artigo 27 da citada lei na elaboración de estudos e estatísticas.

Disposición adicional sétima. Presenza equilibrada de mulleres e homes

Nos nomeamentos de altos cargos da Consellería, así como das persoas titulares e membros de órganos de entidades integrantes do sector público autonómico no seu ámbito de competencias, atenderase ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

PROGRAMA 151A-FOMENTO DA LINGUA GALEGA

O programa 151A –Fomento da lingua galega– concreta o plan de actuación sectorial e transversal de fomento do coñecemento e do uso da lingua galega que a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverá durante o ano 2026. No ano 2026, a Secretaría Xeral da Lingua continuará desenvolvendo as que veñen sendo as súas principais liñas de traballo nos últimos anos, centrando os seus esforzos máis importantes en promover a idea de que a lingua galega é útil en calquera ámbito e para todas as funcións.

O deseño dos eixes de traballo da SXL para o ano 2026 son os seguintes:

1. Finalizar co proceso de actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega de 22 de setembro de 2004, iniciado en 2025, e no que están traballando diferentes comisións de traballo, e que unha vez aprobadas as distintas medidas conlevará ter que poñer en marcha as distintas medidas que se contemplen no Plan . Así mesmo , en base ao establecido neste Plan , deberase reimpulsar o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico (PDLGTE)que xa rematada a súa vixencia e se procederá asi mesmo actualizar un Plan específico para o ámbito da mocidade (PDLGM) por ser un sector da poboación fundamental para a pervivencia do idioma.

2. A Lusofonía como oportunidade para o galego en diferentes ámbitos culturais e lingüísticos, así como no sector empresarial e nas relacións comerciais e profesionais. Aproveitaranse as fortalezas do galego no mundo lusófono para planificar a nova estratexia de dinamización da lingua galega no sector económico e empresarial que xurde das relacións entre Galicia e Portugal. Desta forma, actualizaranse as liñas de acción do PDLGTE, que

tivo vixencia ata o ano 2020, no que se refire as relacións comerciais en ámbitos territoriais cunha lingua de comunicación común.

3. Plataforma dixital da Lingua Galega para a formación en liña e adaptación dos procesos tecnolóxicos necesarios para promover que a realización de exames e probas de capacitación dos cursos CELGA sexan en liña mediante medios telemáticos.

3.1. Impulsar a Plataforma dixital da Lingua Galega para a formación en liña (Celga).

3.2. Implantar a Plataforma dixital para a realización en liña da probas Celga para a acreditación do coñecemento da lingua galega.

4. Potenciar os cursos medio e superior de linguaxe administrativa e xurídica.

Estes cursos teñen a súa base no Plan xeral de normalización lingüística e a súa finalidade é que o persoal funcionario de todas as administracións públicas estea capacitado para realizar en galego o seu traballo profesional, mellorando a súa competencia técnica en galego. Unha vez actualizados os cursos de linguaxe administrativo, iniciaremos os traballos de actualización dos cursos de linguaxe xurídico medio e superior.

É moi necesario atender a numerosa demanda que hai todos os anos, polo que incrementaremos o número de cursos a impartir, con especial fincapé no persoal da administración de Xustiza. Favoreceremos o acceso a estes cursos a colectivos específicos como persoal de notarías, colexios profesionais...

5. Plan de formación e acollemento ás persoas de fóra de Galicia. O obxectivo é fomentar a integración e a inclusión sociocultural efectiva das persoas, dado que aprender o idioma do país de acollida é esencial para integrarse con éxito na estrutura social e produtiva. O que permitirá aproveitar o enorme potencial que supón a chegada de persoas de fóra de Galicia e tamén incrementar o número de falantes da nosa lingua.

6. Potenciar os Centros de Estudos Galegos.

7. Habilitación de Tradutores e Interpretes xurados.

8. Plataforma interactiva de educación non formal complementaria da educación regrada en lingua galega.

9. Proxecto de Toponimia de Galicia.

9.1-Proxecto Galicia Nomeada e Nomenclator de Galicia.

9.2 -Colaboración co Instituto de Estudos do Territorio (IET) en relación co Plan Galego de Cartografía e Información Xeográfica(PGCIX).

9.3 Outras actividades relacionadas coa toponimia.

10. Programas específicos de apoio a neofalantes.

11. Programas de dinamización da lingua galega no ámbito familiar.

12. Colaboracións en campañas de difusión relacionadas co proxecto Nos de Intelixencia Artificial.

13. Actividade colaborativa da SXL a través de convenios de colaboración con outras institucións sen ánimo de lucro relacionadas cos procesos de normalización e dinamización da lingua galega.

14. Tradución ao galego dos documentos do Programa Informático, para a tramitación procesual, no ámbito da Xustiza, ATENEA.

15. Posta en marcha do Selo de uso da lingua galega.

16. Convocatoria de axudas a Entidades Locais, a entidades Editoriais, para fomentar o uso da lingua galega.

17. Continuaremos coas bolsas de investigación nos proxectos do Centro Ramón Piñeiro e coas bolsas nos lectorados de Lingua galega.

O programa está clasificado como mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Segundo se sinala na memoria, o programa 151A, no desenvolvemento das súas actividades de dinamización lingüística, formación e investigación promove e incide positivamente no emprego dunha linguaxe e imaxes non sexistas, inclusivas, igualitarias, plurais e non estereotipadas.

Por outro lado, tanto nos cursos como nas probas realzadas do CELGA e en distintos programas de dinamización lingüística que leva a cabo a Secretaría Xeral de Política Lingüística no que vai de ano, prodúcese unha maior participación de mulleres que de homes.

Este programa permite identificar os seguintes obxectivos:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

. Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

. Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres.

. Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade.

. Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

. Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero.

A Secretaría Xeral da Lingua programa e executa actividades dirixidas ao conxunto da cidadanía, sen diferenciación por sexos, co obxecto de lograr máis e mellores espazos de uso para o galego, velando en todas as súas iniciativas por utilizar una linguaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e homes na sociedade. Por esta razón, non conta con actividades concretas para as que se poida fixar un orzamento específico. Con todo, de acordo cos orzamentos aprobados, dedica todos os anos fondos das diferentes aplicacións orzamentarias e, fundamentalmente, do capítulo VI para afianzar accións que incorporen a transversalidade de xénero e o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes (Mínimo 300.000 euros). Cómpre subliñar a adquisición de obras literarias que poñen en valor o traballo das mulleres, así como espectáculos de pequeno formato que fomenten medidas de acción positivas que contribúen a erradicar os desequilibrios de xénero presentes nas distintas dimensións da vida das persoas, ademais de programas de acción dirixidas ao ámbito educativo (Equipos de Dinamización da Lingua Galega en centros educativos) para avanzar na consecución real da igualdade entre homes e mulleres. Por exemplo: Premio Fina Casalderrey de literatura infantil pola igualdade, Libros con temática feminista, Programa e certame Nós Tamén Creamos!, etcétera.

Outro punto positivo do programa é que nos convenios que a SXPL asina con outras entidades ou institucións, se polo seu obxecto resulta conveniente realizar estatísticas ou estudos en desenvolvemento das actividades do convenio recóllese unha cláusula para desagregar datos separadamente en función do sexo das persoas afectadas.

PROGRAMA 312F-PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE

O programa engloba unha serie de medidas encamiñadas a promover e impulsar accións de voluntariado en diferentes áreas de actuación tales como a sociosanitaria, social, ambiental, tecnolóxica, cultural ou educativa que inciden de xeito significativo na mellora da contorna e no desenvolvemento comunitario e, por outra banda, aspira a garantir a inclusión social e os dereitos básicos das persoas máis desfavorecidas e vulnerables dentro dun marco favorecedor da acción solidaria como elemento de cohesión enriquecedor tanto a nivel persoal como social.

Entre outras cousas, persegue a promoción da cultura da solidariedade impulsando a participación cidadá na realización de accións de voluntariado e participación, a través de campañas de sensibilización e apoio, incidindo na igualdade entre homes e mulleres co obxectivo de acadar unha maior participación dos homes nas accións voluntarias. Tamén se pretende a promoción do voluntariado e apoio ás entidades que desenvolven programas no eido da igualdade entre homes e mulleres, na incorporación de homes ao mundo do voluntariado e no eido do acompañamento a vítimas da violencia de xénero. Impulsa igualmente, de xeito transversal aquelas accións orientadas ao fomento da igualdade entre mulleres e homes e a promoción e difusión da lingua galega.

O programa ten por finalidade principal a sensibilización da sociedade galega en materia de voluntariado, e na igualdade de xénero, así como a formación das persoas voluntarias e dos responsables da xestión das entidades de voluntariado.

Do mesmo xeito persegue a promoción da cultura da solidariedade impulsando á cidadanía a participar nas accións voluntarias a través de campañas de información e apoio e incidindo na participación dos homes na acción voluntaria.

Trátase dun programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Prevese que con este programa se logre unha mellora da implicación social e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, coa finalidade de acadar un desenvolvemento pleno das persoas no ámbito do traballo, afectivo, familiar, persoal, de ocio... mantendo así o equilibrio nas distintas dimensións da vida e así contribuír á mellora do benestar social, a saúde e a capacidade de traballo persoal..

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes, xa que a igualdade de xénero é unha das súas finalidades e conta con actuacións enfocadas a ela.

PROGRAMA 313A-SERVIZOS Á XUVENTUDE

Este programa tenta levar a cabo un conxunto de actuacións dirixidas a atender as necesidades e intereses dos mozos e mozas galegos/as, creando as condicións favorables para que a xuventude desenvolva as súas capacidades, aproveite o seu potencial e o seu talento, traballe e participe activamente na sociedade e en condicións de igualdade desde a perspectiva de xénero.

Trátase dun programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Segundo os datos recollidos nun informe nacional de Xuventude, para o conxunto da poboación xove de España, constatan unha serie de variables como que a redución nas taxas de emancipación é maior entre os homes que entre as mulleres. Tamén se constata que, en xeral, as mulleres xoves tardan máis que os homes xoves en atopar emprego e que é maior a porcentaxe de varóns que reciben axuda dos pais que a porcentaxe de mulleres. Segue sendo tamén máis elevada a proporción de mulleres totalmente dependentes con respecto aos varóns e a media de ingresos mensuais das mulleres é máis reducida que a dos homes. Tamén hai datos que evidencian a desigualdade de xénero en relación coa presenza das mulleres novas no ámbito científico e tecnolóxico, con presenza de estereotipos sexistas de cara á elección da carreira académico-profesional.

Prevén como obxectivos do programa: a incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento, a información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes, a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade, o fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres, a promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade, a promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.), así como accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes dado que se espera unha participación igualitaria por xénero nos distintos programas e accións levadas a cabo, así como achegar a cultura da igualdade á nosa xuventude a través de todas as actuacións enmarcadas no programa. Non existen actividades previstas especificamente destinadas a promoción da igualdade entre mulleres e homes, posto que a promoción da igualdade de xénero é transversal en toda a programación que se desenvolve. Non obstante, ademais da prevista transversalidade poderíanse prever medidas de acción positivas concretas dados os datos sinalados nos parágrafos anteriores.

PROGRAMA 431A- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA

A través do presente programa de gasto, a Secretaría Xeral Técnica levará a cabo as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e centros administrativos dependentes da consellería na área cultural. Do mesmo xeito, desenvolverá actuacións xerais de apoio técnico, administrativo e orzamentario, así como funcións de coordinación na prestación dos servizos de carácter transversal do departamento.

O programa de gasto clasifícase como "Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión" e, de entrada, carece de impacto de xénero.

PROGRAMA 432A-BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS

O programa 432A ten como obxectivo contribuír á mellora dos equipamentos culturais e das institucións culturais de referencia (bibliotecas, arquivos e museos de Galicia), non só como centros de conservación do coñecemento e memoria cultural, senón como infraestruturas e servizos básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e as responsabilidades atribuídas polo Estatuto de Autonomía de Galicia á Xunta de Galicia en relación coa conservación, protección e difusión da cultura galega. Así mesmo, promóvese a realización de actividades que dean a coñecer o patrimonio cultural que albergan estes centros. Tamén inclúe as actividades dirixidas á promoción do libro galego, a través do apoio á empresa editorial galega, a realización de feiras e demais actuacións de promoción da lectura.

O programa de gasto clasifícase como "Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)".

O ámbito prioritario de actuación deste programa de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres desde dúas perspectivas ben diferenciadas: por unha banda, no acceso e participación nos diversos servizos e produtos culturais xerados; por outra banda, como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, se temos en conta as principais fontes cuantitativas máis recentes (por exemplo, o Anuario de Estatísticas Culturais 2022, publicado polo Ministerio de Cultura e Deporte; e o informe A Muller na Cultura Galega (I), publicado en 2014 polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega), podemos observar que os datos recollidos apuntan, en sentido xeral, a un aumento da participación das mulleres no ámbito cultural, ao tempo que se constatan diferenzas entre os sexos tanto no acceso á cultura como no desempeño de profesións e de actividades profesionais vinculadas ao sector cultural.

Entre os obxectivos do programa 432A están, desde o punto de vista da igualdade, a:

. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.

. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.

. Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

. Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

. Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.

. Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc)

. Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero.

Coa realización das actividades descritas, preténdese avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito cultural, promovendo o acceso da muller ás manifestacións culturais e á empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciacións polo feito de ser muller ou home.

PROGRAMA 432B-FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS

Dentro do programa 432B desenvólvense as grandes liñas de actuación para o apoio á cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo.

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados á poboación galega en xeral, para que poidan acceder a ela toda a cidadanía, teñen polo tanto un carácter universal.

O programa de gasto clasifícase como "Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)".

O ámbito prioritario de actuación deste programa de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres desde dúas perspectivas ben diferenciadas: por unha banda, como consumidores e consumidoras dos diversos produtos culturais xerados; por outra banda, como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, se temos en conta as principais fontes cuantitativas máis recentes (por exemplo, o Anuario de Estatísticas Culturais), Estatísticas Culturais 2018, publicado polo Ministerio de Cultura e Deporte; e o informe A situación das traballadoras dos sectores audiovisual e das artes escénicas en Galicia, publicado en 2019 polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega, podemos observar que os datos recollidos apuntan, en sentido xeral, a un aumento da participación das mulleres no ámbito cultural, ao tempo que se constatan diferenzas entre os sexos tanto no acceso á cultura como no desempeño de profesións e de actividades profesionais vinculadas ao sector cultural.

Os obxectivos do programa 432B, en materia de igualdade, coinciden co anterior programa 432A, recollendo a maiores:

O fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres e a participación das mulleres no desenvolvemento rural.

Ante a constatación de que nos diferentes ámbitos en que se estrutura o ámbito cultural galego a presenza dos homes segue a ser superior á das mulleres, a Dirección Xeral de Cultura pretende promover a participación e o emprego feminino no sector cultural e, por iso, nas convocatorias de axudas valora, entre os criterios para a súa concesión, a presenza das mulleres nos proxectos. No mesmo sentido, promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes nas programacións artísticas contratadas desde o departamento. Así mesmo fomentarase a presenza equilibrada de mulleres e homes na composición das comisións de valoración de axudas e seguirase a traballar para evitar o uso sexista e excluínte da linguaxe.

En particular, a AGADIC pretende promover o emprego feminino no sector cultural e por iso, nas convocatorias de axudas valora, entre os criterios para a súa concesión, a presenza das mulleres nos proxectos. Así, trátase de fomentar a dirección feminina no caso da produción de artes escénicas, valorándose expresamente esta circunstancia coa asignación dunha puntuación específica. No caso das producións audiovisuais, promóvese a presenza feminina no equipo creativo outorgando unha puntuación específica a aqueles proxectos nos que a participación das mulleres naquel sexa superior ao 50%. Ademais, puntúase a dirección integramente a cargo dunha muller. Estas discriminacións positivas xa deron resultado nos anos anteriores, por exemplo, nas ultimas axudas resoltas, as de 2023, o 85% dos proxectos tiñan unha maioría de participación feminina e o 50% estaba dirixido por mulleres.

Por outra banda, seguirase a traballar para evitar o uso sexista e excluínte da linguaxe.

Tamén se evitará a difusión de imaxes que contribúan a perpetuar os estereotipos sexistas, e incidirase na promoción daqueles contidos que contribúan a visibilizar a presenza da muller en ámbitos nos que aínda non están representadas de xeito paritario.

Promoverase a presenza da muller nas actividades desenvolvidas pola AGADIC, de xeito que o acceso ás súas actividades sexa máis equitativa entre homes e mulleres.

Coa realización das actividades descritas, preténdese avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito de actuación da Dirección Xeral de Cultura e AGADIC, promovendo o acceso da muller ás manifestacións culturais e á empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciacións por cuestións de xénero.

PROGRAMA 433A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL

O programa 433A pretende a posta en valor do patrimonio cultural galego en todas as súas manifestacións tanto en Galicia como no exterior. Tamén persegue a protección,

conservación, investigación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial, científico, documental e bibliográfico de interese para Galicia.

Para o ano 2026 continuarase co desenvolvemento do Plan Estratéxico para a conservación e a restauración do patrimonio cultural de Galicia 2021-2030.

A finalidade e estratexia do presente programa é o da protección, a conservación, a restauración, o incremento e posta en valor do patrimonio cultural galego.

O programa de gasto clasifícase como "Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres)".

O programa 433A pola súa banda, ten como obxectivos en materia de igualdade a incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento, o fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres e accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social.

E1 - Eixe 1. O reto demográfico

PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias

E02 - Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e

OO01 - Fomentar e apoiar os programas de prácticas formativas e de mobilidade transnacional, para a mellora da cualificación e para

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P114.M	Mozas beneficiarios ou participantes. (Mulleres)	27,0	Nº
P114.H	Mozos beneficiarios ou participantes. (Homes)	18,0	Nº
P1025H	Persoas mozas que reciben axudas. Homes	346,0	Nº
P1025M	Persoas mozas que reciben axudas. Mulleres	520,0	Nº

OO02 - Impulsar a participación dos mozos e mozas en actividades de educación non formal que permitan a adquisición de competencias e

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P114.M	Mozas beneficiarios ou participantes. (Mulleres)	1.388,0	Nº
P114.H	Mozos beneficiarios ou participantes. (Homes)	971,0	Nº
P1026H	Participantes en programas de xuventude. Homes	564,0	Nº
P1026M	Participantes en programas de xuventude. Mulleres	846,0	Nº
P1025H	Persoas mozas que reciben axudas. Homes	1.250,0	Nº
P1025M	Persoas mozas que reciben axudas. Mulleres	1.151,0	Nº

OO03 - Promover novas iniciativas e alternativas educativas e saudables a´ mocidade para o seu tempo libre, a través de programas de ocio

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P1026H	Participantes en programas de xuventude. Homes	4.750,0	Nº
P1026M	Participantes en programas de xuventude. Mulleres	7.250,0	Nº

OO04 - Fomentar a participación xuvenil nos programas de voluntariado e aproveitar o coñecemento e a experiencia das persoas maiores nun

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P233.H	Participantes en proxectos de voluntariado. Homes	352,0	Nº
P233.M	Participantes en proxectos de voluntariado. Mulleres	584,0	Nº

E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da

E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera

OO02 - Deseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P114.M	Mozas beneficiarios ou participantes. (Mulleres)	9.344,0	Nº
P114.H	Mozos beneficiarios ou participantes. (Homes)	7.933,0	Nº
P233.H	Participantes en proxectos de voluntariado. Homes	1.000,0	Nº
P233.M	Participantes en proxectos de voluntariado. Mulleres	2.000,0	Nº

PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á

E02 - Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a

OO01 - Promoción da lectura e a produción de libros en galego. Elaboración dun Plan da Lectura de Galicia e mellora do sistema de acceso aos

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P219.H	Persoas usuarias da rede de bibliotecas de Galicia. Homes	320.000,0	Nº
P219.M	Persoas usuarias da rede de bibliotecas de Galicia. Mulleress	490.000,0	Nº
P220.H	Visitantes das bibliotecas públicas xestionadas pola Xunta dde Galicia. Homes	400.000,0	Nº
P220.M	Visitantes das bibliotecas públicas xestionadas pola Xunta dde Galicia. Mulleres	600.000,0	Nº

OO04 - Accións formativas destinadas a persoas con titulacións asociadas ao traballo neste tipo de espazos (bibliotecas, arquivos, museos,

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P334.H	Persoas beneficiarias de bolsas en materia de bibliotecas, arquivos e museos (homes)	26,0	Nº
P334.M	Persoas beneficiarias de bolsas en materia de bibliotecas, arquivos e museos (mulleres)	43,0	Nº

E04 - Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e

OO01 - Continuar co proceso de normalización lingüística en desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	1.050,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	1.430,0	Nº

OO03 - Estudos e investigación en materia lingüística

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P394.H	Bolseiros (homes)	8,0	Nº
P394.M	Bolseiros (mulleres)	13,0	Nº

OO04 - Dignificar o uso do galego a través de uso en ámbitos formais e educativos de alto nivel.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P394.H	Bolseiros (homes)	6,0	Nº
P394.M	Bolseiros (mulleres)	9,0	Nº
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	400,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	850,0	Nº

Conclusións:

Todos estes programas (salvo o programa 431A de Dirección e Servizos Xerais de Cultura, que se clasifica como programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión, e que de entrada, carece de impacto de xénero), permiten accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero ben directamente ou ben indirectamente. Recoméndase ter isto en conta durante o desenvolvemento dos programas.

Igualmente, a través destes programas a consellería pode adoptar medidas para a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito da totalidade das relacións culturais e artísticas.

Suxírese que estes programas, en desenvolvemento do artigo 26 da Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade de mulleres e homes, siga incidindo, para acadar a igualdade nestas competencias, en accións específicas que favorezan a promoción específica das mulleres; en incentivos de natureza económica para a creación e produción artística e intelectual de autoría feminina; en oferta artística e cultural pública con presenza

equilibrada de mulleres e homes; na representación equilibrada nos distintos órganos consultivos, científicos e de decisión existentes no organigrama artístico e cultural; na adopción de medidas de acción positiva á creación e produción artística e intelectual das mulleres, propiciando o intercambio cultural, intelectual e artístico e a subscrición de convenios cos organismos competentes; e calquera outra acción positiva que permita acadar a igualdade efectiva.

Tamén se valora positivamente: que se desenvolvan actividades de dinamización lingüística, formación e investigación coas que se promova e incida positivamente no emprego dunha linguaxe e imaxes non sexistas, inclusivas, igualitarias, plurais e non estereotipadas, para achegar a súa mensaxe a toda a cidadanía e incrementar o coñecemento e o uso social da lingua galega; que se afiancen accións que incorporen a transversalidade de xénero e o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes; que se mellore a implicación social e corresponsabilidade entre homes e mulleres; que se incorpore a perspectiva de xénero en todas as actuacións relacionadas co voluntariado e se promocione a incorporación de homes a este sector; que se avance na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito cultural, promovendo a empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciacións por cuestións de xénero; e que se tenda a acadar unha maior participación dos homes nas accións voluntarias.

Con relación ao VIII Plan Estratéxico de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, as actividades recollidas neste plans de actuación corresponden coas atribucións asignadas a esta Consellería ao longo das liñas de actuación nas que está incluída.

Por último, é de destacar que mediante axudas e subvencións é posible acadar a aplicación de condicións que permitan ao sector privado adoptar medidas que a inserción, e en xeral unhas relacións laborais que respecten a igualdade de xénero. Tamén, a actividade cultural participa da posibilidade de ser integrada nos plans de programación de tempo da cidade, polo que se recomenda que estes programas teñan en conta a elaboración de regulacións das axudas que as contemplen.

IV.11. CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponden, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución:

a) Propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, ente outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras enti-

dades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial.

b) Promover e impulsar o diálogo social na Xunta de Galicia, como elemento clave para facer fronte aos retos do emprego, sen prexuízo da súa transversalidade e das áreas competenciais do resto das consellerías.

c) As relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

d) A promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.

e) A planificación, coordinación e control do comercio interior e exterior, artesanía consumo.

O exercicio destas funcións e competencias desenvólvese a través dos seguintes centros xestores determinados polo DECRETO 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración Igualdade:

Como marca o VIII Plan Estratéxico de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, a igualdade laboral é un dos principais obxectivos de cara á erradicar as desigualdades de xénero. Así, o ámbito laboral é neste Plan o primeiro dos ámbitos de actuación.

Diversas liñas de traballo levadas a cabo nestes programas de gasto van orientadas a fomentar a inserción laboral das mulleres, á súa formación, á contratación, ao mantemento do posto de traballo xa obtido e ao autoemprego. Tamén ao fomento da corresponsabilidade e á súa integración no ámbito persoal e laboral, á loita contra as violencias contra as mulleres e á integración da perspectiva de xénero nas relacións laborais e á prevención de riscos laborais entre outras.

Por todo isto, as actuacións levadas a cabo por esta consellería presentan un grande impacto para mellorar as condicións de vida das mulleres, e contan todas cunha perspectiva de xénero.

PROGRAMA 312C-SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

Este programa inclúe actuacións de apoio ás persoas galegas residentes no exterior e ás entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, para que estes participen e compartan a vida social e cultural e económica de Galicia, e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida, minguada pola actual contorna de crise socio-económica en numerosos países con presencia importante de poboación galega. Así mesmo, a través

deste programa desenvólvense accións encamiñadas á procura da integración social e á inserción laboral do colectivo de persoas emigrantes retornadas na nosa sociedade.

O principal obxectivo é asegurar unha vida digna ás persoas galegas que residen no exterior, e á súa descendencia con nacionalidade española, que teñan vinculación con algún concello de Galicia. A maior parte deste colectivo reside nos países Iberoamericanos, cuxa situación socioeconómica tomou nas últimas décadas cara unha senda de carácter negativo, o que deu lugar a unha grande inseguridade e ausencia de sistemas de protección social, en xeral, e para os colectivos máis desfavorecidos en particular.

No eido do retorno, cómpre promover medidas educativas, laborais e sociais que favorezan o retorno a Galicia das persoas galegas residentes no exterior e facilitar a súa integración na sociedade galega. A Secretaría Xeral da Emigración considera de carácter esencial as axudas económicas para aquelas persoas galegas que no momento da súa chegada precisan un soporte facilitador da súa integración na sociedade galega. Tamén resulta de especial interese reforzar a liña de bolsas BEME para ofertar ás persoas galegas universitarias residentes no estranxeiro a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, coa finalidade de ampliar a súa formación e adquirir competencias e habilidades que favorezan a súa inserción e futuro profesional en Galicia. Igualmente, é primordial apoiar o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes retornadas.

A necesidade de dedicar maiores esforzos a este programa ven xerada polo contexto no que se vive nalgúns países de acollida da emigración galega, que derivan nunha situación de precariedade socio asistencial.

A fortaleza deste programa é a grande vinculación afectiva que manteñen as persoas emigrantes con Galicia: unha rede de sociedades e entidades espalladas por todo o mundo, fundamentalmente en América, que contan a maior parte deles con servizos de protección (sanitarios, residencias de anciáns, centros de día …) e o carácter de solidariedade e beneficencia cos seus paisanos máis desfavorecidos dos seus fundadores, que aínda perdura. A Secretaría Xeral da Emigración actúa complementando a tarefa que elas mesmas desenvolven.

Outra característica apreciable da emigración galega é a súa vontade de retorno. Neste sentido, a Secretaría Xeral da Emigración trata de captar para Galicia un retorno emprendedor e de talento entre as primeiras e seguintes xeracións de persoas emigrantes galegas, con vistas a que o retorno da poboación tamén supoña un retorno de capitais en forma de investimento, de riqueza, coñecemento e emprego.

Para o desenvolvemento deste programa, actuarase reforzando as axudas económicas, co obxectivo de paliar as situacións graves de carencia e desprotección en amplos

sectores da poboación galega residente no exterior, en especial nos máis sensíbeis a este tipo de situacións.

A Estratexia Galicia Retorna recolle as novas accións transversais de apoio ao retorno por parte do Goberno galego, que neste programa en concreto céntranse na contribución a paliar as situacións de necesidade económica derivadas do proceso de retorno das persoas galegas retornadas e das súas familias, así como fomentar á súa integración socio laboral na comunidade autónoma, tanto no traballo por conta allea como, de xeito especial, no apoio e acompañamento no emprendemento, facilitando así, instrumentos de atracción profesional de poboación galega residente no exterior. Tamén con información e asesoramento técnico a través dunha plataforma única que é a nosa Oficina de Asesoramento e Seguimento ao Retorno.

O programa cualifícase, desde a perspectiva de xénero, como: "Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres

As actividades propias do programa están dirixidas á procurar o benestar e calidade de vida da cidadanía galega no exterior, das entidades galegas asentadas fóra de Galicia e o apoio ás persoas que retornen á nosa comunidade autónoma.

Das cifras do Instituto Nacional de Estatística (INE) relativas ao Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro (PERE) – datos a 1 de xaneiro de 2025 extráese que este colectivo está integrado por un 51,40% de mulleres polo que os programas da Secretaría Xeral da Emigración están destinados a máis beneficiarios potenciais mulleres ca homes.

Polo que se refire ao ámbito do retorno, a estatística de variacións residenciais de 2022, segundo as fontes do INE, indica que retornaron a Galicia un 46,29% de mulleres sobre a cifra total de poboación emigrante retornada á nosa comunidade autónoma.

O programa inclúe actuacións específicas dirixidas a persoas emigrantes galegas e retornadas para atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero e á súa familia, así como un incentivo especial de apoio ás mulleres galegas que retornen a Galicia para a súa iniciativa emprendedora no mercado laboral, que faciliten a súa integración socio-laboral.

En canto ao papel da muller tanto na Galicia territorial como na exterior está a cobrar un peso cada día maior, que precisa dun apoio firme e constante por parte da Administración, polo que un dos principais obxectivos desta secretaría xeral e promover a integración e participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior –especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección; se ben estes potenciais axentes son soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas a través de campañas de concienciación co compromiso de igualdade nos espazos de representación da galeguidade e nas colectividades do exterior.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, recolle expresamente as actuacións no ámbito da igualdade de xénero entre as mulleres e os homes galegos residente no exterior, e instrumentará as medidas de apoio ás entidades galegas para este fin.

A Estratexia Emigración inclúe nas súas liñas de actuación unha área específica destinada á muller, co obxectivo de promover en coordinación coas entidades galegas no exterior, a realización de foros de debate e outras accións semellantes nas áreas xeográficas de residencia de poboación galega no exterior, e utilizar as conclusións destes congresos para a aplicación de políticas de igualdade e participación da muller no ámbito da galeguidade.

No que se refire ao órgano colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, na actualidade inclúese un representante do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de muller e igualdade.

As actuacións do programa orzamentario mediranse con indicadores asociados desagregados por sexo, e aqueles que incorporan a perspectiva de xénero: número de congresos, número de obradoiros con contidos de igualdade; número de mulleres vítimas beneficiarias das axudas; porcentaxe de mulleres e homes nos órganos de decisión das comunidades galegas no mundo e porcentaxe de mulleres e homes que participan nas accións formativas, culturais e de reencontros no ámbito da emigración galega.

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son: "Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes", "Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres", "Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)" e "Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero".

A Secretaría Xeral da Emigración desenvolverá unha liña de axudas para a promoción do autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma de Galicia das persoas galegas retornadas, na que se contribuirá cunha achega económica complementaria para a actividade emprendedora feminina, co obxectivo de impulsar o emprendemento feminino e a mellora do tecido empresarial liderado por mulleres.

-- Realización de congresos e seminarios de formación/debate e impulso da participación da muller nas comunidades e entidades galegas do exterior, de cara a fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, o liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral.

-- A Secretaría Xeral da Emigración, dentro da convocatoria de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior, contempla unha liña específica de axudas para as mulleres que sufran violencia de xénero, para facilitar unha resposta específica ás mulleres vítimas que se atopen no exterior.

-- Outra actuación no ámbito de resposta específica para paliar as situacións de violencia de xénero, desenvólvese a través do programa de axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, no que se trata de dar apoio económica ás mulleres vítimas da violencia de xénero incluídas no programa de axudas

Estímase que coas actuacións deseñadas dende a perspectiva de xénero, se avance cara a unha diminución da fenda de xénero na participación das mulleres das entidades galegas no exterior nos órganos de decisión das asociacións deste ámbito e nos lugares nos que residen, así como unha repercusión no retorno das mulleres galegas a través das accións de fomento, información e inserción laboral na nosa comunidade autónoma.

Este programa no apartado de emigración, executou axudas de carácter socioasistencial e desenvolveu programas sociais e culturais, dos que nunha porcentaxe dun 61,6% foron mulleres as beneficiarias destas actuacións no ámbito das persoas residentes no exterior.

Na área do retorno, as accións dirixidas ao colectivo en xeral, a porcentaxe de beneficiarias femininas foi dun 63,6%.

PROGRAMA 321A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO

A finalidade destes programas de gasto é dar cobertura ao funcionamento das unidades administrativas vinculadas aos servizos centrais e periféricos da Consellería. Deste xeito actúan de soporte básico cara a coordinar e garantir uns recursos humanos, materiais e de organización que permitan acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

As actuacións máis significativas a desenvolver con este programa están relacionadas con facilitar a xestión, elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas e estudos monográficos, definición de programas de información e comunicación, a potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas laborais da consellería e a racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas en materia laboral da consellería.

Aínda que na ficha específica da memoria se sinalan estes programas como de exclusiva actuación administrativa e de xestión, a propia consellería identifica despois actuacións e obxectivos que teñen relación coa igualdade e a inclusión da perspectiva de xénero nesta xestión, como son: 1. Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento; 2. Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes; 3.Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

Neste sentido enténdese que tódalas compilacións normativas, estudos monográficos, programas de información e publicacións que se realicen como parte deste programa

de gasto contarán cunha perspectiva de xénero e utilizarán a unha linguaxe non sexista e que se afaste de estereotipos respecto ao xénero para acadar estes obxectivos.

Breve descrición do programa dende a perspectiva de xénero;

- Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose)

- Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito

- Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto

-Existencia de indicadores con relevancia de xénero (citar)

-Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son

- Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento

- Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes

- Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade

O programa pretende cumprir no maior grao posible a necesidade de integrar a perspectiva de xénero dentro da Función Pública.

PROGRAMA 322A-MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE

Este programa está dirixido á mellora da empregabilidade do conxunto das persoas desempregadas ou ocupadas rexistradas na base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia que se atopen nun proceso activo de busca de emprego. Dentro deste colectivo xeral podemos establecer subgrupos prioritarios aos que se prestará especial atención e caracterizados polas súas maiores dificultades para acceder a un emprego, ben sexa polas súas carencias de formación, idade, sexo, discapacidade ou calquera outra circunstancia limitativa: persoas mozas, mulleres, desempregados de longa duración, persoas que esgotaran as prestación ou os subsidios de desemprego, persoas sen cualificación profesional, maiores de 45 anos, con discapacidade ou que pertenzan a colectivos en risco de exclusión, en especial as persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia e do Ingreso Mínimo Vital.

As mulleres seguen a presentar unha fenda con respecto aos homes en canto ao emprego: a taxa de paro feminina en 2024 é superior á masculina en 1,2 puntos, mentres que a taxa de actividade e a taxa de emprego femininas son 7,9 e 7,8 puntos inferiores, respectivamente, ás masculinas. A súa vez, existe un nesgo notable en canto a parcialidade e temporalidade: en 2024 a taxa de temporalidade feminina acadou o 19,3%, fronte a un 12,6% no caso dos homes; as maiores diferenzas danse na taxa de parcialidade, mentres que a porcentaxe de mulleres galegas asalariadas que tiñan xornada parcial foi do 21,7%, nos homes esta porcentaxe foi do 6,6%.

Vanse desenvolver un conxunto de accións e medidas de políticas activas de emprego dirixidas a facilitar información, orientación laboral e busca de emprego, así como a promover a adaptación da formación para o emprego dos traballadores e das traballadoras mediante a adquisición de experiencia profesional. Para isto executaranse de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social e programas integrados de emprego de Galicia, entre outras:

O desenvolvemento de ferramentas e procedementos que promovan e melloren a inserción laboral da poboación activa no noso mercado de traballo, procurando a mellora da información dispoñible e a cualificación dos nosos traballadores segundo as necesidades do tecido empresarial.

A mellora da capacidade dos traballadores e traballadoras desempregadas na busca dun novo emprego, priorizando no seu acceso os colectivos con maiores dificultades, ben sexa pola súas características de formación, idade, sexo, discapacidade, migrantes ou calquera outra circunstancia limitativa; ben sexa pola perda inminente de cobertura na súa protección social, facilitando a aqueles que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego unha nova oportunidade laboral mediante a adquisición e reorientación das súas competencias, a adquisición de experiencia profesional, así como a obtención de recursos de subsistencia económica para eles e as súas familias, ao mesmo tempo que, mediante o seu traballo subvencionado en actividades de interese xeral e social, contribúen tamén á mellora das condicións de vida no rural e nas vilas e cidades e á mellora e recuperación do medio ambiente e de espazos naturais protexidos.

A través deste programa preténdese entre outras cuestións:

- remover os atrancos que dificultan a promoción do emprego feminino de xeito que a participación das mulleres nas políticas activas de emprego sexa superior aos homes para o que se xestionarán programas específicos a favor das mulleres e considerararanse colectivos prioritarios nas políticas activas horizontais.

- o establecemento de medidas dirixidas a mellorar a empregabilidade e a apoiar a inserción ou reinserción no mercado de traballo dos traballadores e traballadoras desempregados, especialmente daquelas con maiores dificultades de inserción laboral: os que

pertencen a colectivos en risco de exclusión social, os mozos, as mulleres, as persoas paradas de longa duración, as persoas demandantes que esgotaran as súas prestacións, as persoas demandantes de primeiro emprego, as persoas con discapacidade, os inmigrantes e os que estean en situación de risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da Renda de Integración social de Galicia e o Ingreso Mínimo Vital.

O programa cualifícase, desde a perspectiva de xénero, como: "Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tendo en conta que é un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego, incide na necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, porfiando na integración da igualdade de xénero e en mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres en xeral, articula un conxunto de incentivos dirixidos a garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres e facilitar tanto o acceso ao mercado de traballo coma a permanencia nel. Estas medidas tradúcense fundamentalmente na definición das mulleres como colectivo beneficiario das axudas e na consideración das mulleres como colectivo preferente no acceso ás mesmas.

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son: "a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade", "a igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo", "a promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)" e "as accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero".

As mulleres son colectivo preferente en todas as medidas incluídas neste programa de gasto, en concreto, nos programas integrados de emprego e nos programas mixtos de formación e emprego.

Nas convocatorias de axudas para o desenvolvemento de programas integrados de emprego resérvase unha partida económica para programas dirixidos exclusivamente a mulleres.

No que respecta ao desenvolvemento das accións de información, orientación e busca de emprego, as mulleres desempregadas serán un colectivo prioritario no direccionamento automático das persoas demandantes polo que se asignan cada semana as citas cos técnicos de orientación.

A previsión é unha participación final dun sesenta por cento de mulleres dentro do conxunto de persoas desempregadas participantes nas medidas activas de emprego incluídas neste programa de gasto.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes no eido laboral.

PROGRAMA 322C-PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO

Este programa ten como finalidade principal intervir na creación de emprego, fundamentalmente a través de incentivos aos principais actores nese proceso de creación de emprego: as persoas empresarias e emprendedoras autónomas, incluíndo partidas específicas para fomentar a xeración de emprego das mulleres (tendo en conta aquelas ocupacións nas que contan con subrepresentación), das persoas mozas, das persoas retornadas e estranxeiras, das persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción no mercado laboral, das persoas con discapacidade, e das persoas en risco de vulnerabilidade.

O programa persigue ademais o mantemento e consolidación do emprego a través do mantemento da actividade económica.

O programa ten un carácter horizontal sendo as beneficiarias finais del as persoas desempregadas.

Dentro deste colectivo xeral establécense varios colectivos específicos, por ser os que presentan maiores dificultades de inserción laboral e que necesitan medidas que apoien a igualdade de oportunidades e integración laboral, buscando facilitar a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo: mulleres, mocidade, persoas con discapacidade, ou persoas que pertencen aos colectivos en situación ou en risco de exclusión social (incluídas as persoas perceptoras da RISGA ou do Ingreso Mínimo Vital), persoas desempregadas que esgotaran as prestacións ou os subsidios de desemprego, persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas maiores de 45 anos, ou persoas emigrantes retornadas e persoas estranxeiras.

A través deste programa e tendo en conta dun xeito transversal a igualdade de oportunidades entre os homes e as mulleres, preténdese entre outras finalidades que as mulleres reciban axudas específicas, de maior contía económica, que contribúan no obxectivo de igualdade de oportunidades, mellorar a capacidade dos traballadores e traballadoras desempregadas na busca dun novo emprego, priorizando no seu acceso aos colectivos con maiores dificultades, ben sexa pola súas características de formación, idade, sexo, discapacidade , facilitar a integración laboral ás persoas en risco de exclusión social.

O programa cualifícase, desde a perspectiva de xénero, como: "Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres"

A través das accións deste programa, que conta tanto con liñas específicas de apoio ás mulleres ao tempo que integra nas restantes a dimensión de xénero, preténdese:

- Acadar unha maior participación das mulleres no mercado laboral, dado que a súa taxa de actividade e de ocupación é menor ca dos homes e a súa taxa de desemprego é máis alta ca dos homes.

Dos datos de paro rexistrado o desemprego das mulleres é maior que o dos homes, de maneira que segue sendo preciso implementar medida de discriminación positiva como as que figuran no orzamento 2026.

-Que as mulleres reciban axudas específicas, de maior contía económica, que contribúan no obxectivo de igualdade de oportunidades.

-Mellorar a capacidade dos traballadores e traballadoras desempregadas na busca dun novo emprego, priorizando no seu acceso aos colectivos con maiores dificultades,

As mulleres son un grupo de poboación prioritario para a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en relación ao global das políticas activas de emprego, e así se reflicte na totalidade de liñas de axudas á contratación (tanto por parte de empresas privadas como de entidades sen ánimo de lucro ou corporación locais) e de axudas ao emprego autónomo, nas que a condición de muller está primada con porcentaxes maiores de axuda, de maneira que a perspectiva de xénero está presente de maneira permanente.

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son:

- Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento

- Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade

- Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo

Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres

- Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade

- Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

- Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social

- Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero

Ademais recóllense medidas específicas de conciliación tais como:

1. Establecemento de axudas ás pequenas e medianas empresas galegas para a introdución de medidas de organización flexible do tempo de traballo (flexibilidade horaria, de xornada, quendas, vacacións), o traballo a distancia, a mobilidade xeográfica así como outros beneficios sociais e servizos que faciliten ás traballadoras e traballadores compatibilizar a esfera laboral coa vida persoal e familiar.

Na subvención para axudas a iniciativas de emprego de base tecnolóxica tamén se establecen axudas á conciliación á que poden acollerse homes e mulleres

2. Consolidación de axudas á conciliación da persoa traballadora autónoma, tanto nos casos de por maternidade ou paternidade , como para o coidado de maiores, menores e persoas dependentes, a través da convocatoria dunha axuda específica, co fin de que se poida contar con apoio laboral durante o permiso de maternidade ou paternidade mediante a subvención á contratación dunha persoa substituta, da subvención á contratación dunha persoa traballadora para tarefas de coidado de maiores, menores e persoas dependentes e/ou unha axuda para o apoio nos custos dos servizos de coidado (centros ou actividades).

Algunhas das finalidades do programa son:

- Contribuír a reducir o diferencial existente entre a taxa de paro feminino e a taxa de paro masculino, a través dun acceso ao emprego en condicións de igualdade.

- A previsión é que a través dos programas de axudas deste programa o 50 % da persoas beneficiarias finais do mesmo (persoas desempregadas ou cun emprego precario) sexan mulleres. Este porcentaxe atópase na actualidade nun 46,20 % de mulleres beneficiarias.

Facilitarase o acceso a actividades formativas favorecendo a conciliación da vida persoal, familiar e profesional.

-Mellorar a capacidade dos traballadores e traballadoras desempregadas na busca dun novo emprego, priorizando no seu acceso aos colectivos con maiores dificultades.

As mulleres son un grupo de poboación prioritario para a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en relación ao global das políticas activas de emprego, e así se reflicte na totalidade de liñas de axudas á contratación (tanto por parte de empresas privadas como de entidades sen ánimo de lucro ou corporación locais) e de axudas ao emprego autónomo, nas que a condición de muller está primada con porcentaxes maiores de axuda, de maneira que a perspectiva de xénero está presente de maneira permanente.

A previsión é que a través dos programas de axudas deste programa o 50 % da persoas beneficiarias finais do mesmo (persoas desempregadas ou cun emprego precario) sexan mulleres. Este porcentaxe atópase na actualidade nun 46,20 % de mulleres beneficiarias.

Todas as liñas de axudas incluídas neste programa de gasto contan con informe de impacto de xénero.

Para isto ofreceranse axudas directas a empresa e entidades que xeren emprego, potencien programas de cooperación e colaboración e invistan en investigación e innovación xerando emprego e tamén ás persoas que creen o seu propio posto de traballo. Con isto preténdese conseguir emprego, xa sexa por conta propia ou allea, para persoas pertencentes aos colectivos sinalados, así como fomentar o emprego no rural e a estabilidade laboral para persoas con contratos temporais.

A maior parte das medidas incluídas neste programa recollen incentivos específicos dirixidos a fomentar a contratación de mulleres e mesmo existen algunhas medidas específicas dirixidas exclusivamente incentivala. Está previsto que coas medidas que se van implantar se incremente o número de mulleres beneficiarias dos distintos programas. Preténdese que a través das distintas liñas de axuda, o 50% das persoas beneficiarias finais (persoas desempregadas ou cun emprego precario) sexan mulleres.

Outras medidas específicas de conciliación:

Por unha banda, as axudas ás pequenas e medianas empresas galegas para a introdución de medidas de organización flexible do tempo de traballo (flexibilidade horaria, de xornada, quendas, vacacións), o traballo a distancia, a mobilidade xeográfica así como outros beneficios sociais e servizos que faciliten ás traballadoras e traballadores compatibilizar a esfera laboral coa vida persoal e familiar.

Por outra, a consolidación de axudas á conciliación da persoa traballadora autónoma, tanto nos casos de maternidade ou paternidade, como para o coidado de persoas maiores, menores ou dependentes.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo o presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes no eido laboral.

PROGRAMA 323A-FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS

O servizo público de emprego está obrigado a desenvolver a súa actividade de cara ás persoas desempregadas, actuando conforme aos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, transparencia, gratuidade, efectividade e calidade na prestación de servizos. E debe prestarlles unha atención que lles permita mellorar as súas competencias e cualificación profesional, mellorando a súa empregabilidade e incrementando as súas posibilidades de inserción laboral. De igual xeito, todas as políticas activas que

se desenvolvan deben potenciar nas persoas traballadoras desempregadas unha actitude proactiva estimulando a busca activa de emprego, de xeito que esas políticas actúen como instrumentos incentivadores para a incorporación efectiva das persoas desempregadas ao mercado de traballo

Dentro destes programas de gasto desenvólvense medidas de políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas e accións para mellorar a cualificación e especialización das persoas traballadoras ocupadas.

A poboación á que se dirixe son as persoas traballadoras desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia en especial, aqueles colectivos con especiais dificultades de inserción laboral: mocidade; mulleres, especialmente as vítimas de violencia de xénero; persoas con discapacidade, persoas paradas de longa duración, persoas emigrantes retornadas e outros colectivos con dificultades de inclusión, persoas beneficiarias do programa extraordinario de activación para o emprego e persoas mozas beneficiarias do programa de garantía xuvenil.

As mulleres seguen a presentar unha fenda con respecto aos homes en canto ao emprego: a taxa de paro feminina en 2024 é superior á masculina en 1,2 puntos, mentres que a taxa de actividade e a taxa de emprego femininas son 7,9 e 7,8 puntos inferiores, respectivamente, ás masculinas. A súa vez, existe un nesgo notable en canto a parcialidade e temporalidade: en 2024 a taxa de temporalidade feminina acadou o 19,3%, fronte a un 12,6% no caso dos homes; as maiores diferenzas danse na taxa de parcialidade, mentres que a porcentaxe de mulleres galegas asalariadas que tiñan xornada parcial foi do 21,7%, nos homes esta porcentaxe foi do 6,6%.

O programa cualifícase, desde a perspectiva de xénero, como: programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

O programa busca prestarlles ás persoas desempregadas unha atención que lles permita mellorar as súas competencias e cualificación profesional, mellorando a súa empregabilidade e incrementando as súas posibilidades de inserción laboral. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tendo en conta que un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego, diante da necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, e especialmente co obxecto de mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres de cara a súa inserción laboral, desenvolve unha serie de medidas dirixidas a garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres e facilitar tanto o acceso ao mercado de traballo como a permanencia nel.

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son:

- Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento

- Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes

- Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo

- Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade

- Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social.

Neste programa prevense distintas accións relacionadas con la promoción de la igualdade entre homes e mulleres, indicando en cada caso ás persoas ás que van dirixida, considerando ás mulleres como colectivo preferente no acceso ás accións formativas: nos procesos de selección para o acceso as accións formativas, identificarase ao colectivo "mulleres", especialmente ás "mulleres vítimas de violencia de xénero" de acordo co disposto no artigo 3 do Real decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, como un dos colectivos preferentes, segundo os criterios establecidos na correspondente orde de convocatoria, facilitando deste xeito o seu acceso á formación e incrementando a súa empregabilidade. Mantemento de axudas á conciliación, co obxecto de conciliar a asistencia ás accións formativas co coidado de fillos menores de 12 anos ou familiares dependentes. Favorecendo a inclusión, en todas as accións formativas subvencionadas, dos módulos formativos sobre igualdade, nos termos do artigo 26 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade.

O establecemento do colectivo "mulleres" como preferente contribuirá a redución da brecha de xénero, favorecendo acadar unha participación igualitaria de homes e mulleres nas accións formativas. Así mesmo, as axudas á conciliación permitirán incrementar o número de mulleres participantes nos cursos, e diminuír a taxa de abandonos.

Anualmente convócanse probas de avaliación en competencias clave para o acceso aos cursos de formación para o emprego de certificados profesionais de nivel 2 e 3. Na convocatoria do ano 2025 rexistráronse 1.833 solicitudes cun total de 8.458 probas realizadas; desas solicitudes 701 foron realizadas por homes e 1.132 por mulleres (61,75%) o que amosa que a baixa cualificación segue tendo un sesgo feminino.

Nas accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas participaron no período que vai dende o 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de xullo de 2025 un total de 18.256 mulleres, o que representa unha porcentaxe do 59,1 % do alumnado total.

En todas as actuacións que se van desenvolver no marco deste programa de gasto, a consellería terá en conta que un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego é a necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres especialmente co obxecto de mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres de cara a súa inserción laboral.

PROGRAMA 323B-FORMACIÓN PROFESIONAL DE OCUPADOS

A finalidade deste programa é contribuír á estabilidade de emprego e a cohesión social, este programa pretende tanto e mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional das persoas traballadoras ocupadas.

Para acadar este obxectivo débese proporcionar ás persoas unha maior motivación para o progreso na súa cualificación profesional e para a mellora das súas competencias e cualificacións, apostando por unha formación que favoreza a aprendizaxe permanente dos traballadores e o pleno desenvolvemento das súas capacidades profesionais. Prevé actuacións encamiñadas á adquisición polas persoas traballadoras ocupadas de coñecementos, habilidades e aptitudes ante a crecente incorporación das novas tecnoloxías no mercado laboral así como a instrumentar todas cantas medidas resulten necesarias para posibilitar que os traballadores teñan unha maior capacidade de formación que lles permita adecuarse aos cambios que poidan xurdir ao longo da súa traxectoria profesional.

O programa cualifícase, desde a perspectiva de xénero, como: programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, tendo en conta que, un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego incide na necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, trata de potenciar cunha serie de medidas, as perspectivas profesionais das mulleres, o seu acceso a empregos de maior cualificación e a súa incorporación a sectores onde aínda ten baixa representación. Trátase de potenciar a igualdade entre homes e mulleres incrementando a permanencia das mulleres no mercado laboral pola vía da mellora da súa cualificación.

Os obxectivos en materia de igualdade son:

- Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento

- Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes

- Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo

- Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade

- Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

En todas as actuacións que se van desenvolver no marco deste programa de gasto, a consellería terá en conta que un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego é a necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres especialmente co obxecto de mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres de cara a súa inserción laboral. Por iso ten previsto desenvolver unha serie de medidas dirixidas a garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres e facilitar ás mulleres tanto o acceso ao mercado de traballo como a permanencia nel. Incluirase en todas as accións formativas, un módulo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

Estableceranse, para mulleres desempregadas que participen nas accións formativas, axudas específicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero e axudas á conciliación, co obxecto de conciliar a asistencia ás accións formativas co coidado de fillos menores de 12 anos ou ou de familiares dependentes ata o segundo grao.

PROGRAMA 324A-MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

A través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), e do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) as accións que se desenvolven dentro deste programa de gasto teñen varios obxectivos. No relativo á igualdade de xénero, trátase de atender a diferentes necesidades. Entre outras: evitar infrarrepresentación das mulleres en determinados sectores, fomento dos plans de igualdade; facer efectiva a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais garantindo a participación en igualdade de oportunidades de homes e mulleres; fomentar a formación e igualdade laboral a través do campus de igualdade e relacións laborais ou fomentar a igualdade de xénero nas relacións laborais a través do traballo da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade de Mulleres e Homes na negociación colectiva (CCAINC).

A finalidade e estratexias deste programa están organizadas en áreas que á súa vez se articulan en eixos. A área de mellora das relacións laborais divídese en en 5 eixos, sendo o título o eixo 4 "Fomentar políticas de igualdade laboral". Dentro deste atopamos as seguintes finalidades: 1. Desenvolvemento do campus online de formación en igualdade laboral. 2.Realización de cursos post grao en materia de igualdade laboral. 3. Apoiar ás empresas para a realización voluntaria de plans de igualdade no seu seo.

A través do campus virtual de formación en igualdade procúrase un maior coñecemento e por ende búscase unha maior sensibilidade neste eido dirixíndose esta formación a empresas, traballadores e á sociedade en xeral.

O programa intenta establecer as canles axeitadas avanzar cara un emprego estable e de calidade e contar cunhas relacións laborais sólidas que permitan crear as condicións axeitadas no contorno empresarial e laboral galego.

Dentro desa procura da calidade desenvolveranse actuacións cara a evitar a infrarrepresentatividade das mulleres en determinados sectores, fomento dos plans de igualdade e adopción de medidas que posibiliten a conciliación da vida familiar e laboral, así como racionalización de horarios laborais ou elaboración de plans de mellora da conciliación laboral en sectores empresariais representativos na Comunidade Autónoma de Galicia. Así como incentivos ás pemes para adopción de medidas de conciliación, tales como acordos de teletraballo, flexibilidade horaria, e axudas para investimentos nas pemes co fin de poñer en práctica estas medidas.

Unha das finalidades do programa é facer efectiva a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais garantindo a participación en igualdade de oportunidades de homes e mulleres, nos órganos de participación da comunidade autónoma, cumprindo así coa Lei 17/2008, de Participación Institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

En materia de igualdade laboral procurarase o fomento da formación e igualdade laboral a través do campus de igualdade e relacións laborais e así mesmo contribuirase a eliminar a discriminación e a fomentar a igualdade entre mulleres e homes nas relacións laborais, mediante actuacións promoción e de control, evitando a discriminación salarial por razón de xénero, implantando medidas contra a brecha salarial.

Procurarase controlar que as empresas cumpran coa normativa laboral, de igualdade de oportunidades e de prevención de riscos laborais o que esixe dunha áxil e eficaz tramitación dos expedientes sancionadores por infraccións laborais así como o mantemento do rexistro público de sancións, especificando a tipoloxía das sancións e, especialmente, se hai sancións en materia de igualdade de oportunidades.

O Consello Galego de Relacións Laborais defínese na súa Lei reguladora como un órgano de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais, así como un órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma nas materias relativas á súa política laboral. Trátase polo tanto dun ente que sirve de marco permanente de encontro das entidades recoñecidas como interlocutoras sociais e como un órgano de diálogo institucional entre elas.

Así mesmo, a actuación do Consello, dentro do respecto ao dereito á negociación colectiva laboral entre as representacións das persoas traballadoras e a das empresas recollido no artigo 37.1 da Constitución Española, contribúe á mellora das condicións laborais das persoas traballadoras galegas, á produtividade das empresas e ao fomento da igualdade de xénero nas relacións laborais. Respecto deste último punto cómpre poñer en valor

o traballo da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade de Mulleres e Homes na negociación colectiva, que actúa co obxectivo de contribuír a eliminar as discriminacións directas ou indirectas por razón de xénero. O seu labor de asesoramento ás comisións negociadoras facilita a mellora dos contidos dos convenios colectivos e as súas recomendacións, cursos formativos e xornadas divulgativas contribúen á formación en igualdade de xénero de cadros sindicais e empresariais.

Por outra banda, na procura de acadar uns maiores fitos no eido da igualdade laboral considérase necesario proseguir no fomento de medidas como a elaboración voluntaria dos plans de igualdade empresarial ou a instauración dentro das relacións laborais de medidas de flexibilización horaria ou de teletraballo, asi como potenciar a formación neste eido cunha nova ferramenta , o campus virtual de formación en materia de igualdade e relacións laborais, que se constitúe como un instrumento para universalizar o acceso a este tipo de formación por parte dos axentes participantes xa sexan empresarios, traballadores ou axentes sociais.

A través deste programa e coa actuación do Consello Galego de Relacións Laborais:Asesórase ás mesas negociadoras sobre a redacción e a aplicación de cláusulas nos convenios colectivos que promovan a igualdade de xénero nas relacións laborais.

O programa cualifícase, desde a perspectiva de xénero, como: "programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres" e "programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres"

Existe unha clara segmentación pola variable de xénero no mercado de traballo, tanto no referido ao sector de actividade como ás ocupacións das mulleres e homes dentro do mesmo sector. Isto determina, por exemplo, que as cifras de sinistralidade e os tipos de danos sexan diferentes entre ambos sexos. A presenza relativa da muller no mercado laboral aumenta de xeito sostido. Segundo datos do IGE, nos últimos anos, a porcentaxe de afiliación feminina á Seguridade Social en Galicia medrou desde o 42,76 % de 2006 ao 48,27 % en 2014. No ano 2021 a porcentaxe sube ó total do 48,63% da poboación afiliada sendo 493.252 mulleres sobre o total de 1.014.385 persoas. En xuño de 2025 dita porcentaxe sube ata o 49,01% con 538.698 mulleres sobre un total de 1.099.106 afiliados. Desde o punto de vista de accidentes laborais, as mulleres sofren moitos menos accidentes. Tanto os índices de incidencia como os de gravidade son moitos menores nas mulleres; isto podía ser predicible en sectores como a pesca ou a construción, onde as mulleres están menos representadas e desenvolven, en xeral, ocupacións de menor risco, pero ocorre tamén nos servizos ou na agricultura, onde non se dan esas diferenzas. Ademais os índices de incidencia de traballadores homes para accidentes leves, graves e mortais son maiores que os das mulleres incrementándose conforme aumenta a gravidade do accidente.

Á situación anterior hai que sumar a dificultade de conciliar familia e traballo, que provoca, en determinadas ocupacións, xunto coas diferenzas fisiolóxicas e anatómicas entre homes e mulleres, que as mulleres teñan máis problemas de saúde que os homes que desenvolven as mesmas tarefas. Todo o exposto obriga a integrar a dimensión da igualdade na prevención dos riscos. Non se pode esquecer tampouco que no artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o lexislador realiza unha diferenciación de xénero en sentido positivo ao regular a protección da maternidade.

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son:

- Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento

- Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes

- Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade

- Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo

- Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres

- Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda

- Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade

- Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

- Participación das mulleres no desenvolvemento rural

Ademais convócanse diversas axudas para apoiar o establecemento de gabinetes de igualdade por partes das organizacións sindicais e empresariais.

Finalmente a través do campus virtual de formación en igualdade procúrase un maior coñecemento e por ende búscase unha maior sensibilidade neste eido dirixíndose esta formación a empresas, traballadores e á sociedade en xeral.

Polo que respecta ás políticas de RSE e de Igualdade laboral, un aspecto clave é acadar que nas empresas se implante de maneira real a igualdade laboral, tendo en conta ademais que se acaban de aprobar os reais decretos 901/2020, do 13 de outubro, de

igualdade retributiva entre mulleres e homes (BOE 14 de outubro) que veñen a establecer novas medidas neste ámbito.

Deste modo se establece un programa de axudas para implantar a igualdade laboral a conciliación e a responsabilidade social empresarial en pequenas e medianas empresas, incentivando a implantación voluntaria de plans de igualdade así como a conciliación fomentando a implantación do teletraballo e a flexibilidade horaria e de forma novidosa as inversións en material de traballo que axude a consolidación destes propósitos.

A Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva (CCAINC), regulada no capítulo VI da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e adscrita ao Consello Galego de Relacións Laborais, desenvolve varias actuacións co obxectivo de corrixir as desigualdades que aínda hai en materia de xénero nas relacións laborais. Trátase de actividades de formación dirixidas a persoas negociadoras de convenios colectivos e de plans de igualdade, tanto pola parte sindical como pola parte empresarial. Así mesmo, a CCAINC contribúe ao asesoramento das mesas negociadoras en materia de igualdade de xénero, xa sexan mesas negociadoras de Convenios colectivos como de Plans de igualdade, mediante a elaboración de guías de boas prácticas e recomendacións nas que difunden criterios e pretenden orientar ás ditas mesas para mellorar os contidos e a calidade da negociación colectiva, co obxecto de contribuír á efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso e das condicións de traballo das persoas traballadoras.

Os obxectivos das actuacións pódense concretar nos seguintes:

- Incrementar o número de convenios colectivos que introducen no seu articulado cláusulas sobre igualdade entre homes e mulleres.

- Mellorar os contidos e a calidade da negociación colectiva, así como contribuír á efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso ao emprego e das condicións de traballo das persoas traballadoras.

- Fomentar un uso adecuado da linguaxe de xénero nos convenios colectivos así como nos ditames que se emiten polo Consello sobre os proxectos normativos remitidos pola Xunta de Galicia en materia de política laboral, co obxectivo de consolidar o uso da linguaxe inclusiva nas normas laborais.

- Estudar as cláusulas e medidas de igualdade que se recollen anualmente nos convenios colectivos e facer recomendacións ás mesas negociadoras para melloralas e, no seu caso, axudar na elaboración de plans de igualdade, para promover a igualdade de trato e de oportunidades entre as mulleres e os homes no ámbito laboral.

- Trasladar recomendacións e boas prácticas en materia de igualdade ás persoas que forman parte das mesas negociadoras de convenios colectivos e plans de igualdade, co obxectivo de orientalas para mellorar as cláusulas e medidas de igualdade que neles se recollen.

- Analizar a composición das mesas negociadoras de convenios colectivos e identificar as medidas que se recollen nos convenios en materia de igualdade, co obxectivo de incrementar a presenza das mulleres nas mesas negociadoras que, actualmente, é inferior á dos homes e reforzar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral, datos que se recollen no informe anual sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, que elabora o Consello.

- Estudar a situación sociolaboral de Galicia e, particularmente, o mercado de traballo desde a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres, co obxectivo de informar á sociedade e traballar para que se adopten medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a desigualdade salarial e as súas dificultades para conciliar a vida persoal, laboral e familiar.

- Difundir e promover a posta en práctica do "Protocolo contra o acoso sexual, laboral, por razón de sexo e identidade nos centros de traballo" aprobado pola CCAINC o pasado 21 de marzo de 2022, mediante a organización, en colaboración con Universidades, Escolas de Relacións Laborais e Colexios Oficiais de Graduados Sociais, de xornadas e cursos en materia de igualdade de xénero que sirva de estímulo e de difusión da citada ferramenta entre persoas vinculadas co mundo laboral, en particular, cadros sindicais e empresariais.

- Elaborar e difundir guías destinadas ao asesoramento e á resolución de dúbidas á hora de establecer un Plan de igualdade nas empresas.

- Difundir "As 44 preguntas e respostas sobre Plans de Igualdade", documento modificado e aprobado pola CCAINC o 23 de maio 2023.

- Difundir e promover a posta en práctica da "Guía de boas prácticas para promover a igualdade na negociación colectiva" recentemente modificado e aprobado pola CCAINC o 19 de febreiro de 2025.

- Difundir e promover a posta en práctica do "Protocolo para a prevención e actuación fronte o acoso sexual, por razón de sexo e de xénero, orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero, características sexuais ou acoso laboral" aprobado pola CCAINC o 17 de xullo de 2025.

O programa intenta acadar obxectivos que fagan realidade o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en aspectos tales como a obtención dun mes-

mo salario pola realización de actividades idénticas tentando así poñer remate á brecha salarial que aínda nestes intres acada unha porcentaxe do dezanove por cento

Por outra banda inténtase tamén que outros sectores e actividades masculinizados podan ter unha representatividade feminina aceptable.

Desde o punto de vista da saúde laboral e a prevención de riscos laborais, o ISSGA integra tamén a perspectiva de xénero. Isto faise necesario dadas as grandes diferenzas nesta materia entre mulleres e homes: namentres as mulleres contan con menor incidencia de sinistralidade laboral e menor gravidade en caso de accidente, outros factores como as dificultades na conciliación, a maternidade ou a persistencia das desigualdades de xénero supoñen que en moitas ocasións as mulleres teñan máis problemas de saúde que os homes que desenvolven as mesmas tarefas.

E para corrixir as desigualdades que aínda hai en materia de saúde laboral o ISSGA, dentro do seu plan de actividades vai levar a cabo orientacións na integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos; publicacións e divulgación dun documento técnico sobre pautas para a integración da perspectiva de xénero na PRL; e o módulo de igualdade nos cursos básicos de PRL; entre outras. Para tódalas actividades formativas segregaranse por xénero os datos referentes á participación.

Ademais prevense as seguintes actuacións:

a) Axudas destinadas ao fomento da prevención de riscos laborais mediante accións de formación, difusión e sensibilización sobre a normativa e os aspectos máis relevantes da seguridade e saúde laboral entre os distintos sectores afectados(persoas traballadoras, empresariado, entidades representativas, etc.) co obxecto de impulsar a presenza de recursos preventivos na empresa e o fomento dunha auténtica cultura de prevención de riscos no traballo.

b) Polo que respecta á seguridade e saúde laboral, potenciar e fomentar a prevención de riscos laborais, así como a acreditación dos Servizos de prevención alleos, e o seguimentos e control dos Servizos de Prevención Propios e Mancomunados.

c) Acreditar que as empresas que operan no sector da construción cumpren cos requisitos de capacidade e de calidade da prevención de riscos laborais, o que obriga ao mantemento do rexistro administrativo de empresas acreditadas do sector da construción (REA), que ten como obxectivo que toda empresa que pretenda ser contratada ou subcontratada para traballos nunha obra de construción, deberá estar inscrita no REA, dependente da autoridade laboral onde estea situado o domicilio social da empresa.

d) Promover a prevención de riscos laborais nas empresas e centros de traballo e o fomento de boas prácticas para a redución da sinistralidade laboral.

e) Desenvolver accións de información, divulgación e formación en materia preventiva

PROGRAMA 324C-PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL

Mediante este programa trátase en primeiro lugar de xerar emprego de calidade promovendo iniciativas empresariais baseadas nas persoas e na cooperación baixo os principios e fórmulas da economía social, e prestando especial atención á xuventude, as mulleres e as persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade, así como ás iniciativas xeradoras de emprego no rural galego.

A Estratexia Galega de Economía Social EGAES H27 apoia o posicionamento da economía social nos sectores tecnolóxico e dixital, verde, industrial e sostible e promove, entre outras medidas, a presenza feminina e da mocidade na economía social.

A igualdade é un dos valores nos que se asenta a economía social, que se caracteriza por estar inspirada, entre outros valores, pola promoción da solidariedade interna e coa sociedade, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, ou a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Por outro lado, a presenza das mulleres nos órganos de xestión e dirección das entidades de economía social segue sendo inferior á que lle correspondería de xeito proporcional segundo a composición das entidades.

Para contribuír a reducir estas diferenzas, no programa APROL economía social, para a incorporación de persoas socias traballadoras a cooperativas ou sociedades laborais, subvencionouse a incorporación de 622 persoas, das que 298 foron mulleres (48 %).

A finalidade deste programa céntrase nos seguintes puntos:

•Creación de emprego a través da promoción do autoemprego colectivo e do apoio ao emprendemento baixo as fórmulas de economía social, con especial atención á xente nova, ás mulleres e ás iniciativas rurais.

•Facilitar a integración laboral das persoas con calquera tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou pertencente a colectivos vulnerables.

•Fomento do aproveitamento do talento feminino nas entidades da economía social, para acadar unha maior representatividade nos seus órganos de dirección e xestión.

O programa cualifícase, desde a perspectiva de xénero, como: "programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres· e "programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre

mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres".

A integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é obxecto das competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais, sendo en consecuencia tamén obxecto das actuacións da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A igualdade é un dos valores nos que se asenta a economía social, que se caracteriza por estar inspirada, entre outros valores, pola promoción da solidariedade interna e coa sociedade, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, ou a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Segundo os datos rexistrados nos boletíns mensuais do paro publicados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o número de parados a 31.12.2024 en Galicia ascendía a 118.838, inferior a do ano anterior en 10.666 parados, aínda que esa redución do paro non influíu na proporción de mulleres nesa situación que segue estando entorno ao 59% das persoas paradas, o que supón 19.580 mulleres paradas máis ca homes. (Fonte datos: https://ficheiros-web.xunta.gal/cei/estatisticas/2024/decembro/Boletin-Mensual-Paro-202412.pdf)

Os incentivos aplicados no ámbito específico do fomento do emprego en economía social, incentívase con maior contía de axuda a incorporacións de mulleres desempregadas ás cooperativas e sociedades laborais, así como a creación de postos de traballo en centros especiais de emprego e en empresas de inserción, os datos manifestan que é unha medida apropiada para conseguir que as mulleres alcancen unhas cotas similares aos homes na economía social de Galicia.

Á vista dos resultados, continúa sendo necesario manter este tratamento diferenciado.

Os indicadores clave de produtividade asociados a este programa: SC16 – Participantes con discapacidade; SE01 - Participantes en situación ou risco de exclusión social, P227 - Persoas participantes en accións de formación, son susceptibles de desagregación por xénero e P190 – Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego a cooperativas.

En relación aos indicadores citados, os potencias beneficiarios deste programa son 3.783 persoas con discapacidade (das cales 1.498 son mulleres), 2.768 persoas participantes en accións de formación (das cales 1.704 son mulleres), 126 persoas en situación ou risco de exclusión social (das cales 73 son mulleres) e 345 persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a

entidades de economía social (das cales 165 son mulleres). (A orixe destes datos son os Indicadores de XUMCO).

Por outra banda, a presenza feminina nos órganos de xestión e dirección das entidades de economía social segue sendo inferior á que lle correspondería de xeito proporcional á composición das entidades. Por iso, levaranse a cabo accións que fomenten o acceso das mulleres a postos de responsabilidade das entidades, a través de accións formativas específicas para este fin.

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son:

- Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento

- Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes

- Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade

- Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo

- Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres

- Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade

- Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

- Participación das mulleres no desenvolvemento rural

- Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social

As actividades previstas directamente relacionadas coa promoción da igualdade entre mulleres e homes consisten en:

1. As axudas seguintes increméntanse nun 25 % cando se trata de mulleres:

- Axudas para a incorporación de persoas socias traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais

- Axudas para a creación de emprego para persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión en centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral respectivamente.

2. Nas axudas do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais increméntase en 2.000 euros se a entidade está formada na súa maioría por mulleres, por persoas trans e persoas maiores de 45 anos ou menores de 30.

3. Nas axudas para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción tense en conta a composición equilibrada do cadro de persoal como un dos criterios de valoración.

4. Nas axudas para proxectos de formación dual en centros especiais de emprego e para a integración laboral de persoas en risco de exclusión tamén se ten en conta como criterio de valoración a composición equilibrada do cadro de persoal da entidade, e ademais, no primeiro deles valóranse as actuacións previstas para a efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no ámbito laboral.

5. Formación específica para promover o acceso das mulleres a postos de responsabilidade nas entidades de economía social.

6. Impulso da formación non presencial e adecuación horaria das accións formativas ás necesidades de conciliación das persoas traballadoras.

7. Formación en valores cooperativos, entre os que cabe destacar o de igualdade entre todas as persoas socias.

Valoración dos posibles efectos do programa sobre un e outro sexo e sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

•Contribuirase a reducir o diferencial existente entre a taxa de paro feminino e a taxa de paro masculino, a través dun acceso ao emprego en condicións de igualdade.

•Contribuirase a formar as persoas que integran as empresas de economía social, sexa como socias ou como membros dos equipos directivos, na xestión e toma de decisións baixo criterios de igualdade.

•Facilitarase o acceso a actividades formativas favorecendo a conciliación da vida persoal, familiar e profesional

•Formarase á poboación en xeral, e ás persoas interesadas en emprender baixo fórmulas de economía social en particular, acerca dos principios e valores da economía social, entre os que destaca o de igualdade

Resultados do programa, dende o punto de vista do xénero.

No programa APROL economía social, para a incorporación de persoas socias traballadoras a cooperativas ou sociedades laborais, subvencionouse a incorporación de 622 persoas, das que 298 foron mulleres (48 %).

Nos programas de incentivos á contratación en empresas de inserción laboral, concedéronse axudas para a contratación de 10 persoas técnicas (3 homes e 7 mulleres), e contribuíuse ao mantemento de emprego para 168 persoas en risco de exclusión (das que 95 son mulleres, o que supón o 56,55 %).

Nos programas de fomento do emprego para persoas con discapacidade a través dos centros especiais de emprego a participación feminina segue sendo baixa, aínda que tende a alza nos postos de nova creación. Así, contribuíuse ao mantemento da actividade laboral de 6.270 persoas das que un 38,80 % son mulleres. Destes 3.658 son postos indefinidos, dos que 1.439 (un 39,30 % son ocupados por mulleres).

En canto ao programa de formación dual nos centros especiais de emprego, dirixido a persoas con discapacidade intelectual, dos 82 participantes só 28 son mulleres (un 34,10%). O cociente mellora substancialmente se nos referimos ao persoal técnico subvencionado (xerentes ou persoal de apoio) xa que chega ao 42,90 % das 98 persoas subvencionadas.

En canto ás actividades de asesoramento, formativas ou divulgativas en materia de economía social, en xeral destacan pola alta participación feminina. Cabe destacar:

- prestouse asesoramento especializado, durante o ano 2024, para a posta en marcha ou consolidación de proxectos de economía social a 241 persoas, das que o 58,9% foron mulleres.

- 1.000 persoas participaron no exercicio 2024 en actividades formativas para o emprendemento ou mellora de xestión das entidades de economía social, das que o 55,80 % foron mulleres.

- 1.873 persoas participaron en 70 actividades de difusión ou divulgación (xornadas, charlas, visitas etc.). Destes participantes o 53 % eran mulleres.

PROGRAMA 581A-ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, participa no desenvolvemento do Plan Galego de Estatística, mediante a elaboración e difusión da monografía anual da sinistralidade laboral en Galicia, como unha das súas actuacións previstas no plan anual de actuación para o 2025 e na Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027.

O colectivo ao que se dirixe esta publicación anual é o tecido empresarial galego, as empresas e o persoal traballador dos centros e lugares de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.

O programa cualifícase, desde a perspectiva de xénero, como: programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres

A información estatística que xurde dos accidentes laborais e das enfermidades profesionais é un instrumento fundamental para a definición de políticas e a toma de decisións en materia de prevención. Desde a perspectiva da igualdade, os datos e o seu tratamento estatístico evidencian a necesidade de facer un enfoque de xénero para comprobar como existe forma distinta de enfermar e accidentarse entre homes e mulleres, xa sexa como consecuencia das propias diferenzas biolóxicas, ou pola definición u organización social do traballo, que adxudica ás mulleres o desempeño de profesións específicas, cos seus factores de risco predeterminados.

O tratamento estatístico diferenciado da sinistralidade entre homes e mulleres facilita a integración da dimensión da igualdade ao axudar a planificar as actividades preventivas de xeito que se poida acadar un nivel de protección con independencia do xénero. Por isto o estudo dos danos da saúde coa diferenciación por sexo constitúe un instrumento útil para lograr a dita integración

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son: "a análise da evolución da sinistralidade laboral segundo a variable de xénero". Tenta cumprir no maior grao posible a necesidade de integrar a perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais.

Desde a perspectiva de xénero, segundo se indica, os datos e o seu tratamento estatístico evidencian a necesidade de facer un enfoque de xénero para comprobar como existe forma distinta de enfermar e accidentarse entre homes e mulleres. Isto repercute, ademais, en que se poidan deseñar as medidas de prevención de riscos adecuadas.

PROGRAMA 613A-ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA

O obxectivo estratéxico deste programa é a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

En materia de protección ao consumidor, as novas tecnoloxías da información deben estar presentes coa fin de chegar ao maior número de persoas posibles sen descoidar

a importancia da proximidade e a presencialidade coas persoas consumidoras, especialmente das máis vulnerables. A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, autoriza a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, como organismo autónomo adscrito á Consellería competente en materia de consumo, tendo como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

O Programa do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para o ano 2025 enmárcase dentro da Estratexia de protección das Persoas consumidoras para o período 2020-2025, que ten como obxectivo dar cumprimento a Nova Axenda Europea da persoa consumidora 2020-2025 contemplando tres ámbitos de actuación:

- Transformación dixital

- Atención ás persoas consumidoras vulnerables

- Formación e educación sostible, económica, integral e inclusiva

A finalidade deste programa é dar resposta ás necesidades dos cidadáns e cidadás, potenciando a mediación e a arbitraxe de consumo como ferramentas extraxudiciais para resolver as situacións de conflito entre as empresas e as persoas consumidoras, executar campañas de control de mercado, acercar máis a Escola Galega de Consumo aos colectivos máis desprotexidos, e ás asociacións de consumidores, así como trasladar á sociedade os valores da libre competencia e a necesidade de promovela e defendela.

O programa cualifícase, desde a perspectiva de xénero, como: "programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres"

Está dirixido a todas as persoas consumidoras galegas, facendo desde a Escola Galega de Consumo un especial seguimento da publicidade e da educación para o consumo non sexista, ensinando a comprar a través dos talleres, obradoiros e cursos que nela se imparten aos nenos e nenas galegas.

En relación aos principais ámbitos de actuación do programa, e tendo en conta que a maioría das actuacións e actividades van dirixidas a toda a cidadanía galega, non se detectan diferencias significativas na porcentaxe de mulleres e homes beneficiarias e beneficiarios do programa.

Tendo en conta os resultados de 2024 e a previsión de 2025, resultando que para 2026 se estiman equivalentes, podemos sinalar algún exemplo:

- Persoas usuarias do Programa Cores e Consumo Responde (INFOCONSUMO) por sexo: 40% homes, 60% mulleres.

- Concursos escolares GALICONS e CONSUMÓPOLIS por sexo: 40% homes e 60% mulleres,

A homoxeneidade nas cifras de persoas usuarias ven dada porque estes programas traballan con centros educativos principalmente, polo que a ratio de homes e mulleres é moi semellante, salvo nos cursos de formación onde destacan as mulleres.

Tamén se detecta unha maior participación das mulleres no programa de concesión de bolsas de formación en materia de consumo e competencia. Como exemplo, nas convocatorias do exercicio 2025 a participación de mulleres foi maior ao 82% e o nivel de concesión a mulleres foi tamén superior ao 81%.

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son:

- Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes

- Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)

Con este programa o que se pretende é unha sociedade non sexista e con igualdade de oportunidade en todos os ámbitos.

PROGRAMA 751A-ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia posúe, entre outras competencias, as referidas ao comercio nos termos recollidos no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co dobre obxectivo de, por unha banda, reforzar e transformar o comercio de proximidade, toda vez que exerce un papel cohesionador básico na actividade económica xeral ao revelarse como unha das actividades con maior capacidade de incidencia no entorno urbano e social onde se desenvolve, e, pola outra, manter e crear emprego no sector comercial mediante a transmisión de coñecemento impulsando un sector máis forte, adaptado e competitivo.

É o momento de reactivar a actividade comercial e adaptala aos cambios que están a producirse no mercado. As actuacións previstas tentarán mitigar os efectos adversos que a actual situación económica está a provocar e axudarán a crear novas sinerxías e oportunidades empresariais.

As actuacións dirixirán o foco do sector á clientela con criterios medioambientais sostibles que o fagan máis atractivo e competitivo. Incentivarase unha adaptación necesaria mediante a dixitalización, a innovación e a reforma comercial en termos de sustentabilidade, modernidade e comercio de calidade que dinamice, ao mesmo tempo, a actividade comercial das nosas vilas e cidades e mellore a súa imaxe e seguridade.

En definitiva, o programa ten como finalidade proseguir coa modernización do tecido comercial galego.

Corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de artesanía. A importancia das actividades artesanais en Galicia non só reside nun plano social ou cultural, co que se adoitan identificar, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha longa lista de oficios que se traducen nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás exixentes demandas do mercado actual. Esta Dirección Xeral, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, aposta por un sector artesán forte, competitivo e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado.

Por isto, un dos obxectivos fundamentais do programa é o desenvolvemento dunha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector coa modernización e o crecemento das estruturas produtivas, a introdución das novas tecnoloxías, o fomento e divulgación dos produtos artesanais e a potenciación da marca Artesanía de Galicia para a mellor comercialización da artesanía galega mediante as seguintes actuacións.

O programa cualifícase, desde a perspectiva de xénero, como: "programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres"

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo incorporará unha perspectiva de xénero e promoverá a igualdade entre homes e mulleres na licitación dos contratos que teña que levar a cabo co obxecto de promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria e a conciliación responsable.

En definitiva, promoverase un uso estratéxico da contratación pública a través da aplicación de cláusulas sociais e outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo

As necesidades que trata de atender o programa son:

- Modernizar e incrementar a competitividade do tecido comercial.

- Mellorar a competitividade e a dinamización do comercio e da empresa comercial, prestando especial atención á dixitalización do sector e ao impulso da súa innovación,

tanto en novas fórmulas de comercialización como na posta en marcha de proxectos de sostibilidade e protección do medio ambiente no sector comercial.

- Potenciar a transformación empresarial e a adaptación aos cambios do mercado no contexto marcado pola actual situación inflacionista.

- Impulsar a formación e cualificación dos/as profesionais do sector comercial cara acadar un sector forte, competitivo, sostible e moderno.

- Incrementar e potenciar a innovación nas empresas comerciais impulsando a súa presenza en novos formatos, produtos e servizos, identificando ao comercio cun novo concepto conectado coa clientela e as tendencias do mercado.

- Impulsar a modernización das estruturas e espazos comerciais procurando a mellora da imaxe e dos servizos, impulsando tamén a sostibilidade ambiental e fomentando procesos de economía circular no ámbito do comercio.

- Potenciar e revitalizar os mercados e prazas de abastos como espazos comerciais vertebradores do territorio e xeradores de riqueza e emprego, aproveitando a súa situación estratéxica nas vilas e cidades como o mellor escaparate do produto galego de calidade, ademais da súa capacidade de dinamización comercial e turística.

- Apoiar ao asociacionismo comercial como ferramenta de colaboración e cooperación para incrementar a competitividade do comercio de proximidade e a mellora da imaxe das vilas e cidades galegas.

- Incentivar a demanda comercial e potenciar a calidade e a excelencia no tecido comercial e o seu compromiso cos valores sociais e o medio ambiente.

- Impulsar o dinamismo económico do sector comercial mediante o fomento e a promoción do emprendemento así como a consolidación dun sector sostible.

- Impulsar a actividade feiral e a promoción dos produtos galegos.

Artesanía:

- Modernizar o sector artesanal nas súas estruturas produtivas e mellorar a comercialización dos produtos artesanais.

- Mellorar a competitividade das empresas de artesanía mediante un incremento da comercialización dos seus produtos, revalorizando os procesos artesanais vinculados aos vellos saberes para ofrecer novos valores.

- Mellorar as técnicas de xestión e deseño aplicadas á produción artesanal.

- Crear emprego de calidade no sector artesanal galego e afianzar un sector competitivo capaz de aglutinar todo o talento artesán.

- Apostar pola profesionalización continua do sector artesanal especializada en competencias profesionais e competencias transversais.

- Fomentar o relevo xeracional no sector artesanal, promovendo a formación das novas xeracións nos oficios e técnicas máis tradicionais.

- Fomentar e promocionar a identidade corporativa asociada á marca Artesanía de Galicia

Os obxectivos en materia de igualdade que son de aplicación no desenvolvemento das accións contempladas neste programa son:

- Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento

- Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade

- Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo

E1 - Eixe 1. O reto demográfico

PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada

E01 - Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores

OO01 - Fomentar as estratexias de asesoramento personalizado para a inserción no mercado de traballo. Definir procesos de asesoramento

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
SC01.H	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	22,0	Nº
SC01.M	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	20,0	Nº

OO02 - Fomento do emprego das persoas galegas retornadas

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P1027H	Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Homes	110,0	Nº
P1027M	Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Mulleres	95,0	Nº

OO03 - Programas integrados de emprego con intermediación laboral.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
SC01.H	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	2.340,0	Nº
SC01.M	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	2.860,0	Nº

OO05 - Mellora da empregabilidade das persoas desempregadas, especialmente de colectivos con maiores dificultades (persoas mozas e

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P1032H	Persoal de orientación laboral. (Homes)	57,0	Nº
P1032M	Persoal de orientación laboral. (Mulleres)	340,0	Nº
P1031H	Persoas atendidas accións e programas de orientación laboral(Homes)	48.000,0	Nº
P1031M	Persoas atendidas accións e programas de orientación laboral(Mulleres)	67.000,0	Nº
SC01.H	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	1.987,0	Nº
SC01.M	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	2.043,0	Nº
SC06.H	Persoas menores de 25 anos de idade (Homes)	279,0	Nº
SC06.M	Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres)	242,0	Nº

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
SC06.H	Persoas menores de 25 anos de idade (Homes)	1.000,0	Nº
SC06.M	Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres)	1.500,0	Nº

E02 - Potenciar a formación, adquisición e acreditación de competencias profesionais, fomentando a igualdade de oportunidades. Promover a

OO01 - Mellorar a cualificación profesional das persoas ocupadas (tanto upskilling como reskilling) e fomento do recoñecemento de

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	918,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	863,0	Nº

OO02 - Preparar á poboación mellor para as necesidades formativas que require e requirirá a Industria 4.0, especialmente a través da

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	301,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	301,0	Nº

OO03 - Apoio á formación, reciclaxe e recoñecemento de competencias de persoas retornadas

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	203,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	187,0	Nº

OO04 - Actualizar os programas formativos das especialidades da formación profesional para o emprego, consonte os requirimentos dos

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	6.696,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	16.789,0	Nº

OO05 - Medidas de impulso á formación para persoas desempregadas e fomento de accións formativas vinculadas á obtención de

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P394.H	Bolseiros (homes)	7.267,0	Nº
P394.M	Bolseiros (mulleres)	9.789,0	Nº
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	10.160,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	11.877,0	Nº

E03 - Aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e

OO02 - Programas de promoción do emprendemento e apoio ao emprego autónomo.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	250,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	250,0	Nº
P425.H	Persoas autónomas que reciben axudas para a súa consolidación (Homes)	275,0	Nº
P425.M	Persoas autónomas que reciben axudas para a súa consolidación (Mulleres)	315,0	Nº
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	13,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	12,0	Nº
SC01.H	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	3.020,0	Nº
SC01.M	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	3.220,0	Nº

OO03 - Programas de integración laboral de persoas con discapacidade e de colectivos en risco de exclusión social.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
SC16.H	Participantes con discapacidade. Homes	90,0	Nº
SC16.M	Participantes con discapacidade. Mulleres	96,0	Nº
SC01.H	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	55,0	Nº
SC01.M	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	275,0	Nº

OO04 - Fomento do emprego no medio rural

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P126.H	Nº de alumnos participantes (Homes)	200,0	Nº
P126.M	Nº de alumnos participantes (Mulleres)	150,0	Nº
SC01.H	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	470,0	Nº
SC01.M	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	380,0	Nº

E04 - Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación

OO05 - Promover unha igualdade de oportunidades real para todas as persoas

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
S0EE17	Número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e da conciliación de vida laboral	100,0	Nº
SC05.H	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Homes	455,0	Nº
SC05.M	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres	290,0	Nº

OO06 - Fomentar o coñecemento en Igualdade laboral

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P036.H	Alumnado matriculado (Homes)	80,0	Nº (media)
P036.M	Alumnado matriculado (Mulleres)	720,0	Nº (media)

OO12 - Impulsar propostas relativas a acordos laborais e fomentar a súa aplicación nas organizacións empresariais e sindicais.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P409.H	Delegados sindicais formados (homes)	55,0	Nº
P409.M	Delegados sindicais formados (mulleres)	50,0	Nº
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	1.600,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	1.500,0	Nº

OO13 - Promoción da RSE e das Relacións Laborais e accións de formación e información en materia de relacións laborais.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
S0EE17	Número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e da conciliación de vida laboral	90,0	Nº
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	300,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	600,0	Nº
SC05.H	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Homes	1.000,0	Nº
SC05.M	Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres	500,0	Nº

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	36,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	58,0	Nº
SC01.H	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	810,0	Nº
SC01.M	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	90,0	Nº

E05 - Promover o cooperativismo e a economía social, como modelo de competitividade empresarial e sustentabilidade económica para xerar

OO02 - Fomentar as entidades de Economía Social como alternativa estable e de calidade para o emprego e o autoemprego colectivo e

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	1.064,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	1.704,0	Nº
SE01.H	Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes	53,0	Nº
SE01.M	Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres	73,0	Nº
P190.H	Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativ	180,0	Nº
P190.M	Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativ	165,0	Nº

OO03 - Apostar polas Entidades de Economía Social para potenciar (dinamizar) e favorecer a saída laboral de mulleres e outros colectivos de

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
SC16.H	Participantes con discapacidade. Homes	2.285,0	Nº
SC16.M	Participantes con discapacidade. Mulleres	1.498,0	Nº

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a

OO02 - Fomentar a cultura de innovación nas empresas establecendo incentivos e programas efectivos de financiamento para I+D+i,

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
SC01.H	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	17,0	Nº
SC01.M	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	15,0	Nº

OO06 - Atraer e manter o talento innovador

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
SC01.H	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	65,0	Nº
SC01.M	Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	70,0	Nº

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	2.502,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	1.152,0	Nº

E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da

E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera

OO05 - Atención socioasistencial e sociocultural aos cidadáns galegos retorndos (ou en proceso de retorno) así coma potenciar o regreso de

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P394.H	Bolseiros (homes)	125,0	Nº
P394.M	Bolseiros (mulleres)	125,0	Nº
P421.H	Persoas contratadas (homes)	17,0	Nº
P421.M	Persoas contratadas (mulleres)	3,0	Nº
P1027H	Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Homes	3.614,0	Nº
P1027M	Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Mulleres	6.343,0	Nº

E05 - Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os

OO05 - Promoción do autoemprego e do emprendemento femininos. Formación específica para mulleres para mellorar a súa

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	3.000,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	6.000,0	Nº

Conclusións:

A importancia do eido laboral para a consecución da igualdade real entre mulleres e homes, así como a implicación coa igualdade desta Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, aporta aos seus programas un impacto fundamental e directo dende unha perspectiva de xénero.

As políticas dirixidas a fomentar e xeneralizar a eliminación dos estereotipos de xénero; a corresponsabilidade e a conciliación laboral; a atención ás vítimas de violencia de xénero e violencia sexual; así como a prevención destes tipos de violencias a través da formación, a concienciación e os medios materiais necesarios son piares fundamentais das políticas de igualdade e inciden directamente na superación das desigualdades aínda hoxe existentes nesta materia en Galicia.

Por outra banda, as medidas no ámbito laboral amósanse tamén imprescindibles, ao abeiro dos datos presentados ao longo dos programas de gasto, especialmente os relativos á participación das mulleres nas relacións laborais e ás diferencias por xénero en materia de prevención de riscos laborais.

Tamén a creación e consolidación de emprego para as mulleres constitúe a base de cara a igualdade salarial, así como a formación para a mellora da súa empregabilidade e o fomento do emprendemento e o autoemprego, o asociacionismo entre mulleres e a economía social.

Así mesmo, é fundamental a integración da perspectiva de xénero de xeito transversal en tódolos programas levados a cabo, así coma na actividade estatística e do mesmo xeito o uso dunha linguaxe non sexista e a promoción dunha imaxe das mulleres non estereotipada e impregnada polos estereotipos de xénero.

Con relación ao VIII Plan Estratéxico de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, as actividades recollidas neste plans de actuación corresponden coas atribucións asignadas a esta Consellería ao longo das oito liñas de actuación nas que está incluída. Soamente se recomenda que seguindo a Liña de acción 4.4.3 do citado plan, trate de introducirse de maneira sistemática da variable urbano/rural nas investigacións sobre condicións de vida de carácter xeral que se desenvolvan nas actividades dos programas.

Respecto do uso da linguaxe inclusiva, neste texto empréganse con carácter xeral formas neutras e os dous xéneros, o que merece unha valoración positiva. Por isto tan só se emiten unhas recomendacións puntuais ao respecto.

Cómpre, na memoria, revisar algúns casos de usos do masculino como xenérico.

Por todo o anteriormente exposto valórase como positivo os presente programa de gasto no camiño cara a igualdade real entre mulleres e homes no eido das relacións laborais.

IV.12. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A Consellería do Medio Rural é o departamento do goberno galego que integra as competencias relacionadas cun dos eidos produtivos do sector primario de Galicia con maior relevancia (o medio rural).

Neste sentido, correspóndelle propor e executar as directrices do goberno en materia de agricultura, gandaría, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais; control da cadea alimentaria; así como a PAC.

A importancia da muller no ámbito rural e a necesidade da incorporación da perspectiva de xénero na ruralidade quedan expresamente recollido na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, como no VIII Plan Estratéxio de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022_2027.

Das actualizacións do Censo Agrario 2020 realizadas no ano 2023 obtemos a seguinte información. A porcentaxe da man de obra feminina nas explotacións está no 45,48%. As mulleres son man de obra e titular no 30,69% dos casos, as mulleres son man de obra e familiar do titular no 9,46% dos casos. As mulleres son man de obra e cónxuxe no 3,61% dos casos, as mulleres son man de obra e manteñen relación familiar no 5,85 % dos casos, e igualmente as mulleres son man de obra e persoal contratado no 5,34% dos casos.

PROGRAMA 422L-CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL

Dentro do programa 422L e no marco das actuacións da formación agroforestal formúlase unha oferta integral, dirixida especialmente á mocidade e a poboación activa, e que integre os distintos subsistemas de formación profesional, a iniciación profesional e a formación continua dos e das profesionais do sector, que se desenvolverá nos seis centros de formación e experimentación agroforestal con que conta a consellería, contando tamén coa colaboración doutras unidades dependentes dela.

Os cambios económicos, tecnolóxicos e ambientais dan lugar á necesidade de novas cualificacións para todas as persoas implicadas en actividades agroforestais e agroalimentarias. Para obter estas novas competencias e habilidades, é necesario ofrecer actividades de temáticas innovadoras tanto de áreas xerais, técnicas como económicas que melloren e complementen o perfil profesional da xente do sector.

As prioridades fundamentais que se marcan para 2026 son: mellorar a formación e a cualificación dos profesionais do sector impulsando a transferencia tecnolóxica para que os resultados das investigacións cheguen ao sector e frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural, con capacitación profesional daqueles que se incorporan por primeira vez á actividade agraria. Así mesmo, debe servir para que a actividade produtiva sexa respectuosa co medio ambiente.

Trátase dun programa que non está especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado entre homes e mulleres. Así, as actividades formativas e de transferencia tecnolóxica que se desenvolven no marco deste programa establecen unha prioridade para as mulleres do rural (xunto coa mocidade).

Os obxectivos identificados en materia de igualdade son dous a promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade e a participación das mulleres no desenvolvemento rural.

En todo caso, dado que o presente programa incide directamente sobre as persoas que traballan no sector agro-gandeiro e forestal, agriculturas, gandeira e silviculturas con a perspectiva de incorporar xente nova, que se cualifican para o desenvolvemento dunha actividade profesional ou melloran a súa formación, pode significar que, pola igualdade de acceso á formación ou mesmo pola prioridade das mulleres fronte aos homes de haber exceso de demanda, poderíase diminuír a fenda de xénero que existe neste ámbito.

O programa recolle uns criterios para os programas de formación e transferencia tecnolóxica directamente relacionadas coa igualdade, que son que na selección das persoas participantes, serán priorizadas as mulleres fronte aos homes no suposto de concorrencia e limitación de prazas.

As accións desenvolvidas neste programa terán unha especial incidencia ao impulsar accións dirixidas a mozas e mulleres maiores de 41 anos, tanto agricultoras coma con expectativas de incorporación a empresa agraria.

Ao tratarse dun programa de formación con perspectiva de xénero no ámbito rural, no que existe un problema de despoboamento a medida ten de partida unha valoración positiva, que terá que ser revisada a medio prazo, para coñecer se ten cumprido as expectativas tanto para a atracción de persoas novas, como de mulleres maiores de 41 anos.

PROGRAMA 422M-ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS

Ao igual que o 422L está destinado a formación, neste caso no ámbito regrado e de formación continua de ensinanza secundaria.

Existen seis centros de formación e experimentación agroforestal onde impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior das especialidades agrarias. No ano 2026 intensificarase a oferta de formación continua ao sector e iniciarase o desenvolvemento da oferta de certificados de profesionalidade da familia agraria e agroalimentaria.

O fin do programa é dotar de equipamentos e medios necesarios e atender ás necesidades de renovación das infraestruturas dos centros.

Busca atraer a este sector a xente nova con formación tanto regrada como de formación continua eminentemente práctica.

Trátase dun programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Na selección das persoas beneficiarias está priorizada as mulleres fronte aos homes de haber exceso de demanda, co fin de tratar de diminuír a posible fenda de xénero no rural.

Os obxectivos identificados son dous a participación da muller no desenvolvemento rural e a promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade.

As accións desenvolvidas neste programa impulsan accións dirixidas a mozas e mulleres maiores de 41 anos agricultoras así como con expectativas de incorporación.

Ao tratarse dun programa de formación con perspectiva de xénero no ámbito rural, no que existe un problema de despoboamento a medida ten de partida unha valoración positiva, que terá que ser revisada a medio prazo, para coñecer se ten cumprido as expectativas tanto para a atracción de persoas novas, como de mulleres maiores de 41 anos.

PROGRAMA 551A-INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL

A consellería cualifica o programa 511A como de mera actividade administrativa ou de xestión, polo que non o considera pertinente dende o punto de vista do xénero. Sen embargo, segundo se indica na memoria, o programa dirixe algunhas das súas actividades á poboación do rural, para corrixir deficiencias de infraestruturas básicas e dotala de servizos públicos de calidade. Indícase expresamente que "No rural, son imprescindibles servizos públicos suficientes e de calidade. A poboación rural ten os mesmos dereitos que o entorno urbano a dispoñer de medios e servizos que permitan o desenvolvemento das súas iniciativas empresariais e dunha calidade de vida equiparable ao medio urbano. Neste senso, é necesario investir na mellora de infraestruturas e servizos básicos á poboación". O enfoque de partida é a posta en valor da terra agraria e afrontar o forte desafío de avanzar na súa Competitividade. Os regulamentos europeos que definen o marco de desenvolvemento do programa requiren ter en conta a perspectiva de xénero, en concreto esta regulamentación establece que é necesario un acordo entre a sociedade civil e as administracións para fomentar a inclusión social, a igualdade de xéneros e la non discriminación, e xa no ano 2015 directamente recollese que "a igualdade de xénero debe ser parte integrante da elaboración, a execución e a avaliación das intervencións da PAC". Polo que é recomendable visualizar directamente no programa esta perspectiva.

PROGRAMA 551B-ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL

O programa ten como obxectivo o financiamento das competencias da Dirección Xeral de Defensa do Monte en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais. As accións a levar a cabo neste programa deberán buscar, por definición, reducir ao mínimo os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos incendios forestais. Para acadar ditos obxectivos a prevención e defensa contra os incendios forestais céntrase en dúas frontes: redución do número de incendios forestais e redución das superficies queimadas.

Como no caso anterior aínda que está definido como programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión, Lémbrase a necesidade da integración da perspectiva de xénero de xeito transversal no que fai a aplicación dos fondos europeos de desenvolvemento rural, e, en xeral, na aplicación dunha perspectiva de xénero transversal para todo o programa, tendo en conta que con este programa entre outras accións vai a definirse un novo marco legal que afectará a xestión do plan preventivo, de educación forestal, creación de infraestruturas de formación e preventivas -campus forestal-,

a aplicación das novas tecnoloxías para a protección dos montes coa xeración de novas profesións, etc.

PROGRAMA 561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Este programa ten como finalidade desenvolver as actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro, silvícola e da industria agroalimentaria, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Medio Rural.

O programa atenderá a incrementar as actuacións de desenvolvemento de actividades innovadoras coa participación en novos proxectos, o incremento das actuacións de desenvolvemento tecnolóxico de colaboración público-privada có tecido empresarial agrario e con centros tecnolóxicos e de investigación xunto có impulso da transferencia tecnolóxica.

En principio as destinatarias son empresas do sector, tanto industria agroalimentaria como produtores primarios do ámbito agrario. Porén dirase que a situación de partida busca "consolidar os organismos públicos de investigación agraria (OPI) e os laboratorios de servizo dependentes da Consellería do Medio Rural para que conten cos medios e co persoal cualificado para desenvolver este tipo de actividades e de incentivar o aumento da competitividade empresarial"

Trátase dun programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Segundo di a memoria, os actores executores destas accións son investigadores, tecnólogos e persoal de apoio ao I+D+i que, ou ben forman parte dos cadros de persoal dos centros de investigación da consellería, ou ben son contratados especificamente para realizar ou colaborar nestes proxectos.

Neste último caso, os procesos selectivos de persoal laboral temporal incorporan nas súas bases previsións legais que garanten unha perspectiva de xénero. Tal é o caso das comisións de selección que se constitúen seguindo o principio de paridade entre homes e mulleres. E tamén que en caso de empate, este resolverase a favor da muller no suposto de infrarepresentación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes). A medida segue a citar a Lexislación de igualdade dos anos 2004 e 2007 correspondendo a mención a vixente lei 7/2023, do 30 de novembro.

Sinálase como obxectivo en materia de igualdade de aplicación no desenvolvemento das accións deste programa acadar, de ser o caso, unha representación equilibrada de homes e mulleres en todas as categorías profesionais do persoal que leva a cabo o programa.

E indícase que este obxectivo xa se cumpre en moitas categorías profesionais onde tradicionalmente as mulleres teñen demostrado unha cualificación media superior, como é o persoal de laboratorio (analistas e auxiliares de laboratorio) e recentemente no persoal investigador, pola mellor competencia no proceso formativo académico respecto aos varóns.

Os obxectivos identificados neste programa son; Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade e Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

Na convocatoria de acceso a financiamento de proxectos de investigación eliminaranse os requirimentos que poidan establecer situacións discriminatorias por xénero. Usarase linguaxe non sexista nas convocatorias e vanse desagregar por sexo os indicadores de seguimento que se recollan.

Nas convocatorias de bolsas para a incorporación de persoal nos distintos equipos investigadores procuraranse introducir requisitos e cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na propia memoria indícase que se carece de datos sobre os programas de investigación que se financian, que permita coñecer a situación de partida dende o punto de vista do xénero. Por iso sería fundamental, como mínimo e como punto de inicio, recoller datos desagregados por sexo en todas as convocatorias que teñan como finalidade a incorporación de persoal investigador, bolseiros/as ou calquera outra categoría. Tamén se podería valorar, se non se fixo xa, a incorporación da perspectiva de xénero nas temáticas das investigacións levadas a cabo, sobre todo as derivadas do indicado para a investigación nos artigos 27, 49, 50, 179 e concordantes.

PROGRAMA 581A-ELABORACIÓN E DIFUSION ESTATÍSTICA

A participación da Consellería do Medio Rural no Plan galego de estatística 2022-2026, aprobado pola Lei 16/ 2021, do 20 de decembro, marca as actuacións en materia estatística.

Dende a consellería clasifícase este programa de gasto como un programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión, e polo tanto non procedería a súa análise dende a perspectiva de xénero, non se pode deixar de sinalar que no sector agrario, a diferencia doutros, detéctase unha importante escaseza e falta de accesibilidade a datos estatísticos relativos ao papel das mulleres neste ámbito. Incluso nos casos en que existen estes datos, moitas veces a información non resulta útil para coñecer detalladamente a súa situación laboral, ao non estar desagregada por sexo ou por tipoloxía de actividade, polo que resulta complexo definir a situación real de partida de mulleres e homes nestes sectores.

De aí a importancia de ter en conta a perspectiva de xénero á hora de definir as operacións estatísticas e de recoller os datos, tendo en conta que as estatísticas con perspectiva de xénero van máis alá da desagregación de datos por sexo. Constrúense a partir de conceptos e definicións que revelan as condicións e características diferenciadas de mulleres e homes nun determinado sector, permitindo captar a situación de partida e apreciar se existen ou non diferenzas en canto ao xénero que deben ser corrixidas ou tidas en conta.

É importante sinalar que o VIII Plan Estratéxico de Igualdade 2022-2027 da Xunta de Galicia, recolle na liña de actuación 9.1.7 a realización e e difusión de estudos sobre a situación das mulleres e mellora da elaboración e utilización de datos estatísticos e indicadores de xénero, da que son responsables todos os departamentos da Administración xeral e entes adscritos. Para o ámbito 4 de indicadores o plan desprega 13 puntos de gran interese que se recomenda activar.

PROGRAMA 711A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL

Segundo se indica na memoria, o obxecto deste programa de gasto é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos da área do medio rural da Consellería, tanto no que atinxe aos medios humanos como aos materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería e co obxectivo de acadar unha maior calidade, eficacia e eficiencia na prestación de servizos públicos á cidadanía en xeral e, dun xeito particular, ás persoas vinculadas social e economicamente ao medio rural en Galicia.

Entre as actividades que se van a financiar sinálanse a adecuación de locais e instalacións, e renovación de medios materiais para o desenvolvemento das funcións do persoal da Consellería, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a divulgación do sector agropecuario e forestal. O programa financia a xestión de persoal, implantación da administración electrónica, coordinación de servizos etc.

Por iso, aínda que a consellería clasifica este programa como destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión, e polo tanto non procedería á súa análise dende a perspectiva de xénero, non se pode perder de vista que, do mesmo xeito que se indica no apartado anterior, os estudos e investigacións que se leven a cabo deberían incorporar e ter en conta a perspectiva de xénero, xa que do contrario, sen coñecer a situación real e diferente de mulleres e homes nos sectores que se estean a estudar non se poderá ofrecer unha visión exacta do sector do que se trate. Como tampouco se poderá levar a cabo dun xeito adecuado a "divulgación e promoción dos sectores agropecuario e forestal de Galicia, estimulando a demanda, a divulgación do medio rural en xeral, mellorando a percepción que a poboación ten do mesmo", que é outro dos obxectivos que se marcan dentro deste programa de gasto.

Isto é aínda máis evidente cando se trata das actividades de que afectan desde a accións nas infraestruturas, nas investigación, na capacidade organizativa a través dos Grupos de Desenvolvemento Rural, na participación en proxectos europeos, etc., e sendo o destinatario toda a poboación do rural. É importante incorporar a perspectiva de xénero para lograr unha mellor participación feminina na toma de decisións, e nas políticas derivadas deste programa, sobre todo aquelas financiadas por fondos europeos.

PROGRAMA 712A-FIXACION DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL

O programa busca contribuír de forma eficaz á diversificación económica, á modernización do tecido produtivo rural, á implantación de medidas de recuperación e posta en valor da terra agraria e á mellora da calidade de vida, abarca desde planificar, xerar programas de actuación integral, implantar novos instrumentos de recuperación da terra abandonada, investigacións, a xestión de bancos de terra, etc. No que fai ao informe cómpre destacar que o punto de partida ten en consideración que a contribución ao reforzo do tecido social, ten que prestar "especial atención ao papel da muller no rural, non só dende o ámbito social senón tamén dende o ámbito socioeconómico"

Busca promover o emprego agrario, e promover outros sectores económicos para reverter o despoboamento e o envellecemento da poboación; indicando que o futuro do sector agrario –entendendo por tal o conxunto integrado polo sector agrícola, gandeiro e forestal- pasa pola implementación de producións sustentables, baseadas no respecto medioambiental, igualmente procurará a implantación de servizos públicos no rural galego amósase como un factor fundamental de desenvolvemento e un requisito para facer do rural un lugar atractivo.

Trátase dun programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres, que utiliza fondos europeos, e que pretende a incorporación da transversalidade na actuación xeral do departamento, a participación das mulleres no desenvolvemento rural e realizar accións dirixidas a prevención e loita contra a violencia de xénero.

O programa de gasto inclúe, as seguintes actuacións importantes en clave de xénero:

- Desenvolvemento económico do rural sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado.

- Mellora da calidade de vida, creación e consolidación de dotacións, equipamentos, infraestruturas e servizos básicos.

- Investimentos no rural.

- Desenvolvemento dixital e sostible do rural.

- Coordinar actuacións públicas na ordenación e xestión do territorio rural.

Todas estas actuacións poden ter un impacto positivo na calidade de vida das mulleres do rural, aplicando a transversalidade recollida no programa.

Na memoria indícase que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), mediante as súas liñas de axudas, apoia dun xeito transversal as iniciativas das mulleres no rural.

Actualmente a Axencia galega de desenvolvemento rural non desenvolve actividades directamente relacionadas coa promoción da igualdade entre homes e mulleres.

Sen embargo, o apoio ao colectivo de mulleres queda patente nas convocatorias de axudas que xestiona a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dirixidas a apoiar os sectores produtivos non agrícolas.

En particular, as liñas de axudas a proxectos de investimento en actividades non agrícolas incorporan como criterio de valoración os proxectos promovidos por mulleres, tanto na súa condición de persoas físicas suxeitas ao Réxime Especial de Traballadores Autónomas (RETA), como na súa condición de socias, accionistas ou partícipes de persoas xurídicas, nunha porcentaxe igual ou superior ao 50%.

Do mesmo xeito, e desde o punto de vista do emprego por conta allea, prímase igualmente como criterio de valoración as iniciativas empresariais que comprometan a creación de emprego feminino, esixíndose un compromiso de permanencia de tres anos.

Polo tanto, valóranse con carácter preferente sobre o resto dos proxectos que optan a axuda no marco destas liñas de axuda, tanto os proxectos promovidos por mulleres como aqueles outros que comprometen a creación de emprego no citado colectivo.

PROGRAMA 712B-MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL

Este programa de gasto trata de apoiar a reestruturación dos sistemas produtivos para mellorar a súa competitividade, fomentando o relevo xeracional nas explotacións agropecuarias galegas e establecendo medidas complementarias de apoio á renda en zonas con dificultades especiais. Adicionalmente, resulta imprescindible ofrecer apoio a aquelas posibilidades que permiten unha mellora na calidade de vida no rural, como pode ser o establecemento de servizos de substitución.

Así, está previsto financiar investimentos nas explotacións dirixidos a mellorar a súa eficacia produtiva; indemnizacións aos agricultores e agricultoras que residan en zonas onde a actividade agraria presenta dificultades especiais e o apoio a sistemas produtivos respectuosos co ambiente. Tamén financia os programas de asesoramento, xestión e substitución as explotacións agrarias, así como a contratación de seguros agrarios para cubrir os danos que se poidan producir motivados por desastres naturais.

Trátase dun programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Dende o punto do xénero salientar que coas axudas a determinado tipo de agricultoras/es polas condicións nas que están a desenvolver a súa actividade produtiva, este programa trata de fixar poboación nas zonas rurais desfavorecidas de acordo a criterios xeomorfolóxicos e sociais.

Este tipo de zonas presentan unha menor integración da muller no mercado laboral. A incorporación da perspectiva de xénero nos proxectos do programa supuxo:

• O fomento da integración da muller no mercado laboral a través da discriminación positiva no procedemento para a adxudicación por concorrencia competitiva, das axudas a mulleres que sexan titulares de explotacións mediante a preferencia nos baremos.

• A desagregación por sexo dos indicadores en todas as actuacións.

• A discriminación positiva ás mulleres pola súa participación maioritaria nos consellos directivos das entidades asociativas (Coop e SAT).

Todas as accións deste programa de gasto, excepto as correspondentes aos seguros agrarios, enmárcanse no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, en adiante PDR, que constitúe unha actuación global sobre toda a sociedade do ámbito rural, primando a equiparación do acceso ao sector agrogandeiro entre homes e mulleres.

É positivo que dentro das actuacións de asesoramento as explotacións agrarias establécese como obrigatorio o asesoramento en materia de seguridade laboral e de igualdade de xénero como forma de potenciar o acceso da muller en igualdade de condicións á titularidade das explotacións nas que tradicionalmente viñan traballando sen que súa actividade fose recoñecida en igualdade de condicións.

E dende a rede de oficinas agrarias comarcais de Xunta informarase ás mulleres do rural das posibilidades que as distintas convocatorias de axudas lles ofrece para a súa incorporación ou ben como titulares de explotación a título individual ou coa titularidade compartida co seu cónxuxe en réxime de igualdade.

O programa incide en accións positivas as que recoméndase facer un seguimento para ir mellorando a acción positiva no ámbito do programa.

PROGRAMA 712C-FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACION DA TECNOLOXÍA AGRARIA

O asociacionismo agrario contribúe a unha mellora da rendibilidade, aparte de reportar grandes beneficios na vertente social en canto a calidade de vida, traballo e creación de

emprego. É un impulsor do desenvolvemento rural no seu conxunto, e gran dinamizador da economía e da sociedade rural, contribuíndo de forma efectiva a súa fixación no medio.

Este programa é un programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Mantense neste programa que as bases reguladoras das axudas que se convoquen no marco deste programa de gasto, valorarase como feito diferenciador positivo: ser muller, formar parte dunha sociedade ou cooperativa con máis do 50% de mulleres ou que a entidade teña un consello reitor con máis dun 40% de mulleres. Valórase ademais, non só a presenza das mulleres nas entidades asociativas, senón tamén a súa presenza en cargos directivos.

Mantense igualmente a realización de actividades promocionais para favorecer non so a incorporación das mulleres como socias dunha entidade senón que se incorporen aos órganos de dirección, para que non só realicen unha actividade agraria, senón que tomen contacto co mundo empresarial agrario participando na xestión directa da súa entidade, e non só na fase de produción, dando un paso máis na valorización do traballo das mulleres e a súa imaxe de cara a sociedade.

Convén sinalar neste punto que o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 insiste na importancia do asociacionismo feminino do rural. Non cabe dúbida que a participación social está vinculada a valores democráticos e cívicos, e, en concreto, a participación das mulleres a través do asociacionismo feminino constitúe unha ferramenta para o seu apoderamento persoal pero tamén colectivo, como estratexia de construción da igualdade entre mulleres e homes. Xa que logo, cómpre seguir impulsando o asociacionismo e a participación noutros espazos emerxentes de participación cidadá e garantir o relevo xeracional, para a mellora da posición das mulleres nas distintas dimensións. Precísase, ademais, contribuír á cohesión asociativa e seguir avanzando na "sororidade", a solidariedade e apoio mutuo que vén demostrando o asociacionismo galego a través de redes de colaboración que dan continuidade ao traballo pola igualdade.

A presenza de mulleres en espazos de poder e decisión está lonxe de ser semellante á dos homes, por iso é importante fomentar o seu liderado.

PROGRAMA 713B-ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAIS

O programa ten como obxectivo a conservación e fomento dos recursos forestais, sustentabilidade da xestión forestal, aproveitamentos; fomento da agrupación de propietarias e propietarios forestais, mellora e conservación da saúde e vitalidade dos bosques; así como fomento e mellora da produción forestal.

As accións a levar a cabo con este programa perseguen reforzar o potencial forestal dos montes galegos tanto nos seus aspectos medioambientais, como nos produtivos.

O programa defínese na memoria como "Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres" e "Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)"

O programa indica que desde a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal estudarase a adopción de medidas para fomentar a integración das mulleres no mercado laboral. Polo que sería importante dispor de datos desagregados por sexo relativos á titularidade das terras para poder realizar unha análise completa do impacto de xénero.

Dende a Consellería, recoñécese na memoria que aínda que as mulleres rurais galegas veñen experimentando cambios importantes na súa calidade de vida, seguen a experimentar unha situación de desigualdade derivada da situación demográfica do medio rural (despoboación e dispersión que dificultan, por exemplo, a conciliación), das especiais características económicas e do tecido industrial do rural e das diferenzas na participación laboral de mulleres e homes. Por todo iso, tratarase de adoptar, dentro das actuacións que se desenvolven no marco deste programa de gasto, medidas específicas para favorecer a integración das mulleres no mercado laboral.

Recoméndase recoller para este programa indicadores de xénero.

PROGRAMA 713C-IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES

Este programa destínase a fomentar o control leiteiro, para avaliar a calidade produtiva dos animais, e promocionar a mellora xenética, como sistema básico para incrementar a rendibilidade das explotacións, así como fomentar a utilización dos recursos zooxenéticos autóctonos.

A produción agropecuaria representa o activo principal da actividade económica rural, medida tanto en PIB como en emprego. Neste sentido resulta un elemento clave na fixación da poboación no medio rural.

A produción agropecuaria moderna require da aplicación de enfoques sustentables orientados á produción de alimentos de calidade diferenciada que satisfagan a demanda dun mercado plural, esixente e competitivo. Por outra parte, a potenciación das producións alternativas a pequena escala é básica para apoiar a diversificación das actividades agropecuarias e ofrecer a posibilidade de obtención de rendas complementarias a agricultores a tempo parcial.

O programa está sinalado coma destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión. Porén, dado que a produción leiteira é o sector maioritario en canto á participación de mulleres como xefas de explotación, podemos entender que as medidas e actuacións recollidas neste programa terán especial interese para a economía deste

importante sector de mulleres rurais. Cómpre segregar por sexo os indicadores de alcance destas intervencións para elaborar un informe de impacto con fundamento e a implantación de medidas específicas orientadas a reducir as desigualdades entre mulleres e homes no rural. Tamén cómpre ter en conta que as medidas de colaboración con centros públicos de investigación terán que ter en conta a protección da igualdade entre o persoal de investigación relacionado coa conciliación e o respecto dos dereitos laborais ante a maternidade e os coidados a terceiras persoas dependentes. Recoméndase neste sentido que sexan aproveitadas as medidas europeas para a protección da igualdade no ámbito agrícola e gandeiro mediante o uso dos fondos públicos europeos.

PROGRAMA 713-D-MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCIÓN AGROALIMENTARIA

Dentro deste programa de gasto promóvese a comercialización dos produtos agroalimentarios galegos, a través da defensa do prestixio da produción agroalimentaria de Galicia, da promoción dos produtos de calidade e no aumento da cota de participación destes produtos no conxunto da produción alimentaria galega.

Outra das prioridades estratéxicas será abrir novos mercados, e para isto establécense liñas de apoio á accións de promoción e comercialización realizadas por empresas individuais ou conxuntas dirixidas a apertura de mercados nacionais e internacionais.

Entre as actividades previstas atópanse as propias de apoio á calidade diferenciada, a mellora da comercialización das produción. Apoio a funcionamento dos consellos reguladores das denominacións de calidade, e apoio co control do cumprimento dos requisitos legais sobre calidade comercial da produción alimentaria. Por isto, é importante incorporar a perspectiva de xénero proposta no artigo 61 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia cando di que é necesario realizar accións formativas e de difusión que promovan o acceso das mulleres a novos empregos de innovación ecolóxica e ás tecnoloxías emerxentes con baixo impacto ambiental no rural; ou que é necesario potenciar a conservación dos saberes tradicionais das mulleres sobre a explotación agraria sustentable a través do fomento do emprego neses ámbitos. E que hai que promover a participación das asociacións de mulleres na adopción de decisións no campo das políticas sobre recursos naturais.

Trátase dun programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

Non se conta con datos específicos desagregados por sexo sobre a titularidade das explotacións, polo que non é posible facer unha apreciación exacta do impacto de xénero do proxecto. Información que se recomenda obter a través do programa 581A.

Si se pode valorara como positivo que a propia memoria recoñece que é frecuente que nas campañas publicitarias de calquera ben de consumo se utilicen estereotipos que

asignan roles diferenciados aos homes e ás mulleres. Nas accións promocionais realizadas con financiamento deste programa velarase porque isto non suceda, de xeito que se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

Recoméndase por tanto obter información desagregada por sexo, e incorporar a este programa indicadores de xénero en relación ás asociacións de mulleres, aos produtos artesanais alimentarios realizados a través dos saberes tradicionais da muller rural, etc.

PROGRAMA 713E-BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL

O programa trata de incrementar a rendibilidade das explotacións mediante a loita contra os axentes nocivos, o control da calidade e a seguridade alimentaria das producións e reducindo ao mínimo o seu impacto no medio de tal xeito que sexan debidamente tratados os residuos e se garanta unha calidade sanitaria para as persoas consumidoras. Sendo o subsector gandeiro o primeiro aporte á produción final agraria galega, razóns de tipo socioeconómico e sanitario obrigan a poñer en marcha programas que permitan diminuír as perdas económicas causadas polas enfermidades animais, protexendo a saúde pública e evitando a transmisión destas enfermidades, tanto ás persoas que conviven cos animais como ás consumidoras e consumidores dos produtos de orixe animal. O obxectivo final é acreditar o estado sanitario da totalidade da cabana de vacún, ovino e cabrún e a extensión dos programas sanitarios ao porcino, aves, sector apícola e visóns.

A sanidade vexetal constitúe igualmente un eixe fundamental na política sanitaria agraria. A prevención das pragas vexetais por medio das campañas de prospección obrigatoria e a loita contra pragas coa destrución do material vexetal afectado conforman o primeiro grupo de accións, que se completa co apoio ás agrupacións de produtores para obter servizos de asesoramento cara a sistemas agrarios sustentábeis na mellora da sanidade dos seus cultivos e no cumprimento e certificación dos estándares existentes.

As actuacións no marco deste programa apuntan como beneficiarias últimas ás persoas agricultoras e gandeiras galegas con actividade produtiva a tempo completo ou parcial.

A pesar de que se indica que é un programa destinado exclusivamente a actividades administrativas, o feito de que se ocupe das estratexias e accións de xestión de servizos veterinarios; a promoción da produción agrícola e gandeira ecolóxica, ou o uso de unidades móbiles para a xestión das actividades propias do programa recoméndase incorporar datos de xénero co fin de poder analizar en vindeiros orzamentos se existe ou non algunha desigualdade de xénero que sexa necesario protexer a través deste programa, tendo en conta a nova lexislación vixente de igualdade (Lei 7/2023, do 30 de novembro) e que o VIII Plan estratexico de Galicia para a Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 22-27 establece un amplo nº de indicadores no ámbito 4. Igualdade de Oportunidades para as Mulleres Rurais e do Mar.

PROGRAMA 713F-REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS AGRARIAS E APOIO A RENDA DOS AGRICULTORES

Este programa ten por obxecto a realización das accións previstas nos diversos réximes de apoio establecidos na Política Agraria Común (PAC), no marco da reforma do PE PAC 23-27.

No marco da PE PAC 23-27 tense instrumentado un novo modelo de axudas directas da Política Agrícola Común que veu a substituír ao modelo do denominado pagamento básico. O modelo articúlase en torno á axuda básica á renda (apoio á renda do agricultor activo baseado en dereitos de pago que se deben activar sobre unha superficie admisible), o pago redistributivo da axuda básica, os ecorreximenes (pago por realizar prácticas beneficiosas para o clima e o medio ambiente), pago a persoas agricultoras mozas e outros pagos acoplados.

Segundo o documento do FEGA –"Análisis de la edad y el sexo de los perceptores, a nivel nacional y por comunidades autónomas"– amosa que no exercicio 2020 as mulleres que recibiron axudas directas da PAC foron 12.739, o que representa máis do 55,3 % do total de 23.027 beneficiarias/os.

A ficha indica que é un programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres, e que entre os obxectivos en materia de igualdade presentes está o de transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade, así como o de participación das mulleres no desenvolvemento rural.

PROGRAMA 741A-APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL

No marco deste programa de gasto trátase de apoiar con carácter xeral os procesos de transformación e comercialización dos produtos agrarios e, en particular, aqueles que contribúen á adaptación ao cambio climático.

O programa cualifícase como non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.

O programa está destinado a financiar investimentos en instalacións industriais agroalimentarias, co obxectivo final principal de facilitar a saída comercial ás producións agrogandeiras galegas, polo que é unha medida de gran relevancia para o desenvolvemento rural.

Este tipo de instalacións tamén son xeradoras de emprego directo e contribúen ao desenvolvemento socio-económico do territorio onde se sitúan. Non se conta con datos desagregados por sexos sobre ocupación nas industrias agroalimentarias galegas nin sobre a titularidade destas empresas. Como en calquera programa deste tipo, pode haber un

impacto diferenciado entre homes e mulleres na medida en que a porcentaxe de homes titulares de explotacións agropecuarias e de instalacións agroindustriais é superior ao de mulleres.

Na memoria indícase que non é posible establecer medidas de acción positiva. No caso das explotacións agrícolas, por ser beneficiarias indirectas da medida, e no caso das instalacións industriais, porque os criterios de priorización están predeterminados no PDR de Galicia, e non contemplan ningún tipo de priorización para as empresas de titularidade de mulleres.

Como en programas anteriores recoméndase ter en conta as novas medidas para implantar a perspectiva de xénero no rural, nas empresas, a promoción do empresariado feminino, tal como o recolle a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia e o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo

E01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e

OO01 - Axudas a investimentos produtivos nas explotacións agrarias para adaptarse ás novas necesidades e lograr a modernización integral

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P180.H	Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación comotitulares en explotacións agrarias. Homes	190,0	Nº
P180.M	Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación comotitulares en explotacións agrarias. Mulleres	125,0	Nº

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P380.H	Agricultores beneficiados. Homes	103,0	Nº
P380.M	Agricultores beneficiados. Mulleres	97,0	Nº

E03 - Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomento da xestión forestal sostible. Optimizar a gobernanza do monte e a mobilidade

OO02 - Fomentar sistemas de xestión forestal conxunta con especial atención ás SOFOR e outras agrupacións de propietarios.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H	Persoas beneficiadas (homes)	38.750,0	Nº
P342.M	Persoas beneficiadas (mulleres)	38.750,0	Nº

Conclusións:

Moitas das actuacións que se pretenden levar a cabo dentro dos distintos programas da consellería poden ter un impacto positivo dende o punto de vista de xénero e neste sentido valórase positivamente que se trate de integrar o principio de transversalidade de xénero na súa xestión. Aínda así, hai marxe para a mellora e existen programas de gasto clasificados como de mera actividade administrativa e de xestión aos que tamén se pode incorporar a perspectiva de xénero, o que sen dúbida redundará de forma positiva nos seus resultados.

Tamén se valora favorablemente que se establezan medidas de acción positiva a prol das mulleres, nalgunhas das convocatorias de axudas que se prevé xestionar.

E que se trate de potenciar a participación das mulleres nos organismos de representación profesional pertencentes ao ámbito sectorial do departamento, procurando unha presenza máis equitativa.

Lémbrase de todos os xeitos, tal e como ademais se recoñece na propia memoria da consellería e noutros documentos e informes do departamento que a carencia de datos, e de datos desagregados por sexo, é unha eiva importante á hora de deseñar e planificar con eficiencia e eficacia calquera tipo de actuación que se pretenda levar a cabo. Recoméndase incrementar a perspectiva de xénero no programa de estatísticas da Consellería.

Con relación ao VIII Plan Estratéxico de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, as actividades recollidas neste plans de actuación corresponden coas atribucións asignadas a esta Consellería ao longo das liñas de actuación nas que está incluída.

IV.13. CONSELLERÍA DO MAR

De acordo co disposto no artigo 1 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificado polo Decreto 210/2022, do 1 de decembro e polo Decreto 149/2024, do 20 de maio, esta é o órgano da Administración galega á que lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno en relación a ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores e demais organizacións e asociacións dos/as profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe e ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, salvamento marítimo, loita contra a contaminación e planificación e actuacións portuarias, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

PROGRAMA 422K-ENSINANZAS PESQUEIRAS

O programa 422K persegue garantir o funcionamento básico e a continuidade da oferta pública de calidade das ensinanzas náuticas e marítimo-pesqueiras nas súas diversas modalidades de formación non regrada marítimo-pesqueira e dos seguintes ciclos regrados de formación profesional específica: ciclo medio de navegación e pesca de litoral, ciclo superior en transporte marítimo e pesca de altura, ciclo medio de mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións, ciclo superior en organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións, ciclo medio en cultivos acuícolas, ciclo superior en acuicultura e ciclo medio en operacións subacuáticas e hiperbáricas.

A formación náutica e marítimo-pesqueira, impartida nos portos, confrarías e nos centros de ensino da consellería, ten como finalidade a adecuación das ensinanzas as necesidades demandadas polo mercado laboral, a obtención dun emprego estable e de calidade e o aumento das condicións de acceso aos distintos sectores de produción, de extracción e servizos que xera o mundo da pesca, da acuicultura e do mergullo, alén de apoiar a remuda xeracional no mundo marítimo-pesqueiro.

As mulleres distan de atoparse en situación de igualdade cos homes no ámbito profesional do sector náutico-pesqueiro. A poboación traballadora do sector do mar é eminentemente masculina, polo que a maioría de persoas que acceden á formación regrada e non regrada son homes. É preciso seguir reforzando esta traxectoria para ampliar as oportunidades de acceso das mulleres á formación da familia náutico-pesqueiro.

Informar que as mulleres teñen unha bonificación do 25 % nas taxas dos prezos públicos na matrícula dos cursos de especialización en materia de seguridade, supervivencia e loita contra incendios, impartidos na Aula de Seguridade e Salvamento do centro de Ferrol, co obxecto de fomentar a igualdade de mulleres e homes no ámbito da formación da familia marítimo-pesqueira.

O programa cualifícase como "Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres" e os obxectivos de aplicación en materia de igualdade son os seguintes:

- Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento

- Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes

- Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade

- Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo

As actividades formativas prográmanse para realizarse en horarios que permitan a conciliación da vida familiar coa formación, fomentando deste xeito a participación dun maior número de mulleres.

Os horarios programados para a formación específica en marisqueo e cursos relacionados co tema, sector no que as mulleres son o grupo maioritario, establécense en horario de tarde. Con esta medida conséguese que poidan exercer a súa actividade profesional e tamén familiar que é pola mañá, adaptándose a formación as súas necesidades.

Emprego de linguaxe non sexista nos itinerarios formativos regrados e non regrados e desagregación por razóns de xénero dos indicadores de seguimento utilizados.

A ampliación da oferta formativa da familia náutico-pesqueira, tanto nos centros de ensino dependentes desta consellería (EONP de Ferrol, EONP de Ribeira, IPMP do Atlántico de Vigo e IGAFA da Illa de Arousa), como da formación impartida nos portos galegos na que se inclúe tamén a formación para a obtención de certificados de mariscador/a, percebeiro/a e recolector/a de recursos específicos con técnicas de mergullo debe dar continuidade á traxectoria seguida ata hoxe, ampliando as oportunidades de acceso das mulleres á formación da familia náutico-pesqueira e deste xeito reducir a brecha de xénero no emprego.

Nesta mesma liña seguirase actuando, é dicir, maior oferta de cursos, para adaptarse as necesidades laborais da xente do mar e flexibilización de horarios na formación para adaptarse as xornadas de traballo do sector pesqueiro-marisqueiro e acuicultor.

PROGRAMA 513A- CONSTRUCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA

O obxecto deste programa é financiar os investimentos que realiza a EPE Portos de Galicia, adscrita á Consellería do Mar, xustificado na cobertura de bonificacións recollidas na lexislación e amparadas na necesidade de apoiar a diversos sectores portuarios tales como o uso do dominio público para actividades relacionadas coa extracción e primeira venda da pesca, institucións e corporacións públicas sen ánimo de lucro, actividades de interese social e cultural, ensinanza náutica e promoción das embarcacións tradicionais entre outras.

O programa clasifícase como "Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)". Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión.

Hai que ter presente que a arquitectura e o deseño dos espazos públicos non é inocua, especialmente nun caso no que a ocupación deses espazos por parte das mulleres é tradicionalmente tan escasa.

PROGRAMA 514A- INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS

A través deste programa de gasto, trátase de realizar investimentos novos nas seguintes liñas de actuación:

• Operatividade portuaria: Comprende aquelas actuacións ou dotacións relacionadas coas operacións de atraque dos buques, descarga da pesca e ao movemento de cargas dentro do porto tanto sexan produtos pesqueiros como elementos auxiliares da pesca e outros.

• Primeira venda: Comprende aquelas actuacións ou dotacións implicadas no proceso de posta no mercado dos produtos pesqueiros dentro do ámbito portuario.

• Servizos portuarios: Comprende aquelas actuacións vinculadas á prestación de servizos ás actividades pesqueiras en calquera das súas fases e necesidades.

• Rastrexabilidade: Comprende aquelas actuacións implicadas no seguimento e control da actividade e a prestación de servizos administrativos informatizados.

• Servizos ás persoas: Agrupa a aquelas instalacións e servizos que melloran a calidade das condicións de traballo dos colectivos do mar e promoven a igualdade de xénero.

• Descartes, residuos e refugallos mariños: Comprende as actuacións dirixidas á eliminación de residuos e refugallos da actividade pesqueira e aquelas dirixidas a dar cumprimento ao establecido no artigo 15 do Regulamento (UE) nº 1380/2013 e no artigo 8, apartado 2, letra b), do Regulamento (UE) nº 1379/2013.

Estas accións diríxense ao sector pesqueiro galego, con especial incidencia nos pescadores/as e mariscadores/as. Tamén atende necesidades doutros colectivos ligados ao sector pesqueiro como redeiras/os.

Inciden polo tanto nalgúns dos sectores da pesca nos que as mulleres teñen máis representación.

Así, o programa clasifícase como "programa non especialmente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres".

Na memoria, a descrición que se fai do programa desde a perspectiva de xénero indica que ata hai unha década as condicións nas que as mulleres desenvolvían a súa actividade non eran as máis axeitadas, sendo un obstáculo a superar para favorecer a incorporación ao sector pesqueiro en igualdade. Na actualidade están censadas moitas mulleres no sector extractivo da pesca e do marisqueiro; xunto con este colectivo débese ter en conta a aquelas mulleres que se dedican á compra de produtos pesqueiros, das que se carece de estudos que permitan cifrar a súa presenza nas lonxas dos portos pesqueiros.

O obxectivo en materia de igualdade de aplicación neste programa é a "igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo".

Resulta difícil determinar o número de mulleres que se poden ver afectadas polas actuacións que se van desenvolver no marco deste programa de gasto pero, segundo indica a memoria, a mellora das condicións de acceso aos equipamentos portuarios fomenta a participación das mulleres na actividade da primeira venda, ao mellorar as condicións de traballo e incorporar servizos que facilitan o desenvolvemento do traballo polas mulleres (vestiarios e servizos, locais de traballo con mellor acceso, equipos de manipulación de cargas e outros). Desde este punto de vista, o programa ten impacto de xénero positivo.

PROGRAMA 541C-PROTECCIÓN, CONTROL TÉCNICO-SANITARIO DOS PRODUTOS DO MAR, MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO E SALVAMENTO MARÍTIMO

As actividades que se desenvolven dentro deste programa de gasto teñen como finalidade a protección e seguridade das persoas e dos recursos do medio natural marítimo como espazo no que se desenvolve a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola, de xeito que constitúe non só o marco xeográfico común a estas actividades senón tamén o seu obxecto principal, posto que a conservación do medio e a preservación fronte a malas prácticas é o fundamento para a rendibilidade e a continuidade deste sector estratéxico.

O programa clasifícase como "programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres". Así, na descrición do mesmo desde a perspectiva de xénero, sinálase que dentro do desenvolvemento deste programa se contempla unha actividade de monitoreo social, concibido como un método de análise para a identificación e valorización de indicadores sociais no escenario da Remip (usuarios/as directos/as e poboación local). En todos os indicadores que se recollen está implantada transversalmente a variable de xénero, o que permitirá, segundo a memoria, obter datos relevantes sobre a situación de mulleres e homes neste ámbito. Isto é positivo e facilitará a adopción de medidas e políticas públicas axeitadas no futuro.

O obxectivo que se identifica en materia de igualdade é a "igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo".

Ademais, vaise fomentar a participación da poboación afectada polas zonas de reserva mariña (usuarios/as directos/as e poboación local) no respecto e na conservación do ecosistema mariño, promovendo que se incorpore o principio de igualdade na formulación de propostas sobre a xestión destes espazos.

Tamén contemplarase a paridade de xénero na composición do órgano de xestión, seguimento e control (OXESCO), tanto nos/as representantes das consellerías, como nos/as representantes do sector pesqueiro.

O fomento da participación feminina e a paridade de xénero nos órganos que formen parte deste programa presúmese que terá un impacto positivo desde o punto de vista do xénero. Así mesmo, sería útil e reveladora a obtención dos datos sobre a situación das mulleres neste ámbito. A este respecto, recórdase o disposto no artigo 27.1 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que establece entre outras actuacións que se levarán a cabo a de incluír sistematicamente a variable de sexo nas estatísticas, nas enquisas e nas recollas de datos que se leven a cabo. Así mesmo, no artigo 27.2 sinálase que da elaboración de todas as estatísticas e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero darase conta ao órgano competente en materia de igualdade.

PROGRAMA 561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Este programa ten como obxecto desenvolver as actividades de I+D+I no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura mariña no ámbito marítimo no que desenvolve as súas competencias a Consellería do Mar. Así, entre outras cousas, contribúe a formar o persoal investigador.

A memoria clasifica o programa como "programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres".

Este programa leva a cabo accións de investigación, desenvolvemento e innovación dirixido á sociedade galega xeral, no caso de demanda pública de investigación ou empresas que demanden colaboración ou servizos en proxectos I+D+i, polo que, segundo di a memoria, a perspectiva de xénero débese ter en conta desde o punto de vista dos actores, non das persoas beneficiarias.

Neste sentido, nas actividades relacionadas co persoal investigador é onde se aplican criterios de promoción da igualdade:

• Os procesos selectivos de persoal laboral temporal incorporan nas súas bases previsións legais que garanten a incorporación da perspectiva de xénero. Tal é o caso das comisións de selección das persoas candidatas que son constituídas seguindo o principio de paridade entre homes e mulleres.

• En caso de empate, este resolverase a favor da muller no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal cando exista unha diferenza porcentual de polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes).

Sinalar que o obxectivo de acadar unha representación equilibrada de homes e mulleres en todas as categorías profesionais do persoal que leva a cabo o programa xa se cumpre en moitas categorías profesionais (analistas e auxiliares de laboratorio e, recentemente, no persoal investigador).

En calquera caso, o I+D+i constitúe un factor estratéxico para coñecer o impacto da investigación no desenvolvemento do noso tecido económico, apostando por unha participación paritaria de mulleres e homes cara a alcanzar un sociedade do coñecemento saudable e igualitaria.

Aínda que as series publicadas polo INE mostran unha lenta pero constante mellora das condicións cara a igualdade, a propia memoria recoñece que é necesario reforzar esta traxectoria para ampliar as oportunidades das mulleres na sociedade do coñecemento.

Os obxectivos que se sinalan na memoria son a "transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade" e a "igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo".

Por outro lado, no referido aos criterios de igualdade das convocatorias de financiamento, lémbrase que a teor do VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 da Xunta de Galicia, a aplicación dos mesmos débese facer dun xeito sistemático e intenso, por exemplo, mediante criterios de puntuación automática, non só aplicables aos casos nos que se producen empates.

PROGRAMA 721A- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS

Dende este programa de gasto desenvólvense o funcionamento dos servizos administrativos da consellería.

O programa está clasificado como destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión. Non obstante, dende o punto de vista da perspectiva de xénero sería importante manter e avanzar na consecución dunha administración autonómica máis igualitaria.

Segundo os datos da Consellería de Facenda e Administracións Públicas, en xullo de 2022 o persoal da administración autonómica ascendía a 90.420 persoas, das que 65.089 eran mulleres. A pesar destes datos, no ámbito da Administración da Xunta de Galicia e o seu sector público, as mulleres ostentan 4 de cada 10 altos cargos, como titulares das consellerías, das direccións territoriais, secretarías e direccións xerais, xerencias e xefaturas de gabinete e prensa. Outras consideracións a ter en conta son, por exemplo, en que medida esta situación de maioría de mulleres na administración é sintomática dunha peor integración da muller no mercado de traballo por conta allea ou autónomo que a incentiva máis a opositar ou en que medida é consecuencia dos problemas de conciliación da vida familiar, que aínda recae maioritariamente nas mulleres. Tamén é necesario considerar que, aínda que os procesos selectivos no emprego público están rexidos polos principios de igualdade, mérito e capacidade, continúan a existir desequilibrios na composición de determinados corpos e escalas que poden deberse a razóns socioculturais que manteñen estereotipos de xénero. E no caso da carreira profesional, pode observarse un maior desequilibrio naquelas formas de provisión nas que existe maior nivel de discrecionalidade.

A Administración debe desenvolver un tratamento exemplar en canto á introdución do principio de igualdade entre mulleres e homes na súa xestión de recursos humanos, máxime nunha administración pública estatisticamente feminizada en termos xerais, malia que non a todos os niveis.

PROGRAMA 722A-PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA

Debido á dependencia dalgunhas áreas da costa da actividade pesqueira e a crecente limitación nas capturas, este programa trata de fomentar a diversificación de actividades do sector pesqueiro mediante a posta en marcha de programas de formación e fomento de actividades alternativas.

Dentro do programa considérase fundamental implementar medidas para fomentar o acceso da muller ao sector pesqueiro marisqueiro e da acuicultura, fomentar o asociacionismo entre ese colectivo e o acceso aos cargos directivos dos órganos reitores das Confrarías de pescadores. Ter isto en conta, resulta moi positivo.

A clasificación que fai a memoria do programa é "programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres". Desde a perspectiva de xénero procurarase introducir cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade, sempre que sexa posible, e tamén se procurará a realización de actividades dirixidas ao fomento dunha participación moito máis activa e relevante das mulleres no sector extractivo e fomentar a súa participación nos procesos electorais.

Os obxectivos aos que se pretende contribuír son: "igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo" e "fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial de mulleres". Para iso, as actividades previstas son: desagregación por sexo dos indicadores nos plans e prioridades do programa, fomento da creación de empresas relacionadas co sector pesqueiro e actividades relacionadas coa pesca creadas a iniciativa de mulleres e impulso da participación das mulleres no funcionamento das confrarías.

En xeral, as medidas previstas no programa terán efecto positivo na igualdade de xénero.

PROGRAMA 723A-COMPETITIVIDADE E MELLORA DA CALIDADE DA PRODUCIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA

O obxectivo deste programa é fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos.

En xeral, a través deste programa trátase de conseguir as grandes liñas de prioridade de actuación do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030. Estas son:

- Fomentar una pesca sostible.

- Fomentar unha acuicultura sostible.

Este programa clasifícase como "non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres".

Como xa se sinalou anteriormente, as mulleres están presentes en todas as actividades do sector pesqueiro e acuícola. Non obstante, polo que se refire á acuicultura, o Seguimiento sobre la situación de la mujer en el sector pesquero y acuícola, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, recolle que as mulleres supoñen o 30% das persoas nesta actividade e que o 97% das mulleres que traballan neste sector o fan en establecementos dedicados á acuicultura mariña. Tamén se indica que a miticultura é unha das principais actividades económicas da costa galega e que, tradicionalmente, as bateas teñen sido negocios familiares cun gran compoñente feminino, que as mulleres alternaban con outros traballos na agricultura ou na pesca de baixura.

A través deste programa, procurarase promover a igualdade no acceso ao emprego, nas condicións de traballo e na incorporación de mulleres ás actividades de conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños.

Tal e como establece o Regulamento (UE) 2021/1139 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, promoverase a igualdade entre homes e mulleres, a xeneralización da consideración do xénero e a integración das cuestións de xénero nas diferentes etapas da execución do FEMPA; así mesmo promoveranse as operacións destinadas a incrementar o papel das mulleres no sector da pesca. Para isto nas convocatorias valorarase positivamente que as empresas teñan un plan de igualdade ou a Certificación Galega de Excelencia en igualdade, de acordo ca Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Noutros casos, valorarase a presenza de mulleres enroladas a bordo, dirixido a fomentar a presenza feminina no mundo do mar, entre outras.

Como actividades previstas directamente relacionadas coa promoción da igualdade, sinálanse a adopción de medidas que permitan reforzar a toma de conciencia e incremento do interese das mulleres por asociarse e o fomento da participación nas organizacións profesionais, o fomento do emprendemento e a formación en I+D+I, a concesión de axudas a entidades co obxecto de desenvolver proxectos que melloren a capacidade produtiva das zonas improdutivas (que no caso dos bancos marisqueiros situados na zona intermareal inciden nas mariscadoras), o deseño de plans de igualdade e outras ferramentas e a utilización de linguaxe non sexista.

Cabe salientar que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicou o Plan para a Igualdade de xénero no Sector Pesqueiro e Acuícola 2021-2027. A estratexia de igualdade céntrase en tres temáticas fundamentais: a consecución da plena incorporación das mulleres ao sector, a mellora das condicións laborais que afectan aos profesionais do mar e a participación efectiva das mulleres nos órganos e procesos de toma de decisión a través do reforzo do asociacionismo e liderado.

Preténdese que o programa siga loitando pola redución da fenda de xénero, incluíndo accións que se dirixen a promover a presenza das mulleres no tecido empresarial

pesqueiro a través das mellora da formación ou o acceso á creación de empresas. Tamén se prevé que coa mellora da conservación e xestión das zonas marisqueiras, se produza un incremento nas rendas das traballadoras, na súa maior parte, mulleres.

Valóranse de xeito positivo, en xeral, as accións e obxectivos que se seguen neste programa.

PROGRAMA 723B-REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA

O obxectivo deste programa é fomentar todas aquelas actividades que repercutan favorablemente no consumo de produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura e polo tanto, repercutan na mellora da súa comercialización e que valoricen esta actividade. Isto farase a través de accións tales como: programas de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos e en conserva nas dietas infantís e xuvenís dos nenos e nenas de Galicia, campañas dirixidas a mellorar a imaxe dos produtos da pesca ou a certificación da calidade, entre outras.

O programa defínese como "non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres".

Os obxectivos aos que se pretende contribuír son: "Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento" e "Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo". Para isto, as actividades previstas son:

- Redacción de materiais e documentación nos que se inclúan valores de igualdade, pluralidade de roles e corresponsabilidade entre mulleres e homes.

- Utilización dunha linguaxe non sexista

- Nos procedementos de contratación darase preferencia ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, obtiveran Certificación Galega de Excelencia en igualdade, sempre que a súa proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

A memoria afirma que nas feiras alimentarias se fixo discriminación positiva xa que se contrataron preferiblemente cociñeiras.

Non obstante todo o anterior, a memoria sinala que para o programa é fundamental apoiar a creación de organizacións de produtores, pero non establece medidas en favor da igualdade na participación das mulleres nestas organizacións. É importante recordar neste punto que unha das liñas de actuación do VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade

de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 é contribuír a participación social, ao apoderamento e á visibilización das mulleres rurais e do mar.

PROGRAMA 723C-DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE ZONAS DE PESCA

O obxectivo deste programa é promover unha economía azul sostible nas zonas costeiras e dar resposta aos desafíos concretos do desenvolvemento económico e social das comunidades das zonas de pesca, mellorar a competitividade de PEMES e abordar outros retos da Política Pesqueira Común (PPC) como poden ser o cambio climático ou a creación de emprego.

Para iso, realízanse, entre outras, as seguintes actividades: convocatoria anual de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias aprobadas para o desenvolvemento local das zonas pesqueiras, mellora da competitividade de pequenas e medianas empresas, promoción dos produtos da pesca e acuicultura, fomento do benestar social e do patrimonio cultural e medioambiental, mellora da formación e promoción do intercambio de experiencias e cooperación e reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local.

A teor do anterior, o programa cualifícase como "non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres". Así, prevese que en todas as fases de execución do FEMPA (Programa operativo 2021-2027 do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura) se promoverá a igualdade de xénero, a inclusión, a igualdade de oportunidades e a non discriminación.

Os obxectivos aos que se pretende contribuír son: "incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento" e "igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo".

En concreto, sinálanse os posibles efectos do programa: promoción de proxectos por parte de mulleres vinculadas co sector da pesca, creación e mantemento de emprego feminino nas zonas pesqueiras e mellora da formación das mulleres do sector da pesca.

Valóranse positivamente as intencións do programa, aínda que non se sinalan medidas concretas para acadar os fins sinalados, como si se fai noutros programas da mesma consellería.

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo

E04 - Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimice os impactos do cambio climático e

OO05 - Apoiar a consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, incluída a transferencia de coñecemento.

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
DE040H	Persoas-ano participando en labores de Xestión do Fondo FEDEER, cuxo salario é cofinanciado co Fondo FEDER (Hom	1,0	Persoas/ano

OO09 - Cooperación e intercambio de experiencias, promoción do patrimonio e dos produtos da pesca e acuicultura, dinamización, mellora da

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P398.H	Empregos creados (homes)	4,0	Nº
P398.M	Empregos creados (mulleres)	4,0	Nº
P399.H	Empregos mantidos (homes)	4,0	Nº
P399.M	Empregos mantidos (mulleres)	4,0	Nº

E05 - Mellorar a calidade e resultados do ensino relacionado coas actividades agroforestais e marítimo-pesqueiras para facilitar a incorporación

OO01 - Desenvolver os cursos e os módulos profesionais náutico e marítimo-pesqueiro nos portos e nos centros de ensino oficiais

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	2.565,0	Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	1.060,0	Nº

OO02 - Impulsar accións complementarias á formación dentro do Plan Integral de Formación Marítimo-Pesqueiro de Galicia

INDICADOR		Valor Previsto	Unid. Medida
P033.H	Alumnado beneficiario por bolsas. Homes	2,0	Nº
P033.M	Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres	2,0	Nº

Conclusións:

En xeral, prevese que os programas de gasto da Consellería do Mar teñan un impacto positivo desde o punto de vista do xénero, xa que se van promover proxectos de mulleres vinculadas co sector da pesca e tamén se van implementar medidas para fomentar o acceso da muller ao sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura.

Tamén se vai fomentar o asociacionismo feminino no sector da pesca así como o acceso das mulleres aos cargos directivos de distintos órganos participativos para conseguir unha presenza máis equitativa.

Aumentouse a oferta formativa da familia marítimo-pesqueira, tanto nos centros dependentes da consellería, como da formación impartida nos portos, como da formación para a obtención de certificados de mariscadora ou de percebeira co obxectivo de ampliar as oportunidades de acceso das mulleres á formación e deste xeito reducir a brecha de xénero no emprego no sector da pesca.

Vanse desenvolver actuacións enfocadas á creación e mantemento do emprego feminino nas zonas pesqueiras.

Ademais, coa mellora da conservación e xestión das zonas marisqueiras pódese prever que se produza un incremento nas rendas das mulleres.

Por outro lado, na execución dos programas de gasto, haberá que ter en conta que o ámbito de intervención 4 do VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 da Xunta de Galicia é a "Igualdade de oportunidades para as mulleres rurais e do mar". O reto que enfronta é eliminar os obstáculos que representan unha dobre discriminación para as mulleres rurais e do mar e facilitarlles o acceso aos recursos necesarios para a súa autonomía nos distintos ámbitos. Para iso, establécense 4 liñas de actuación: apoiar a autonomía económica e a mellora das condicións laborais das mulleres rurais e do mar, contribuír á participación social, ao apoderamento e á visibilización das mulleres rurais e do mar, reforzar os mecanismos de prevención e protección fronte a violencia de xénero nas zonas rurais de Galicia e fortalecer os recursos e impulsar a planificación e a coordinación para a igualdade de oportunidades no medio rural.

Desde o punto de vista de actuacións transversais, recórdase, en relación coa contratación pública e as subvencións, por un lado, a Lei de Impulso Demográfico de Galicia insta a utilizar, como criterios de adxudicación (non de desempate) na contratación pública criterios cualitativos, vinculados ao obxecto do contrato, referidos a políticas empresariais en materia de igualdade. Por outro lado, o citado VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027 da Xunta de Galicia sinala que: "A aplicación do enfoque de xénero ao conxunto da xestión pública debe realizarse dun xeito máis sistemático e intenso. A incorporación de cláusulas favorecedoras da igualdade de xénero no conxunto da actividade contractual e nas subvencións está, sen dúbida, cada vez máis estendida no sector público autonómico, aínda que precisa dunha aplicación máis contundente, por exemplo, mediante criterios de puntuación automática, non só aplicables aos casos nos que se produce un empate entre as ofertas."

CONCLUSIÓNS:

Neste informe de impacto de xénero realízase unha análise, dende o punto de vista da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, dos programas de gasto que integran o proxecto de orzamentos, e que inclúe naqueles programas máis relevantes dende o punto de vista do xénero unha análise dos resultados obtidos no ano anterior, coas actuacións máis importantes que se levaron a cabo.

A transversalización da dimensión de xénero nos orzamentos require un compromiso que inclúe análises, consultas e reaxustes para ter en conta as necesidades diferentes de mulleres e homes, nenos e nenas, de xeito que se poidan corrixir as desigualdades que seguen a existir en moitos ámbitos e focalizar dun xeito más eficiente a necesidade para a que se deseñou cada programa e liña de gasto.

A análise orzamentaria con perspectiva de xénero, xunto coa lexislación e outras medidas de carácter político que se leven á práctica, permiten abordar a discriminación de xénero e constitúen un paso importante para conseguir unha maior transparencia pública e unha maior eficacia e eficiencia dos recursos.

A pesar da complexidade que supón a elaboración duns orzamentos, cada vez existe mais implicación da organización e do persoal en visualizar que non hai programas de gasto neutros, e que practicamente todos os programas de gasto xa son tratados desde unha perspectiva de xénero.

A publicación da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia está tendo un efecto positivo na evolución e integración da promoción da igualdade de xénero na organización, ao incidir directamente en áreas nas que tradicionalmente a organización carecía de coñecemento para a transversalización de xénero e na que estes orzamentos queren seguir incidindo.

Así no ámbito de medioambiente e cambio climático existe unha preocupación por dar ás mulleres un papel clave na xestión da biodiversidade xa que teñen un papel crucial en campos como o da xestión da agricultura e son as responsables do control, desenvolvemento e transmisión do coñecemento tradicional, moi ligado á conservación da biodiversidade. Considérase primordial a implicación das mulleres na conservación e a sustentabilidade dos recursos biolóxicos.

En urbanismo desde o punto de vista da perspectiva de xénero, valórase o esforzo para introducir estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto; e en obter na información sobre a realidade social de partida. Tamén é importante a aplicación de dous obxectivos básicos para o avance social en materia de igualdade como son a incorporación do principio de igualdade en todas as políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda e a promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade. Tamén é importante a observación realizada pola consellería de que o urbanismo con perspectiva de xénero non é un urbanismo exclusivo das mulleres senón que ten en conta todas as etapas da vida, dende a infancia ata a vellez.

Este ano publicarase a regulamentación do Observatorio das mulleres Rurais e do Mar e dos Estatutos das Mulleres do rural e o do sector marítimo-pesqueiro. Tamén se espera a publicación da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade e o Rexistro de empresas e entidades do terceiro sector recoñecidas coa Certificación Galega de Excelencia en Igualdade para o impulso dunha cultura empresarial que facilite a igualdade.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración segue avanzando na integración en todas as axudas para o emprego en visibilizar e apoiar tanto o emprendemento como o traballo feminino con bos resultados, todos os programas neste ámbito dirixidos a persoas desempregadas ou ocupadas, e por ámbitos de ocupación teñen medidas específicas e transversais de igualdade de trato home e muller. Tamén hai que destacar que a Estratexia Galicia Retorna está correctamente transversalizada en cuestión de xénero. En materia de consumo a Escola Galega de Consumo fai un especial seguimento da publicidade e da educación para o consumo non sexista.

Presidencia a través da Secretaría Xeral de Medios ten en conta e incorpora a perspectiva de xénero nunha dobre vertente; en todas as campañas de comunicación co fomento dunha imaxe equilibrada e non estereotipada de homes e mulleres, e o uso dunha linguaxe non sexista pero tamén a través de campañas de comunicación especialmente destinadas a aplicación das políticas de igualdade. Tamén existe unha especial atención a incorporar criterios de adxudicación sociais de igualdade de trato home e muller nos procedementos de contratación. No ámbito dos programas de gastos turísticos a partir dos datos da feminización do sector se incorporan determinadas medidas para favorecer o emprego con transversalidade de xénero.

No ámbito da Presidencia tamén e preciso destacar que a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., recibiu en outubro de 2024 a acreditación que a recoñece como Empresa Igual en Xénero, mención que recibe por sexto ano consecutivo. Este organismo conta cunha Comisión de Igualdade e está representada no Observatorio Galego da Violencia de Xénero. No seo deste observatorio creouse unha comisión asesora de publicidade non sexista, onde a CRTVG ten un papel destacado.

Compre destacar que as Secretarías Xerais Técnicas de todas as consellerías están implicadas na promoción da igualdade e/ou a atención aos protocolos de protección das vítimas de violencia de xénero, acoso sexual, etc., polo que recoméndase facer visible e detallar nos programas de gastos administrativo o custe do persoal responsables destas accións por ser moi positivos para a avaliación do impacto de xénero do orzamento.

Por último, sinalar que a valoración, dende o punto de vista da integración da perspectiva de xénero e a promoción da igualdade entre mulleres e homes, do proxecto de orzamentos para o ano 2026 é positiva, en xeral, e que un orzamento sensible ao xénero permite, ademais de promover obxectivos de equidade, fortalecer a eficacia das políticas públicas, aumentar a transparencia e mellorar a calidade dos servizos públicos.